Nas montañas da loucura

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA
Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece, recomendamos o Pocketbook reader.

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuíto por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuíta no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCIÓN

Urco leva desde o seu primeiro libro anunciando a publicación inminente do volume que tes agora mesmo nas mans, mais por que non se fixo real até pasados case catro anos desde aquel día 20 de decembro de 2007 no que, coa edición de O *Corvo* de Poe nas mans e moita máis ilusión que saber facer presentamos en sociedade este proxecto? O ocorrido na nosa breve vida como editora podería ser argumento dunha historia de terror sobrenatural, con monstros, bruxas, cambiadores de formas e toda clase de elementos dignos do mellor terror materialista. Mais este tampouco é o espazo axeitado para contar historias que non saísen da máquina de escribir de Lovecraft, logo mellor deixar a cuestión onde está. O que si se pode explicar é por que desde un primeiro momento quixemos publicar esta obra, que agora está inserida nunha biblioteca de autor. Para o que escribe, que leva desde 2007 sendo o responsábel de o que publicar neste proxecto editorial, *At the Mountains of Madness* sempre foi A OBRA de Lovecraft, na que chega ao grao máximo da súa madurez como escritor de terror cósmico, probabelmente porque nela deixa de ser un escritor de terror para se converter de cheo nun escritor de ficción científica. Na introdución do volume segundo desta colección comentábase que a narrativa do solitario de Providence tivo unha evolución clara desde o terror macabro herdeiro de Poe até o terror científico, pasando por unha corrente intermedia de onirismo dunsanyniano. E ben, con esta novela situámonos en 1931, xusto un ano despois da escritura de *The Whisperer in Darkness*, que se publicou no anterior volume e do que xa se falou na correspondente introdución. Estamos nun momento en que o racionalismo e o materialismo enchoupan por completo os contos de Lovecraft, que abandona o terror polo terror na procura de algo máis, e que hai máis estarrecedor que a realidade e o que podemos tocar?

En si mesmos, os elementos que compoñen esta novela non son excesivamente novos, nin no relativo á produción anterior de Lovecraft nin no conxunto do terror sobrenatural que lle precedeu. Así, o tema da exploración antártica non é novo na literatura da época, xa que mesmo dentro da novela cítase en varias ocasións *The Narrative of Arthur Gordon Pym of Nantucket,* de Poe. Tampouco a exploración dunha cidade non humana perdida é algo novo, pois o propio Lovecraft escribiu en 1921 *The Nameless City*, que publicamos no primeiro volume desta colección e que constitúe un claro precedente da novela que se presenta aquí. Outros elementos como o protagonismo dos académicos da Miskatonic University, as referencias ao *Necronomicon*, aos shoggoths, a Cthulhu e a súa estirpe cósmica, á cidade de R'lyeh, e aos Mi-Go entre outras moitas cousas fan que *a priori* esta non sexa unha obra excesivamente orixinal. Mais que é o que fai única esta obra se a case totalidade dos elementos que a compoñen son reciclados?

O primeiro dato que se callar pode ser esclarecedor é que a obra non se publicou en *Weird Tales*, como era o habitual, pois foi rexeitada debido á súa lonxitude. Finalmente atopou o seu lugar en *Astounding,* a que naquel tempo era a *pulp magazine* de referencia dentro do campo da ficción científica. O xiro racionalista e materialista da narrativa lovecraftiana atopa o seu punto de inflexión aquí. Nesta novela deixa de haber mitos, relixións e cultos para haber historia, arqueoloxía e ciencia. O auténtico terror que destila esta novela é aquel que dá a plausibilidade dos feitos (enténdase que eran plausíbeis nos anos 30). O continente antártico era unha terra case inexplorada e sabíase que noutro tempo non fora un bloque de xeo, senón unha terra fértil e rica en vida. Logo, por que non situar alá a meseta de Leng, pasando así de ser un lugar do mundo do soño a ter unha localización no mundo real? Por que non puidera desenvolverse naquel lugar unha civilización tecnoloxicamente avanzada antes da existencia do ser humano? Se repasamos a ficción e a non ficción modernas atopamos que o recurso segue a ter validez. Sen ir máis lonxe moitas das afirmacións de Erich von Däniken (*Chariots of Gods?*) e doutros moitos seguidores da arqueoloxía ufolóxica sobre evidencias de astronautas da antigüidade son bastante máis ridículas que o argumento desta novela. E se pasamos da pseudociencia directamente á ficción, poderemos observar que a idea de que a civilización ou a vida no noso planeta foi sementada ou cultivada por entidades extraterrestres está completamente vixente no ámbito do cine de ciencia ficción recente (vid. *Stargate, Mission to Mars, Alien vs. Predator...*). Logo o que temos ante nós non é a clásica novela *pulp* dos anos 30, das que, gustemos ou non, sempre temos que tomar como tal e comprender ben o contexto para que non sexan excesivamente ridículas; senón que *At the Mountains of Madness* é unha novela de ficción científica ou terror científico completamente vixente, viva e actual, cuxa contextualización nos anos 30 do século XX, lonxe de supor un atranco para a súa comprensión, foille dando co tempo un carácter exótico e nostálxico especial, ese mesmo que tan ben funcionou en *Indiana Jones*. En resumo e para rematar aquí esta breve introdución, esta é se cadra a obra que mais anhelou publicar Urco Editora,

e que á fin ve a luz, tres anos despois do previsto, agora no contexto dunha gran biblioteca de autor. Agardamos que goces coa súa lectura igual que o fixemos nós coa súa edición. Sen máis, caro lector, vémonos no volume IV desta colección.

Tomás González Ahola
Compostela, Xullo de 2011

I

Véxome obrigado a falar, xa que os homes de ciencia negáronse a seguir o meu consello sen saber por que. Vai completamente en contra do meu desexo expor as razóns polas que me opoño a esta programada invasión da Antártida, coa súa inmensa procura de fósiles e ese enorme proxecto de furar e fundir as antigas capas de xeo. E aínda son máis reticente porque sei que a miña advertencia será en balde.

É inevitábel que dubiden da veracidade dos feitos tal como os debo revelar, xa que se suprimise o que poida semellar extravagante e incríbel non ficaría nada. As fotografías inéditas até agora, tanto as normais como as aéreas, falarán no meu favor, pois son ben nítidas e gráficas. Así e todo, pódenas pór en dúbida polo nivel ao que se pode chegar na falsificación. Os debuxos a tinta, por suposto, pódenos descartar como obvias imposturas, a pesar de que a rareza da técnica ten que sorprender e abraiar os expertos en arte.

Ao final terei que acabar dependendo do xuízo e da postura dos poucos científicos importantes que teñan, por unha banda, a suficiente independencia de pensamento para valorar os meus datos en relación aos seus propios méritos ou á luz de certos ciclos de mitos primitivos e altamente desconcertantes e, por outra banda, a suficiente influencia para disuadir o mundo dos exploradores en xeral de calquera programa temerario e demasiado ambicioso na rexión daquelas montañas da loucura. É ben desafortunado que os meus colegas e mais eu sexamos persoas relativamente descoñecidas, vinculadas só a unha universidade pequena, polo que non temos moitas oportunidades de que se nos faga caso cando estamos a falar de asuntos ben raros e de natureza tan controvertida.

Alén diso, ningún de nós é estritamente un especialista nos campos máis importantes relacionados con todo este asunto. Como xeólogo, o meu obxectivo ao dirixir a expedición da Universidade de Miskatonic era simplemente conseguir mostras de rocha e solo de zonas moi fondas en distintas partes do continente antártico, coa axuda da notábel perforadora deseñada polo Profesor Frank H. Pabodie do noso departamento de enxeñaría. Non tiña desexos de ser pioneiro en ningún outro campo que neste, mais tiña a esperanza de que o uso deste novo aparello mecánico en distintos puntos xa explorados con anterioridade podería traer á luz materiais que non se puideran obter até o momento polos métodos comúns de recolección.

O aparello perforador de Pabodie, como o público xa sabía polos nosos informes, era único e extraordinario pola súa lixeireza, portabilidade e capacidade de combinar o principio das perforadoras artesianas tradicionais co principio da pequena perforadora circular de rochas, de tal xeito que podía penetrar con facilidade en estratos de distintas durezas. Cabezal de aceiro, bielas de rótula, motor de gasolina, torre de madeira desmontábel, ferramentas de dinamitar, cordas, pa de retirada de escoura e unha tubaxe de sección para barrenas de doce centímetros de calibre que podían chegar a máis de trescentos metros de profundidade. Cos accesorios precisos, en total non supuña unha carga superior que o que podían levar tres zorras de sete cans cada unha. O que o facía posíbel era unha intelixente aliaxe de aluminio coa que estaban deseñados a maioría dos obxectos de metal. Cinco aeroplanos Dornier, deseñados especialmente para as tremendas altitudes ás que hai que voar no teito antártico e cun sistema de quecido de combustíbel e acendido rápido deseñados por Pabodie, podían transportar a expedición enteira desde a base no bordo da gran barreira de xeo até varios puntos axeitados dentro do continente, e desde eses puntos podiamos apañarnos cunha cantidade suficiente de cans.

A nosa intención era a de cubrir a maior extensión posíbel durante unha estación antártica, ou máis, se fose absolutamente necesario, operando sobre todo nos cordais e na meseta ao sur do Mar de Ross, zonas xa exploradas en distinto grao por Shacketon, Amundsen, Scott e Byrd. Cos frecuentes cambios de campamento que posibilitaban os aeroplanos, pretendíamos cubrir unha serie de distancias suficientemente grandes para que

tivesen relevancia xeolóxica e tiñamos a esperanza de desenterrar unha enorme cantidade de material, especialmente dos estratos precámbricos, dos que hai moi poucas mostras antárticas. Tamén desexábamos obter a maior variedade posíbel de material dos estratos fosilíferos superiores, xa que a historia da vida primitiva neste desolado reino de xeo e morte é da maior importancia para o noso coñecemento do pasado da Terra. É algo ben coñecido que o Continente Antártico foi tépedo e mesmo tropical nun tempo, cunha abondosa vida vexetal e animal, da cal os liques, a fauna mariña, os arácnidos e os pingüíns da zona norte son os únicos superviventes. Nós esperabamos expandir esta información en variedade, precisión e detalle. Cando unha sinxela prospección revelase signos de fósiles ampliaríamos a abertura con explosivos, coa fin de conseguir espécimes de tamaño e condicións axeitados.

As nosas perforacións, de variada profundidade segundo o prometedores que fosen os estratos superiores de rocha, había que limitalas a superficies de terra expostas ou case expostas, abas e costas fundamentalmente, xa que había unha capa de xeo de dous ou tres quilómetros de grosor que cubría as zonas máis baixas. Non nos podiamos permitir perder o tempo en furar unha zona glaciar, aínda que Pabodie argallara un sistema para introducir electrodos de cobre nas zonas perforadas para fundir así zonas concretas de xeo coa corrente eléctrica que xeraba unha dínamo de gasolina. Este plan, que non puidemos pór en práctica na nosa expedición agás dun xeito simplemente experimental, é o que teñen pensado seguir na próxima expedición de Starkweather-Moore, malia as advertencias que fixen desde que retornamos da Antártida.

O público ten coñecemento da Expedición de Miskatonic a través dos nosos frecuentes informes radiofónicos ao *Arkham Advertiser* e á *Associated Press*, e a través dos artigos que escribiu Pabodie e eu mesmo. Eramos catro homes da Universidade: Pabodie, Lake, do departamento de bioloxía, Atwood, do departamento de física e tamén meteorólogo, e mais eu, en representación da ciencia xeolóxica e co mando nominal. Tamén nos acompañaban dezaseis axudantes: sete estudantes de posgrao da Miskatonic e sete hábiles mecánicos. De entre estes dezaseis, doce sabían pilotar aeroplanos e todos agás dous eran radiotelegrafistas competentes. Oito deles sabían sobre navegación con compás e sextante, igual que Pabodie, Atwood e mais eu. Ademais disto os nosos dous barcos (antigos baleeiros de madeira reforzados para navegar entre o xeo e dotados con motores auxiliares) levaban a súa tripulación completa.

A Fundación Nathaniel Derby Pickman, coa axuda dalgunhas contribucións especiais, financiou a expedición, polo que os nosos preparativos foron ben minuciosos sen precisar unha gran publicidade. Os cans, as zorras, as máquinas, o material de campamento e as pezas desmontadas dos nosos cinco avións xuntáronse en Boston e aló se cargaron os nosos barcos. Estabamos marabillosamente ben equipados para os nosos propósitos específicos e no que se refería ás cuestións de aprovisionamento, racionamento, transporte e construción de campamento, aproveitámonos do excelente exemplo dos nosos brillantes predecesores. Foi a tremenda cantidade dos que nos precederon e mais a súa fama o que fixo que a nosa expedición, grande como era, tivese tan pouco eco polo mundo.

Tal como anunciaron os xornais, partimos da Baía de Boston o 2 se setembro de 1930, baixando tranquilamente pola costa e a través do Canal de Panamá, parando en Samoa e Hobart, Tasmania, onde fixemos un último aprovisionamento. Ningún membro da nosa expedición estivera nunca en zonas polares, polo que todos tiñamos que pór unha gran confianza nos nosos capitáns de navío: J. B. Douglas, capitán do bergantín *Arkham* e que capitaneaba toda a expedición, e mais Georg Thorfinssen, capitán da goleta *Miskatonic*, ambos os dous veteranos baleeiros das augas do antártico.

A medida que deixabamos atrás o mundo habitado, o sol afundíase máis e máis no norte e ficaba máis e máis tempo sobre o horizonte cada día. Arredor dos 62º de latitude sur avistamos os nosos primeiros icebergs, obxectos semellantes a mesas con lados verticais. Xusto antes de chegarmos ao círculo polar, que cruzamos o día 20 de outubro coas cerimonias axeitadas, xa estabamos a ter problemas cos campos de xeo. A temperatura, que baixaba día a día, molestábame bastante, tendo en conta a nosa longa viaxe polos trópicos, mais intentei aturala pensando nos rigores que aínda estaban por vir. A miúdo ficaba engaiolado observando os estraños efectos atmosféricos, entre eles un espellismo especialmente realista (era o primeiro que vira) en que os icebergs distantes se transformaron nas ameas de castelos cósmicos alén da imaxinación.

Abríndonos paso polo xeo, que por fortuna nin era moi extenso nin moi groso, chegamos de novo a mar aberto arredor dos 67º de latitude sur e 175º de lonxitude leste. A mañá do día 26 de outubro apareceu no sur o forte brillo da terra e antes do mediodía sentimos unha grande excitación ao contemplar a vasta, inmensa e nevada cadea montañosa que se estendía até onde alcanzaba a vista. Por fin atoparamos unha avanzada do gran continente descoñecido e do seu enigmático mundo de morte xeada. Aqueles picos debían ser sen dúbida o Cordal do Almirantado, que descubrira Ross, e agora tocábanos rodear o Cabo Adare e bordear a costa leste da Terra de

Vitoria até a base que tiñamos planeada, na costa do estreito de McMurdo, aos pés do volcán Erebus, a 77° 9' de latitude sur.

A última etapa da nosa viaxe fixo que a nosa imaxinación se disparase vivamente. Grandes picos desolados e cargados de misterio erguíanse de xeito interminábel no oeste mentres que no norte, o sol baixo do mediodía ou no sur o sol da media noite, máis baixo aínda, guindaban os seus neboentos raios vermellos sobre a branca neve, sobre o xeo azulado nas liñas de auga, e sobre os negros anacos de granito que había expostos nas abas. Polos desolados cumios sopraba a rachas intermitentes o terríbel vento antártico. As súas cadencias lembraban ás veces vagamente ao tocar salvaxe e medio inconsciente dunha frauta, cuxas notas se estendían en amplas modulacións e que por algún truco subconsciente da memoria me inquietaban e mesmo espertaban en min escuros terrores. Algo naquela escena lembrábame ás estrañas e inquietantes Pinturas Asiáticas de Nicholas Roerich e ás aínda máis estrañas e máis inquietantes descricións da lendaria e maligna meseta de Leng, descrita no temido *Necronomicon* do árabe tolo Abdul Alhazred. Máis adiante lamentei de verdade botarlle unha ollada a aquel libro monstruoso na biblioteca da Universidade.

O 7 de novembro, após perdermos temporalmente de vista a cadea montañosa occidental, pasamos por Illa de Franklin, e o día seguinte albiscamos os conos do monte Erebus e o monte Terror sobre a Illa de Ross, coa longa liña das Montañas Parry de fondo. No leste estendíase agora a liña baixa e branca da gran barreira de xeo que se elevaba até unha altura de máis de sesenta metros, igual que os cantís rochosos de Quebec, marcando tamén a fin da nosa navegación para o sur. Pola tarde entramos no estreito de McMurdo e arribamos á costa ao pé do fumeante monte Erebus. O cumio feito de escouras elevábase a preto dos catro mil metros de altura sobre o ceo oriental, igual que unha estampa xaponesa do sagrado Fujiyama, e tras del erguíase a branca e fantasmal mole do monte Terror, o volcán apagado de tres mil trescentos metros de altitude.

O Erebus botaba intermitentes bafaradas de fume, e un dos estudantes de posgrao, un rapaz brillante chamado Danforth, sinalou o que semellaba lava na aba nevada. Dixo tamén que esta montaña, descuberta en 1840, fora sen dúbida a imaxe que inspirara a Poe cando este escribira sete anos máis tarde:

> ... as lavas que rodan sen descanso
> coas súas sulfurosas correntes baixando o Yaanek nos climas estremos do polo,
> que xemen mentres baixan polo monte Yaanek nos reinos do polo boreal...

Danforth era un gran lector de fantasía e faláranos moito de Poe. Eu intereseime pola escena antártica da única novela curta de Poe, a misteriosa e enigmática *Arthur Gordon Pym*. Na costa estéril e na inmensa barreira de xeo do fondo, milleiros de grotescos pingüíns chiaban e axitaban as ás, mentres que un gran número de focas gordas se deixaban ver na auga, nadando ou repousando sobre enormes anacos de xeo flotante.

Tomamos terra con dificultade na illa de Ross, coa axuda duns pequenos botes, pouco despois da media noite, na madrugada do día nove. Os botes ían unidos aos barcos por un cabo, preparados para descargar provisións. O que sentimos ao pisar por primeira vez solo antártico foi moi forte e complexo, aínda que este lugar en concreto xa o pisaran antes ca nós as expedicións de Scott e Shacketon. O noso campamento na costa xeada ao pé do volcán era só provisional, os cuarteis principais estaban a bordo do Arkham. Descargamos todos os nosos utensilios de perforación, os cans, as zorras, as tendas, as provisións, os tanques de gasolina, os equipos experimentais para fundir xeo, as cámaras (tanto as normais como as aéreas), as pezas dos aeroplanos e outros accesorios, entre eles tres pequenos equipos de radio portátiles, a maiores dos que levaban os aeroplanos, que podían comunicarse co grande equipo de radio do Arkham desde calquera punto do continente antártico que quixésemos visitar. O equipo de radio instalado no barco, que se podía comunicar co resto do mundo, enviaba informes á potente estación do *Arkham Advertiser*, instalada en Kingsport Head, Massachusetts. Desexábamos rematar o noso traballo no tempo que durase o verán antártico, mais se isto non podía ser, pasariamos o inverno a bordo do Arkham, enviando o *Miskatonic* ao norte en busca de provisións, antes de que se formasen placas de xeo.

Non teño que repetir o que xa publicaron os xornais sobre o noso traballo inicial: sobre o noso ascenso ao monte Erebus, as nosas exitosas prospeccións na procura de minerais en varios puntos da Illa de Ross e a singular velocidade coa que o artello de Pabodie as realizaba, mesmo a través de capas de rocha sólida; o noso ensaio preliminar do pequeno equipo para derreter xeo; a nosa perigosa escalada da gran barreira con zorras e provisións; e finalmente o ensamblado dos cinco grandes aeroplanos no campamento que montamos na parte superior da barreira. A saúde da nosa expedición de terra, formada por vinte homes e cincuenta e cinco cans de Alasca, era notábel, aínda que en realidade aínda non nos atoparamos con temperaturas ou ventadas realmente destrutivas. A maior parte do tempo o termómetro andaba entre os 20 e os 5 graos baixo cero e a nosa experiencia cos invernos de Nova Inglaterra xa nos afixera a esa clase de rigores. O campamento da barreira era medio permanente e estaba

destinado a funcionar como centro de almacenaxe de combustíbel, provisións, dinamita e outros útiles.

Só precisabamos catro dos aeroplanos para transportar o material da exploración, o quinto deixabámolo cun piloto e un par de mariñeiros no campamento de almacenaxe para que puidese chegar até nós desde o *Arkham* en caso de que perdésemos o resto dos aeroplanos. Máis adiante, cando non necesitásemos todos os aeroplanos para nos desprazar, poderíamos empregar un ou dous a modo de servizo de transporte entre esta base de aprovisionamento e a outra base permanente que iamos estabelecer na grande meseta que se estendía a uns mil quilómetros ao sur, alén do Glaciar Beardmore. A pesar dos case unánimes informes sobre ventos e treboadas atroces que sacudían a meseta, decidimos prescindir de bases intermedias, nunha aposta pola economía e por unha maior eficiencia.

Os informes de radio xa falaron sobre o impresionante voo de catro horas sen paradas que efectuara o noso escuadrón o día 21 de novembro sobre a inmensa extensión de xeo, cos enormes picos que se elevaban no oeste e os insondábeis silencios que devolvían o son dos nosos motores. O vento non nos molestou demasiado e os nosos radiocompases axudaron cando nos atopamos cun banco de néboa mesta. Cando o terreo se comezou a elevar ante nós entre as latitudes 83º e 84º soubemos que chegaramos ao glaciar Beardmore, o val xeado máis grande do mundo. O mar de xeo deixaba lugar agora a unha liña de costa abrupta e montañosa. Estabamos entrando finalmente no mundo do máis estremo sur, branco e morto durante eóns. Moi lonxe no leste vimos o pico do monte Nansen, alzándose até a súa altura de case catro mil cincocentos metros.

O éxito na instalación da base meridional sobre o glaciar na latitude 86º 7', lonxitude leste 174º 23' e a fenomenal rapidez e efectividade das perforacións que realizou o noso equipo en distintos puntos aos que chegamos con viaxes de zorra e voos de aeroplano, son de sobra coñecidas; do mesmo xeito que o duro e triunfal ascenso ao monte Nansen que realizaron Pabodie e dous dos estudantes de posgrao, Gedney e Carroll, entre os días 13 e 15 de decembro. Estabamos a uns dous mil cincocentos metros sobre o nivel do mar, e cando as prospeccións experimentais revelaron solo sólido a só tres metros e medio baixo a capa de neve e xeo en diferentes puntos, fixemos un notábel uso do pequeno aparello para derreter xeo, barrenamos e dinamitamos varias zonas onde ningún explorador antes ca nós pensara que sacaría mostras de mineral. Os granitos e arenitos precámbricos que obtivemos confirmaron a nosa crenza de que esta meseta era semellante á gran parte do continente que se estendía cara ao oeste, mais un tanto distinta das zonas que se estendían cara ao leste, baixo América do Sur. Por este motivo pensamos que esa zona formaba un continente máis pequeno, separado do máis grande pola franxa xeada dos mares de Ross e Weddel, aínda que máis tarde Byrd negou esta hipótese.

Nalgúns arenitos, dinamitados e cicelados logo de que as barrenas revelasen a súa natureza, descubrimos algunhas marcas e fragmentos fósiles moi interesantes: grandes fentos, algas, trilobites, crinoideos e moluscos como lígulas e gasterópodos. Todos eles eran moi significativos en relación coa historia primixenia da rexión. Había tamén unha pegada triangular estriada moi estraña, duns trinta centímetros de diámetro na parte máis larga, que Lake recompuxo de tres fragmentos de lousa que obtivemos cunha voadura de profundidade. Estes fragmentos proviñan dunha zona ao oeste, preto do Cordal da Raíña Alexandra, e Lake, como biólogo, atopaba as estrañas marcas moi sorprendentes e suxestivas, aínda que para o meu ollo de xeólogo non eran moi distintos dos efectos de rizo que eran bastante comúns nas rochas sedimentarias. Xa que a lousa non é outra cousa que unha formación metamórfica que se produce ao someter a presión un estrato sedimentario, co que a presión provoca estraños efectos de distorsión en calquera marca que poida existir, non vin ningún motivo de gran sorpresa nesa formación estriada.

O día 6 de xaneiro Lake, Pabodie, Danforth, os outros seis estudantes e mais eu voamos directamente sobre o polo sur en dous dos grandes aeroplanos, e nunha destas vímonos forzados a descender a causa dun vento moi forte, que por fortuna non derivou no típico temporal. Este foi un dos varios voos de observación que realizamos, como informaron os xornais. Durante outros voos intentamos distinguir novas características topográficas en áreas ás que non chegara antes ningún explorador. Os primeiros que efectuamos foron decepcionantes neste sentido, aínda que nos ofreceron algúns marabillosos exemplos dos tan fantásticos e enganosos espellismos das rexións polares, dos que a nosa viaxe por mar xa nos amosara algúns exemplos. As montañas distantes flotaban no ceo como cidades encantadas, e a miúdo todo aquel mundo branco disolvíase nunha terra dourada, prateada ou escarlata de soños dunsanynianos e aventureira expectación baixo a maxia do sol baixo de media noite. Nos días anubrados tiñamos serios problemas para voar debido a que a terra nevada e o ceo tendían a se mesturar nun único abismo místico e opalescente sen un horizonte visíbel que os separase.

Ao final decidimos levar ao cabo o noso plan orixinal de voar oitocentos quilómetros cara ao leste cos nosos catro aeroplanos de exploración e estabelecer unha base nova nun lugar que probabelmente pertencería á parte pequena da división continental, tal e como erroneamente o concibiamos. As mostras xeolóxicas que obtivésemos

aló serían moi interesantes para poder comparalas. A nosa saúde continuaba a ser excelente, o zume de lima contrarrestaba a nosa dieta baseada en produtos envasados e salgados, e as temperaturas, normalmente non inferiores aos quince graos baixo cero permitíannos non recorrer aos abrigos máis grosos. Estabamos na metade do verán e se nos dabamos presa e andabamos con tino seriamos capaces de rematar o noso traballo en marzo, e evitarnos así unha aborrecida invernada durante a longa noite antártica. Sufrimos algunhas ventadas salvaxes do oeste, mais evitamos os danos grazas á habilidade de Atwood, que deseñou uns alpendres rudimentarios para os aeroplanos e unhas barreiras contra o ar a base de pesados bloques de neve. Tamén reforzamos os edificios principais do campamento con neve. A nosa boa sorte e o éxito foran verdadeiramente incríbeis até o momento.

O mundo exterior sabía, por suposto, do noso programa, e soubo tamén da estraña e teimuda insistencia de Lake en facer prospeccións no oeste (ou máis ben ao noroeste) antes do noso cambio radical á nova base. Semellaba que meditara moito, cunha alarmante preocupación, sobre aquela marca estriada e triangular da lousa. Semellaba que descubrira nela certas contradicións entre a súa natureza e o período xeolóxico, o que alimentou moito a súa curiosidade e fixo que lle entrasen enormes desexos de facer máis perforacións e voaduras na formación que se estendía cara ao oeste, á que claramente pertencían os fragmentos que sacaramos. Estaba estrañamente convencido de que as marcas eran a pegada dalgún organismo grande, descoñecido, completamente inclasificábel e considerabelmente evolucionado, a pesar de que a rocha á que pertencía databa dun período tan primitivo como o cámbrico, se non do precámbrico, no que non existía ningunha forma de vida evolucionada, agás a unicelular e como moito algún trilobite. Estes fragmentos coas as súas marcas estrañas debían ter entre cincocentos e mil millóns de anos.

II

O maxín da xente respondeu vivamente aos nosos informes por radio sobre a partida de Lake ao noroeste, a zonas que non pisara pé humano ningún, nin sequera na imaxinación, aínda que non mencionamos as súas esperanzas de revolucionar por completo as ciencias da bioloxía e a xeoloxía. A súa primeira viaxe para perforar fíxoa entre os días 11 e o 18 de xaneiro, na compaña de Pabodie e outros cinco. A xornada estivo marcada pola perda de dous cans ao caeren nunha fenda provocada pola presión sobre o xeo. Obtiveron moitos máis anacos de lousa precámbrica e mesmo eu amosei interese pola singular profusión de marcas fósiles nun estrato tan incribelmente antigo. Estas marcas, porén, eran de formas de vida moi primitivas, polo que non supuñan un paradoxo demasiado grande, agás pola cantidade de fósiles en rochas precámbricas. Por isto aínda non vía razoábel que Lake quixese interromper o noso plan de traballo, deseñado para aforrar tempo, unha interrupción que precisaba do uso dos catro aeroplanos, moitos homes e todos os aparellos mecánicos da expedición. Finalmente non vetei o plan, mais decidín non acompañar o grupo que se dirixía ao noroeste, malia que Lake quería que fose polos meus coñecementos de xeoloxía. No tempo que estivesen fóra eu quedaría na base con Pabodie e cinco homes para traballar nos plans definitivos para estabelecernos no leste. Como preparativo para este desprazamento, un dos aeroplanos comezara a traer reservas de gasolina desde o estreito de McMurdo, mais isto podería esperar de momento. Fiquei cunha das zorras e con nove cans, pois sería pouco prudente ficar nalgún momento sen medio de transporte naquel tan solitario mundo de morte eterna.

A pequena expedición de Lake no descoñecido, como todo o mundo lembra, enviou os seus informes desde os transmisores de onda curta dos avións, que foron recibidos no momento polo noso aparello de radio na base do sur e polo do *Arkham*, ancorado no estreito de McMurdo, desde onde se espallaron polo mundo en lonxitudes de onda de cincuenta metros. A expedición comezou o día 22 de xaneiro ás catro da mañá e a primeira mensaxe radiada recibímola só un par de horas despois. Lake contou que descendera e comezara a derreter un pouco de xeo e a perforar nun punto situado a preto de cincocentos quilómetros de onde estabamos nós. Seis horas despois recibimos unha segunda e excitada mensaxe, que nos contaba que estaban a traballar frenéticos como castores nun pequeno oco que dinamitaran e que culminara co descubrimento de varios fragmentos de lousa con múltiples marcas máis ou menos semellantes a aquela que causara o noso abraio.

Tres horas máis tarde, un breve comunicado anunciounos que volveran emprender o voo no medio dun furioso temporal. Cando enviei unha mensaxe comunicando o meu desacordo con que se arriscasen a máis danos, Lake respondeu brevemente que estes novos achados fixeran que calquera risco fose asumíbel. Comprendín que o seu grao de excitación chegara ao punto do motín e que non podía facer nada para conter este precipitado risco para ao éxito de toda a expedición. Mais non podía evitar pensar que se estaba a internar máis e máis nunha traizoeira e sinistra inmensidade de tempestades e misterios insondábeis que se estendía ao longo de máis de dous mil quilómetros até as case descoñecidas costas de Queen Mary e das Terras de Knox.

Máis tarde, en cuestión dunha hora e media, chegou aquela excitada mensaxe desde o aeroplano de Lake que case deu volta ao meus sentimentos e fixo que desexase acompañar o seu grupo:

> «10:05 P.M. Estamos voando. Após a treboada de neve albiscamos unha cadea montañosa máis alta que ningunha que viramos até agora. Pode que sexa tan alta como o Himalaia, se temos en conta a altura da meseta. Coordenadas probábeis 76º 15' de latitude e 113º 0' lonxitude leste. Esténdese até onde alcanza a vista. Vimos o que poden ser dous conos fumeantes. Todos os picos son negros e non teñen leve. O vento que sopra desde eles impide a navegación».

Despois diso, Pabodie, os homes e mais eu agardamos coa respiración contida arredor do aparello de radio. Pensar naquel titánico cordal a mil quilómetros de distancia inflamaba o noso máis fondo desexo de aventura e estabamos contentos de que a nosa expedición, xa que non nós persoalmente, fose quen a descubrira. En media hora Lake chamou outra vez:

> «O aeroplano de Moulton tivo que facer unha aterraxe de emerxencia ao pé das montañas, mais ninguén saíu ferido e semella que se pode reparar. Trasladaremos o esencial da carga aos outros tres para volver ou para futuros desprazamentos se fai falla, mais de momento non precisamos facer transporte aéreo. As montañas ultrapasan todo o imaxinábel. Vou botar unha ollada no aeroplano de Carroll, que está baleiro de carga. Non podedes imaxinar nada como isto. Os picos máis altos deben de pasar dos dez mil metros de altura. O Everest non é nada comparado. Atwood vai intentar medir a altura co teodólito no tempo que Carroll e mais eu pilotamos. Probabelmente estivese equivocado cos conos, as formacións semellan estratificadas. É posíbel que sexa lousa precámbrica con outros estratos mesturados. Recórtanse formas estrañas contra o ceo, como seccións regulares de cubos que coroan os picos máis altos. Todo é abraiante baixo a luz entre dourada e vermella do sol baixo. É como unha terra de misterio dentro dun soño ou unha entrada a un mundo prohibido de marabillas virxes. Gustaríame que estivesen aquí para estudalo».

Aínda que tecnicamente era a hora de durmir, ningún dos que estabamos a ouvir o comunicado pensamos nin un momento en ir para a cama. Supoño que o mesmo ocorrería no estreito de McMurdo, onde o campamento de aprovisionamento e o *Arkham* estaban a recibir tamén as mensaxes. De feito o capitán Douglas mandounos a todos unha mensaxe de parabén polo importante descubrimento, e Sherman, o operador da base, secundou as súas palabras. Nós lamentabamos o do avión danado, por suposto, mais tiñamos a esperanza de que se puidese arranxar con facilidade. Despois, ás 11 da noite chegou outra mensaxe de Lake.

> «Estou a voar con Carroll sobre as zonas máis altas da aba. Non paga a pena intentar ascender até os picos altos co tempo que vai, mais xa o faremos máis adiante. O ascenso dá medo, é difícil avanzar a esta altitude, mais paga a pena. O cordal é realmente compacto, polo que non se pode ver o que hai detrás. Os principais cumios superan o Himalaia e son moi estraños. Todo o cordal semella feito de lousa precámbrica, con signos claros doutros estratos posteriores. Non hai nada volcánico. Esténdese en ambas as direccións máis lonxe do que podemos alcanzar a ver. Non hai neve por riba dos seiscentos metros. Hai formacións estrañas nas abas das montañas máis altas. Enormes bloques cadrados con lados completamente verticais e liñas rectangulares de paredes verticais, igual que os vellos castelos asiáticos pegados ás abruptas montañas das pinturas de Roerich. Impresiona desde a distancia. Voamos preto dalgún e a Carroll pareceulle que estaban formados por pezas máis pequenas separadas, máis seguramente sexa efecto da erosión. Moitos dos lados semellan desgastados e arredondados como se estivesen expostos a treboadas e cambios no clima durante millóns de anos. Algunhas partes, sobre todo as superiores, semellan estar formadas dalgún tipo de rocha dunha cor máis clara que calquera outro estrato que se vexa nas abas, polo que semellan de evidente orixe cristalina. Un voo próximo amosou numerosas entradas a covas, algunhas delas estrañamente regulares na contorna, cadradas ou semicirculares. Tendes que vir investigar. Penso que vin un muro escuadrado no cumio dun dos montes. A altitude semella andar entre os nove mil e os dez mil cincocentos metros. Eu estou a seis mil cincocentos e vai un frío do demo. O vento asubía e zoa ao entrar e saír das covas, mais non hai perigo para efectuar o voo».

Lake continuou o seu informe durante outra media hora e dixo que tiña intención de escalar algún dos montes a pé. Respondín que me uniría a el en canto puidese mandarme un aeroplano e que Pabodie e mais eu traballariamos para ver como optimizar ao máximo a gasolina, visto o cambio de plans da expedición. Evidentemente, as prospeccións de Lake, igual que o uso que se ía facer dos aeroplanos habían precisar dun bo subministro de combustíbel para a nova base que tiña pensado estabelecer ao pé das montañas. Cabía a posibilidade de que despois de todo non puidésemos voar ao leste nesta estación. Chamei o capitán Douglas para falar deste asunto e pedinlle que descargase todo o combustíbel que puidese do barco e que o levase até a barreira de xeo coa axuda dos cans que deixaramos aló. Tiñamos que estabelecer unha ruta entre Lake e o estreito de McMurdo a través da zona descoñecida.

Lake chamoume máis tarde para dicirme que decidira montar o campamento no sitio onde aterrara o

aeroplano de Moulton e onde se estaban a efectuar as reparacións. A capa de xeo era moi fina e podíase ver a terra negra aquí e aló, polo que podía facer varias perforacións e voaduras nese mesmo sitio antes de organizar ninguha viaxe en zorra ou unha escalada. Falounos sobre a inefábel maxestade de toda aquela escena e das súas estrañas sensacións ao estar aló ante eses vastos e silenciosos montes cuxos cumios se erguían como unha muralla que chegaba até o ceo no bordo do mundo. As observacións de Atwood co teodólito estabeleceron a altura dos cinco picos máis altos, que ían desde os nove mil até os dez mil douscentos metros. O xeito en que o solo estaba varrido polo vento perturbaba claramente a Lake, pois supuña a existencia de prodixiosos temporais, máis violentos que calquera cousa coa que nos atopáramos até o momento. O seu campamento achábase a pouco máis de oito quilómetros desde onde os outeiros máis altos se alzaban abruptamente. Case podía verse un signo de alarma subconsciente nas súas palabras que viaxaban a través dun baleiro glacial de máis de mil quilómetros: quería que apurásemos canto antes aquí para rematar coas tarefas naquela nova e estraña rexión. Agora ía descansar, após aquel día de traballo dunha velocidade, intensidade e importancia case sen precedentes.

Pola mañá tiven unha conversa por radio con Lake e mais co capitán Douglas. Decidimos que un dos aeroplanos de Lake viría até a miña base para recoller a Pabodie, os cinco homes e a min, e a maiores todo o combustíbel que puidese cargar. O resto do combustíbel podería agardar un poucos días, en función de se decidiamos ou non facer a nosa viaxe ao leste, xa que Lake tiña abondo para o seu campamento e as súas necesidades. Era posíbel que tivésemos que abastecer o campamento do sur, mais se pospuñamos a nosa viaxe ao leste, non a habíamos precisar até o seguinte verán, e entrementres Lake había enviar un aeroplano para buscar unha ruta directa entre as súas novas montañas e o estreito de McMurdo.

Pabodie e mais eu preparámonos para abandonar a nosa base durante un período curto ou longo, segundo fose a cousa. Se pasabamos o inverno na Antártida era probábel que fósemos directamente desde a base de Lake até o *Arkham*, sen ter que pasar pola nosa base. Xa reforzáramos algunhas das nosas tendas con bloques de neve prensada, e agora decidimos dedicarnos a montar un posto permanente. Como Lake xa levara para a súa base tendas dabondo, podíanos acoller perfectamente. Comuniqueille por radio que Pabodie e mais eu estariamos listos para viaxar ao noroeste após un día de traballo e unha noite de descanso.

Porén, non rematamos o noso labor até despois das catro da tarde, hora á que Lake enviou outro dos seus comunicados excitados e extraordinarios. Comezara o seu día de traballo con mal pé, xa que no voo de recoñecemento que fixera sobre as superficies expostas de rocha non conseguira atopar traza ningunha daqueles estratos primitivos do eón arcaico que estaba a buscar e que formaba a maior parte dos colosais cumios que se erguían a unha tentadora distancia do campamento. A maior parte das rochas á vista eran aparentemente arenitos xurásicos e comanichenses, mais esquistos pérmicos e triásicos, con algunhas zonas negras e brillantes que semellaban ser algunha clase de carbón duro e estratificado. Isto case desalenta a Lake, cuxos plans artellábanse sobre o feito de desenterrar exemplares de máis de cinco mil millóns de antigüidade. Tiña ben claro que se quería dar con aquela vea de lousa na que atopara as estrañas pegadas, había ter que facer unha longa viaxe en zorra desde os outeiros até o pé mesmo dos xigantescos montes.

Porén, decidiu facer algunhas perforacións como parte do programa xeral da expedición. Para iso montou a perforadora e puxo cinco homes a traballar con ela, no tempo que os demais remataban de montar o campamento e de reparar o aeroplano danado. Escolleron a rocha visíbel máis branda, que era un arenito situado a case medio quilómetro do campamento, para tomar as primeiras mostras, e a perforadora fixo excelentes progresos sen necesidade de efectuar moitas voaduras. Foi arredor de tres horas máis tarde, após a primeira voadura realmente potente do traballo cando ouviron berrar os operarios da perforadora e cando Gedney, o mozo que dirixía a operación, chegou correndo ao campamento con novas sorprendentes.

Descubriran unha caverna. Após perforaren o arenito, chegaran a unha vea de estratos comanichenses, chea de fósiles diminutos de cefalópodos, corais, equinoideos e esporíferas, con algunhas trazas de esponxas silíceas e ósos de vertebrados mariños (seguramente teleósteos, quenllas e ganoideos). Isto en si xa era bastante importante, pois constituían os primeiros fósiles de vertebrados que descubría a expedición, mais cando pouco despois a cabeza da perforadora atravesou un estrato até o que semellaba ser unha cavidade, unha nova e dobremente intensa onda de excitación se estendeu entre os escavadores. Unha explosión ben potente deixara ao descuberto o segredo subterráneo, e agora, a través dunha boca irregular de arredor dun metro e medio de longo e medio metro de largo, abríase ante os ávidos investigadores parte dunha cova de pedra calcaria, aberta había máis de cincuenta millóns de anos polo decorrer das augas subterráneas dun mundo tropical perdido.

A cavidade do estrato non tiña máis de dous ou dous metros e medio de profundidade, mais estendíase indefinidamente en todas as direccións e tiña unha corrente de ar fresco e suave que daba a entender que se trataba dun extenso sistema subterráneo. Tanto a parte superior como a inferior contaban con abondosas

estalactitas e estalagmitas, algunhas das cales se xuntaban formando columnas, pero o máis importante de todo era o inmenso depósito de cunchas e ósos, que nalgunhas zonas chegaba a obstruír o paso. Arrastrados desde xunglas descoñecidas do mesozoico, de fentos e fungos, bosques cicádicos do terciario, palmeiras e anxiospermas primitivas, esta mestura ósea contiña máis exemplares representativos do cretáceo, o eoceno e outras especies animais, das que nin o máis grande paleontólogo podería contar ou clasificar nun ano. Moluscos, cunchas de crustáceos, peixes, anfibios, réptiles, paxaros e mamíferos primitivos, grandes e pequenos, coñecidos e descoñecidos. Non era de estrañar que Gedney volvese a fume de carozo e berrando ao campamento, nin que todo o mundo deixase o que estaba a facer para atravesar correndo aquel ar xeado até o lugar onde a gran perforadora indicaba a recentemente descuberta entrada a segredos do interior da Terra e de idades desaparecidas.

Unha vez que Lake satisfixo o seu primeiro impulso de curiosidade, escribiu unha mensaxe no seu caderno de notas e mandou a Moulton, un raparigo noviño, de volta ao campamento para a transmitir por radio. Esta foi a primeira nova que tiven do descubrimento, que falaba sobre a identificación de primitivas cunchas, ósos de ganoideos e placodermos, restos de labirintodontes e tecodontes, grandes anacos de cranio de mosasauro, vértebras de dinosauro, placas óseas, dentes e ósos de ás de pterodáctilo, restos de archaeopteryx, dentes de quenllas do mioceno, cranios de paxaros primitivos e outros ósos dos primeiros mamíferos como palaeotheres, xiphodontes, eohippos, oreodontes e titanotheres. Non había nada que datase de épocas máis modernas, como os mastodontes, elefantes, camelos, cervos ou bóvidos, polo que Lake concluíu que os últimos depósitos se produciran durante o Oligoceno, e que a caverna do estrato permanecera seca, fechada e inaccesíbel durante cando menos trinta millóns de anos.

Por outra banda, a preponderancia de formas de vida moi antigas era en extremo sorprendente. A pesar de que a formación de arenito era sen dúbida comanichense e non anterior, como evidenciaban os típicos fósiles de ventriculites, a cantidade de fragmentos da cova incluían unha sorprendente proporción de organismos que até o momento se consideraban característicos de períodos moito máis antigos, como peixes rudimentarios, moluscos e corais de tempos tan remotos como o silúrico ou o ordovídico. Disto non ficaba máis que deducir que nesta parte do mundo houbera un grao especial e único de continuidade nas formas de vida nun espectro temporal que ía desde había trescentos millóns de anos até había só trinta millóns de anos. Sobre canto tempo se estendera esta continuidade alén do período oligoceno, cando se fechara a caverna, só quedaba especular. En calquera caso, a chegada do terríbel xeo durante o plistoceno, había uns cincocentos mil anos (o que era un «onte» en comparación coa idade da caverna) debeu de pór fin a calquera das formas de vida que puidesen chegar a sobrevivir ao seu período común.

A Lake non lle chegou con mandar a súa primeira mensaxe, xa que escribiu outro informe e enviouno ao campamento antes de volver Moulton. Após isto, Moulton ficou encargado da radio nun dos aeroplanos, transmitindo para min e para o *Arkham*, que radiaría ao mundo exterior, as frecuentes posdatas que Lake lle mandaba cunha sucesión de mensaxeiros. Os que seguiron os xornais lembrarán a excitación xerada entre os científicos a raíz dos informes daquela tarde, informes que finalmente e logo destes anos levaron a que se organizase a expedición Starkweather-Moore, á que pretendo disuadir das súas intencións. Mellor será que transcriba as mensaxes tal e como Lake as enviou e tal e como MacTighe, o noso operador da base, as transcribiu taquigraficamente:

> «Fowler fixo un descubrimento de enorme importancia coas voaduras no arenito e nos fragmentos calcarios. Unha serie de pegadas triangulares estriadas como aquelas da lousa arquea, o que proba que o organismo que as deixou sobreviviu durante un período de tempo que vai desde hai seiscentos millóns de anos até a época comanichense, só con lixeiros cambios morfolóxicos e unha redución do seu tamaño medio. As pegadas comanichenses semellan algo máis primitivas ou decadentes que as máis antigas. Dade conta na prensa da importancia deste descubrimento. Isto significará para a bioloxía o que Einstein significou para as matemáticas e a física. Únese aos meus traballos anteriores e amplía as conclusións. Semella indicar, tal como sospeito, que a Terra xa vira un ciclo ou ciclos completos de vida orgánica antes da que coñecemos, que comezou cos organismos unicelulares do arqueozoico. Esta vida evoluíu e especializouse nun tempo non posterior a hai mil millóns de anos, cando o planeta era novo e inhabitábel para calquera forma de vida de estrutura protoplásmica normal. A cuestión que xorde agora é cando, onde e como tivo lugar este desenvolvemento.»

Máis tarde:

> «Examinando algúns fragmentos de esqueletos de grandes saurios terrestres e mariños e de mamíferos

primitivos, achamos algunhas feridas e lesións na estrutura ósea, que non se poden atribuír a ningún predador ou carnívoro coñecido de ningún período. Son de dous tipos, perforacións rectas e penetrantes e incisións aparentemente talladas. Hai un ou dous casos de ósos claramente danados. Poucos exemplares afectados. Mandei buscar lámpadas eléctricas do campamento. Estenderemos a zona de procura baixo terra eliminando estalactitas.»

Un pouco máis tarde:

«Achamos un peculiar fragmento de esteatita duns quince centímetros de diámetro por catro de espesura, completamente distinta a calquera outra formación que viramos. É de cor verdosa e non hai ningunha evidencia para datala. É curiosamente lisa e regular, con forma de estrela de cinco puntas cos estremos rotos, e signos doutra perforación nos ángulos interiores e no centro. Está lixeiramente afundida no centro. A súa posíbel orixe esperta moitas incógnitas. Probabelmente algún curioso efecto erosivo da auga. Carrol, que a ollou con lupa, di que pode distinguir outras marcas de importancia xeolóxica. Hai grupos de pequenos puntos distribuídos en patróns regulares. Os cans estanse a poñer nerviosos e semella que odian a esteatita. Haberá que ver se ten algún cheiro particular. Volverei facer un informe cando Mills volva coas lámpadas e comezaremos na zona subterránea».

«22:15 Importante descubrimento. Orrendorf e Watkins, mentres traballaban á luz da lámpada ás 21:45, atoparon un fósil monstruoso en forma de bocoi, de natureza completamente descoñecida, probabelmente de orixe vexetal, a menos que sexa un exemplar hiperdesenvolvido dalgún radiado mariño descoñecido. O tecido preservouse evidentemente grazas ás sales minerais. É duro como o coiro, mais nalgunhas partes conserva unha flexibilidade abraiante. Hai marcas de partes rotas nos extremos e polos lados. Ten un metro oitenta de longo, un metro de diámetro central e trinta centímetros de diámetro nos extremos. É como un bocoi con cinco liñas saíntes no canto de doelas. Ten unhas fendas laterais, como tallos finos, situadas na zona central, no medio destes saíntes. Das fendas que hai entre os saíntes saen unhas formacións curiosas, unha especie de cristas ou ás que se pregan e se estenden como se fosen abanos. Todas está moi danadas, agás unha, que despregada supera os dous metros. O conxunto lembra a a certos monstros dos mitos primixenios, especialmente aos chamados «Antigos» do Necronomicon. Estas ás semellan ser membranosas, sostidas por unha estrutura de tubos glandulares. Nas puntas das ás semella haber minúsculos orificios na estrutura tubular. Os extremos do corpo están engurrados, polo que non temos ningunha pista sobre o interior ou sobre que se desprendeu de aí. Diseccionarémolo cando volvamos ao campamento. Non podo decidir se é vexetal ou animal. Como é obvio, moitas das súas características son incribelmente primitivas. Puxen a todo o mundo a cortar estalactitas para buscar máis exemplares. Atopamos máis ósos rotos, mais isto vai ter que agardar. Estamos a ter problemas cos cans. Non poden aturar o novo achado, e probabelmente o esnaquizarían se non os mantivésemos a distancia.»

«23:30. Atención, Dyer, Pabodie e Douglas. Un asunto da máis grande importancia, ou debera dicir transcendental. O Arkham debe transmitilo decontado á estación de Kigsport Head. O estraño fósil en forma de bocoi é a criatura do eón arcaico que deixou as pegadas nas rochas. Mills, Boudreau e Fowler descubriron un grupo de trece nunha zona a doce metros da entrada do túnel. Estaban mesturadas con fragmentos de esteatita estrañamente redondeados e máis pequenos que o que achamos antes. Teñen forma estrelada mais non teñen as puntas rotas, agás algunha. Sobre os fósiles orgánicos, oito están aparentemente perfectos, con todos os apéndices. Trouxémolos todos á superficie despois de afastar os cans unha distancia prudencial. Non poden aturar estas cousas. Prestade atención á descrición e repetide para maior exactitude. Os xornais teñen que dar a nova correctamente.

Teñen en total dous metros e medio de longo. O torso en forma de bocoi, provisto de cinco cristas, mide un metro oitenta cun metro de diámetro na parte central e trinta centímetros de diámetro nos extremos. Son de cor gris escura, flexíbeis e tremendamente resistentes. Dos sucos que hai entre as cristas saen unhas ás membranosas de dous metros de longo, tamén da mesma cor, que se achaban dobradas. A estrutura que soporta as ás é tubular ou glandular, dunha cor gris máis clara con orificios nos extremos. As ás despregadas teñen os bordos aserrados. Na zona central, en cada un dos cinco saíntes verticais, semellantes a doelas, hai cinco sistemas de brazos ou tentáculos de cor gris clara, que estaban firmemente pegados ao torso, mais que se expanden até unha lonxitude máxima dun metro. Son como os brazos dun crinoideo primitivo. Os talos principais, duns oito centímetros de diámetro,

divídense logo de quince centímetros en cinco talos, cada un dos cales ramifica vinte centímetros máis adiante en tres pequenos tentáculos ou gabiáns, dando un total de vinte e cinco tentáculos.

Na parte superior do bloque do torso, un pescozo bulboso de cor gris máis clara, con algo que semellan unhas branquias, serve de base para unha especie de cabeza amarelada de cinco puntas, similar a unha estrela de mar, cuberta de cilios duros de oito centímetros de lonxitude e de moitas cores do espectro. Esta cabeza é grosa e inchada, duns sesenta centímetros de punta a punta, cuns tubos amarelados e flexíbeis de oito centímetros que saen de cada punta. Xusto no medio da parte superior hai unha abertura que probabelmente servise para a respiración. Ao final de cada tubo hai unha extensión esférica onde a membrana amarela se prega contra atrás ao tocala, deixando ver un globo vidroso dunha cor vermella irisada, evidentemente un ollo. Dos ángulos interiores da cabeza estrelada saen conco tubos vermellos máis longos, que rematan nunhas protuberancias en forma de saco da mesma cor. Se as prememos, ábrense formando uns orificios en forma de campás dun diámetro máximo de cinco centímetros e rodeadas por unha ringleira de protuberancias brancas e afiadas, semellantes a dentes. Isto semellan ser as bocas. Todos estes tubos, cilios e as puntas da cabeza estrelada, estaban pregadas firmemente para baixo. Os tubos e as puntas apuntando ao pescozo bulboso e ao torso. A súa flexibilidade é sorprendente a pesar da súa gran dureza.

Na parte inferior do torso, hai uns apéndices que son a contraparte dos da cabeza, aínda que bastos e de función distinta. Unha especie de pescozo bulboso de cor gris clara e sen branquias, soporta unha estrutura averdada de cinco puntas, semellante a unha estrela de mar. Ten uns brazos duros e musculosos de máis dun metro de longo, cuxo diámetro oscila entre os vinte centímetros na base e os oito na punta. Cada punta remata nunha membrana triangular de cor verdosa cruzada por cinco veas duns vinte centímetros de longo e quince na parte máis larga. Esta é a pa, aleta ou pseudopé que deixou as pegadas nas rochas de idades comprendidas entre os mil e os cincocentos ou seiscentos millóns de anos de antigüidade. Dos ángulos interiores da estrutura de estrela de mar saen uns tubos de cor vermella duns sesenta centímetros, cun diámetro comprendido entre os oito centímetros na base e os dous no extremo. Teñen orificios nas puntas. Todos estes apéndices son tremendamente duros, semellantes ao coiro, mais extremadamente flexíbeis. Os brazos dun metro con pas servían indubidabelmente para algunha clase de desprazamento, ben fose mariño ou doutro tipo. Cando as movemos dan a impresión de ter unha musculatura brutal. Todos estes apéndices atopámolos firmemente pregados sobre o pescozo e o final do torso, do mesmo xeito que os apéndices do outro extremo.

Aínda non podo adscribir o exemplar con exactitude ao reino animal ou vexetal, mais a estrañeza das características inclínanos máis ben ao animal. Probabelmente representa unha evolución incribelmente avanzada dun radiado, sen a perda dalgunhas características primitivas. As semellanzas cos equinodermos non teñen dúbida, a pesar de certas evidencias contraditorias. A súa estrutura provista de ás déixanos abraiados ante un probábel hábitat mariño, mais é posíbel que se usasen para desprazarse na auga. Curiosamente a simetría é como a dos vexetais, pois suxire a estrutura básica destes baseada nun eixe horizontal máis que a estrutura animal, baseada nun eixe vertical. A súa datación extraordinariamente antiga, mesmo anterior aos protozoos arqueos máis sinxelos que se coñecen, desconcértanos á hora de facer calquera conxectura sobre a súa orixe.

Os exemplares completos teñen tal estraña semellanza a certas criaturas dos mitos primixenios que non se pode evitar pensar que nun tempo remoto existiron fóra da Antártida. Dyer e Pabodie leron o Necronomicon e viron as pinturas de pesadelo que Clark Ashton Smith baseou no texto, e comprenderán o que digo cando falo dos Antigos, que supostamente crearon a vida na terra como brincadeira ou erro. Os estudosos sempre pensaron que esta concepción se formou a partir dunha idea imaxinativa e morbosa sobre algúns radiados tropicais moi antigos. Son semellantes tamén a criaturas prehistóricas do folclore dos que falara Wilmarth como os apéndices do culto a Cthulhu etc.

Abriuse un campo de estudo moi amplo. É probábel que os depósitos sexan do cretáceo tardío ou do eoceno recente, a xulgar polos espécimes asociados. Sobre eles fóronse depositando inmensas estalagmitas. Levamos un traballo enorme para retiralas, mais a súa dureza evitou que se danasen. O seu estado de preservación é milagroso e débese seguramente á acción da pedra calcárea. Non achamos máis nada, pero continuaremos a nosa procura máis tarde. Agora o traballo consiste en levar os catorce

enormes exemplares até o campamento sen a axuda dos cans, que ladran furiosamente e non se poden controlar cando están preto das criaturas. Con nove homes (xa que tres teñen que quedar para coidar dos cans) deberamos manexar as tres zorras bastante ben, aínda que o vento dificulta o traballo. Temos que estabelecer comunicación por aeroplano coa Baía de McMurdo e comezar a trasladar material. Porén, teño que diseccionar unha destas cousas antes de as enviar. Desexaría contar cun laboratorio de verdade aquí. Dyer xa pode ir dándose labazadas por intentar evitar a miña viaxe ao oeste. Primeiro foron as montañas máis altas do mundo e despois isto. Se finalmente isto non é o máis importante da expedición, non sei o que pode ser. Acabamos de realizarnos como científicos. Noraboa, Pabodie, pola perforadora que abriu a cova. Agora, os do Arkham, podedes repetir a descrición?»

O que sentimos Pabodie e mais eu ao recibirmos este informe estaba case alén de toda descrición posíbel e os nosos compañeiros non quedaban moi atrás en entusiasmo. McTighe, que transcribira a toda velocidade unha serie de puntos principais a medida que chegaban ao zoante aparello receptor, reescribiu a mensaxe enteira a partir da súa versión taquigráfica en canto o operador de Lake fechou a transmisión. Todos considerabamos que aquel descubrimento marcaría unha época e mandei a Lake as miñas felicitacións en canto o operador do Arkham rematou de repetir a descrición, tal como se lle pedira. O mesmo fixeron Sherman desde a súa estación de abastecemento na baía de McMurdo, e mais o capitán Douglas desde o *Arkham*. Máis tarde, como líder da expedición, engadín algúns comentarios para que o *Arkham* os retransmitise ao mundo exterior. En realidade, pensar en descansar era absurdo entre tanta excitación e o meu único desexo era chegar ao campamento de Lake o máis pronto que puidese. Desanimeime cando me comunicou que estaba a comezar un temporal de montaña que imposibilitaba viaxar en aeroplano.

Mais nunha hora e media o meu interese volveu medrar levando con el o desánimo. Lake continuou enviando comunicados informándonos de que conseguiran transportar os catorce grandes exemplares até o campamento. Fora un traballo duro, xa que aquelas cousas eran sorprendentemente pesadas, mais entre nove homes conseguiran levar adiante a tarefa. Agora unha parte dos seus homes estaba a construír ás presas un curro de neve a unha distancia prudencial do campamento onde puidesen fechar os cans e facilitar así a súa alimentación. Deitaron os espécimes fóra, sobre a neve dura, agás un que Lake estaba a intentar diseccionar.

A disección resultou ser un traballo máis duro do que se pensaba, pois, malia o calefactor de gasolina que quentaba a tenda-laboratorio recentemente montada, as fibras enganosamente flexíbeis do exemplar escollido (un moi grande que se conservaba intacto) non perderan nada da súa dureza superior á do coiro. Lake non sabia como había facer para practicar as incisións precisas sen empregar unha violencia que acabaría por estragar as exquisiteces estruturais que estaba a buscar. Era certo que tiña sete exemplares máis en perfectas condicións, pero eran demasiado poucos para tratalos con imprudencia, a menos que a cova puidese darlles máis adiante un subministro ilimitado. Logo retirou este exemplar e trouxo outro que, aínda que conservaba parcialmente os órganos de estrela mariña dos dous extremos, estaba esmagado e tiña afectado un dos grandes sucos do torso.

Os resultados, que se nos comunicaron axiña por radio, eran realmente desconcertantes e provocadores. Non se podía facer un traballo delicado e minucioso con instrumentos que apenas podían cortar aquel estraño tecido, mais o pouco que se conseguiu deixounos abraiados e desconcertados. A bioloxía, tal e como a coñeciamos, tiña que ser revisada por completo, pois esta cousa non era resultado da evolución de ningún sistema orgánico que a ciencia coñecese. Case non había depósitos minerais e, a pesar de que tiña unha idade de se cadra corenta millóns de anos, os órganos internos estaban completamente intactos. A calidade coriácea, imposíbel de deteriorar e case indestrutíbel era unha característica inherente á estrutura daquela cousa e pertencía a algún ciclo paleóxeno de evolución invertebrada que superaba completamente a nosa capacidade especulativa. Nun comezo, todo o que atopou Lake estaba seco, mais a calor da tenda produciu o seu efecto de desconxelación. Da zona non danada daquela cousa saíu un líquido de cheiro acre e penetrante. Non era sangue, senón un fluído espeso de cor verde escura que en aparencia facía a mesma función. No momento en que Lake chegou a este punto na disección, os trinta e sete cans que levaran até o curro aínda non rematado preto do campamento, comezaron a ladrar salvaxemente e a dar síntomas de nerviosismo ante aquel cheiro acre que se estendía a pesar da distancia.

Lonxe de axudar a catalogar aquel ente estraño, esta disección provisional só engadiu máis misterio ao asunto. Todas as suposicións sobre os seus membros externos foran correctas, e ante esta evidencia, dificilmente se podía dubidar en cualificar aquela cousa como animal. Mais a inspección interna trouxo á luz moitas evidencias que apuntaban ao reino vexetal que descolocaron completamente a Lake. Tiña aparello dixestivo e circulatorio e eliminaba os produtos de refugallo a través dos tubos vermellos da súa base en forma de estrela de mar. Superficialmente, podíase dicir que o seu aparello respiratorio eliminaba osíxeno e non dióxido de carbono e

había estraños indicios de receptáculos de almacenamento de ar e métodos para cambiar o sistema respiratorio do orificio externo a outros dous sistemas de respiración completamente desenvolvidos: branquias e poros. Estaba claro que era anfibio e probabelmente estaría adaptado a longos períodos de hibernación sen ar. Os órganos vocais semellaban conectados ao sistema respiratorio principal, mais presentaban anomalías que estaban alén dunha resposta inmediata. A linguaxe articulada, entendida como secuencias silábicas, resultaba bastante difícil de concibir, polo que era máis que probábel un sistema de notas musicais que cubrían un amplo rango. O sistema muscular estaba desenvolvido case prematuramente.

O sistema nervioso era tan complexo e estaba tan desenvolvido que deixou a Lake de pedra. Malia ser excesivamente primitivo e arcaico nalgúns aspectos, aquela cousa contaba cunha serie de centros gánglicos e conexións que falaban dun desenvolvemento moi especializado. O seu cerebro de cinco lóbulos era sorprendentemente avanzado e había trazos de órganos sensoriais, en parte artellados nos duros cilios da cabeza, o que implicaba unha serie de factores estraños a calquera outro organismo terrestre. Probabelmente tivese máis de cinco sentidos, de xeito que os seus hábitos non se podían predicir a partir de ningunha analoxía existente. Debía ser, pensaba Lake, unha criatura de tremenda agudeza sensorial e funcións delicadamente diferenciadas neste mundo primixenio, moi semellante ás formigas ou ás abellas da actualidade. Reproducíase como os vexetais criptógamos, especialmente os pteridófitos, con cavidades de esporas nas puntas das ás, e seguramente medraba a partir dun talo ou un prototalo.

Mais darlle un nome a aquilo nese momento era absurdo. Semellaba un radiado, pero claramente algo máis. En parte era vexetal, pero con tres cuartas partes da estrutura fundamental dun animal. O seu contorno simétrico e algúns outros atributos indicaban con claridade á súa orixe mariña, mais un non podía falar con exactitude sobre o límite das súas adaptacións posteriores. As ás, despois de todo, suxerían claramente un medio aéreo. Como se puidera producir unha evolución tan tremendamente complexa nunha Terra acabada de nacer e a tempo de deixar pegadas nas rochas do eón arcaico? Era algo que estaba alén da comprensión e facía que Lake lembrase caprichosamente os mitos primordiais sobre os Grandes Antigos que baixaron das estrelas e crearon a vida na terra como brincadeira ou erro, e mais os tolos relatos sobre criaturas do exterior que habitaban as montañas, que contaba un compañeiro folclorista do Departamento de Inglés de Miskatonic.

Evidentemente, consideraba a posibilidade de que as pegadas precámbricas as deixase un ancestro menos evoluído dos exemplares que tiña, mais desbotou rapidamente esta teoría demasiado sinxela, considerando as avanzadas características estruturais dos fósiles máis antigos. En todo caso, as pegadas máis modernas amosaban un estado de decadencia máis que de evolución superior. O tamaño do pseudopé diminuíra e o conxunto da morfoloxía semellaba máis basta e simple. Ademais, os nervios e órganos que acababa de examinar suxerían especialmente un retroceso desde formas aínda máis complexas. As partes atrofiadas e vestixiais eran sorprendentemente abundantes. A fin de contas pouco se podía dicir seguro e Lake acabou por apoiarse na mitoloxía para darlle un nome provisional, alcumando xocosamente os seus achados co nome de «Os Antigos».

Arredor das dúas e media da madrugada, logo de decidir pospor o traballo para descansar un anaco, cubriu o organismo diseccionado cunha lona, saíu da tenda-laboratorio e examinou os exemplares intactos con anovado interese. O eterno sol antártico comezara a quentar lixeiramente os seus tecidos, polo que as puntas das cabezas e os tubos de dous ou tres deles amosaban signos de estarse a despregar. Porén, Lake non cría que isto fose a supor ningún dano inmediato de descomposición no ar xeado. De calquera xeito xuntou todos os exemplares enteiros e botoulles unha tenda de reposto por riba para evitar que estivesen expostos á luz solar directa. Iso tamén axudaría a evitar que o seu cheiro chegase até os cans, cuxo nerviosismo hostil estaba a comezar a ser un verdadeiro problema, incluso á considerábel distancia á que se achaban, e detrás dunhas paredes de neve cada vez máis altas que un grupo de homes cada vez máis grande se esforzaba por levantar arredor dos seus curros. Tivo que lastrar as esquinas da tenda con pesados bloques de neve para que se mantivese firme ante o temporal que se estaba a levantar, xa que os titánicos montes semellaban estar a piques de repartir golpes brutais. As antigas preocupacións sobre os repentinos ventos antárticos reviviron e baixo a supervisión de Atwood tomaron precaucións para asegurar as tendas, o novo canil e os rudimentarios hangares dos avións con neve das abas da montaña. Estas últimas defensas, que se comezaran a construír con grandes bloques de neve en horas perdidas, non tiñan nin por asomo a altura que debían, polo que Lake, finalmente, ordenou a todo o mundo que deixase o que estaba a facer para pórse a reforzalas.

Despois das catro da mañá, Lake á fin se preparou para fechar as comunicacións e aconsellounos que nos tomásemos tamén unhas horas de descanso como faría el cando os muros do refuxio fosen un chisco máis altos. Tivo unha amistosa conversa a través das ondas con Pabodie e repetiu os seus eloxios sobre a marabillosa perforadora que o axudara a facer o descubrimento. Atwood tamén mandou felicitacións e eloxios. Eu mandeille a

Lake un sincero parabén e recoñecín que estaba no certo sobre a súa viaxe cara ao oeste, e todos acordamos conectarnos por radio ás dez da mañá. Se o temporal amainaba, Lake había enviar un aeroplano á miña base para nos recoller. Xusto antes de me retirar, enviei unha mensaxe final ao *Arkham* con instrucións para que rebaixasen o ton das novas do día para radialas ao exterior, xa que todos os detalles resultarían excesivamente fortes como para levantar unha onda de incredulidade até que os datos fosen comprobados.

III

Supoño que ningún de nós durmiu moi profundamente nin dunha sentada aquela mañá. Tanto a excitación polo descubrimento de Lake como a crecente furia do vento facían que non se puidese. Tan forte foi o trebón, mesmo onde nos achábamos nós, que non podíamos evitar pensar o forte que sería no campamento de Lake, que estaba xusto ao pé dos curutos descoñecidos que o enxendraban e o guindaban. McTighe estaba esperto ás dez da mañá e intentaba contactar con Lake a través da radio, tal e como acordaramos, mais algunha circunstancia eléctrica no perturbado aire do oeste semellaba impedir a comunicación. Porén, contactamos co *Arkham* e Douglas contoume que tamén estivera intentando localizar en balde o sinal de Lake. Non sabía nada do vento, xa que na baía de McMurdo sopraba moi pouco, a pesar da furia porfiada coa que sopraba onde estabamos nós.

Ao longo de todo o día estivemos preocupados, á escoita e intentamos recibir sinais de Lake a intervalos, mais sempre sen resultados. Contra o medio día unha descontrolada desbandada de vento chegou do oeste, facendo que temésemos pola seguridade do noso campamento, mais pouco a pouco foi calmando, con só un moderado aumento contra as dúas da tarde. Despois das tres todo estivo en calma e redobramos os esforzos para recibir sinais de Lake. Tendo en conta que tiña catro aeroplanos, cada un provisto dun estupendo dispositivo de onda curta, non podíamos imaxinar ningún accidente normal capaz de deixar mudo todo o seu equipo de radio. Así e todo continuou o pétreo silencio e cando pensamos na delirante forza que debía de ter o vento na súa localización non puidemos evitar facer as máis terríbeis conxecturas.

Sobre as seis da tarde fomos confirmando os nosos medos máis intensos, e despois de consultalo con Douglas e Thorfinnssen, decidín investigar o asunto. O quinto aeroplano, que deixaramos na base de abastecemento da baía de McMurdo con dous mariñeiros, estaba en boas condicións e listo para ser usado xa, e semellaba que a emerxencia para a que o gardaramos acababa de se nos presentar. Contactei con Sherman por radio e mandeille que viñese canda min co aeroplano e os dous mariñeiros da base do sur, o máis axiña que puidese, xa que as condicións climáticas semellaban ser moi favorábeis. Despois falamos sobre o persoal que debía integrar o grupo de investigación e decidimos que debíamos incluír a todo o mundo, xunto coa zorra e os cans que deixara comigo. Incluso unha carga tan grande como esta non sería de máis para un dos enormes aeroplanos construídos baixo as nosas especificacións para transportar a maquinaria pesada. Por tempos aínda intentei localizar a Lake pola radio, mais sen resultado ningún.

Sherman engalou ás sete e media xunto cos mariñeiros Gunnarsson e Larsen, e informounos desde varios puntos do percorrido de que o voo estaba a ser tranquilo. Chegaron até a base a media noite, e todos discutimos o seguinte movemento. Era ben arriscado voar sobre a Antártida cun só aeroplano e sen unha liña de bases debaixo, mais ninguén se botou atrás ante o que semellaba ser un caso de absoluta necesidade. Retirámonos para descansar un chisco ás dúas da mañá, despois de facer parte da carga do aeroplano, mais catro horas despois xa estabamos en pé para rematar de cargar e empaquetar.

Ás sete e cuarto da mañá do vinte e cinco de xaneiro, emprendemos o voo cara ao noroeste, con McTighe aos mandos do aparello, levando dez homes, sete cans, unha zorra, combustíbel, comida e outros apetrechos, entre eles o dispositivo de radio do aeroplano. O aire estaba claro, bastante quedo e a unha temperatura relativamente suave, e non tivemos moito problema para chegar á latitude e lonxitude na que Lake dixera que montara o seu campamento. As nosas preocupacións centrábanse no que iamos atopar, ou non atopar, ao final da xornada, xa que o silencio seguía a resposta ás nosas chamadas ao campamento.

Cada incidente daquel voo de catro horas e media está gravado a lume na miña memoria polo crucial que foi

aquel momento na miña vida. Marcou a miña perda, á idade de cincuenta e cinco anos, de toda a paz e o equilibrio que ten unha mente normal a través da súa concepción habitual da natureza externa e das leis da mesma. A partir daquel momento nós os dez, e máis que ninguén o estudante Danforth e mais eu, iamos enfrontarnos a un mundo terribelmente amplificado de horrores espreitantes que nada podería borrar das nosas emocións, e que nos teriamos que abster de compartir co resto da humanidade, se podiamos. Os xornais publicaran os boletíns que enviaramos desde o aeroplano, relatando o noso rumbo sen fin, as nosas dúas batallas coas traizoeiras treboadas, a nosa visión da superficie rota na que Lake fixera as súas perforacións tres días antes e a nosa visión dun grupo daqueles estraños cilindros de neve que Amundsen e Byrd viran rodar ao vento a través da inconmensurábel extensión da chaira xeada. Chegou un momento, porén, en que as nosas sensacións xa non se podían transmitir con palabras que a prensa puidese entender, e máis tarde tamén houbo un momento en que tivemos que adoptar unha norma de estrita autocensura.

O mariñeiro Larsen foi o primeiro en avistar a liña quebrada de conos e pináculos de aspecto maligno e os seus berros fixeron que todo o mundo se botase ás xanelas do avión para ver. A pesar da nosa velocidade, ían gañando tamaño moi amodo, polo que supuxemos que debían de estar extremadamente lonxe de nós e só eran visíbeis debido á súa anormal altura. Porén, aos poucos, erguéronse nefastas sobre o ceo occidental, polo que puidemos distinguir varios cumios espidos, inhóspitos e escuros, que espertaron en nós un curioso sentimento de fantasía, inspirado pola súa visión, iluminada pola luz vermella do ártico, recortados contra un provocador fondo de nubes iridescentes de po de xeo. No conxunto daquel espectáculo había un matiz persistente e omnipresente de formidábel secretismo e potencial revelación. Era como se estes agrestes chapiteis de pesadelo fosen as columnas que marcasen a estarrecedora entrada ás esferas prohibidas dun soño e aos complexos abismos dun tempo e espazo remotos e ultradimensionais. Non podía evitar sentir que eran cousas malignas, unhas montañas da loucura cuxas máis afastadas abas miraban cara a algún abismo maldito e definitivo. Aquela nube trémula e medio luminosa do fondo suxería unha vaga e etérea distancia, alén do espazo terrestre, e advertíanos sobre a natureza remota, illada, desolada e morta desde había eóns daquel mundo austral inexplorado e cheo de segredos.

Foi o mozo Danforth o que nos advertiu sobre as singulares regularidades do contorno superior das montañas, como de fragmentos de cubos perfectos agarrados a elas, que Lake mencionara nas súas mensaxes e que ben xustificaban a súa comparación coas suxestións oníricas das ruínas dun templo primordial sobre os cumios neboentos de Asia, que Roerich pintara con tanta sutileza e estrañeza. De feito, había algo inquietantemente roerichiano en todo aquel continente sobrenatural de montañoso misterio. Xa o sentira en outubro, cando avistamos por primeira vez Terra Vitoria e agora tiven anovado ese sentimento. Sentín tamén outra onda de incómoda consciencia das semellanzas cos mitos antigos, do xeito en que este mundo letal se parecía á terríbel meseta de Leng dos antigos escritos. Os mitólogos situaran Leng no centro de Asia, mais a memoria racial do ser humano ou dos seus predecesores chega moi atrás, e ben podería ser que algúns relatos procedan de terras e montañas e templos do horror máis antigos que Asia e anteriores a calquera ser humano coñecido. Uns poucos místicos atrevidos expuxeron unha teoría sobre a orixe prepleistocénica dos fragmentarios *Manuscritos Pnakóticos*, e suxeriron que os seguidores de Tsathoggua eran tan alleos á humanidade como o propio Tsathoggua. Leng, estivese onde estivese situada no tempo ou no espazo, non era unha zona na que me apetecía estar, nin tampouco me entusiasmaba a proximidade dun mundo que dera a luz uns monstros primixenios ambiguos como dos que falara Lake. Nese momento lamentei a miña lectura do aborrecido *Necronomicon*, e as miñas conversas con aquel desagradábel e erudito folclorista da universidade, o tal Wilmarth.

Este estado de ánimo o único que fixo foi agravar a miña reacción ante o estraño espellismo que se presentou ante nós desde o cénit cada vez máis opalescente, a medida que nos achegábamos ás montañas e comezabamos a distinguir as ondulacións dos outeiros que estaban ao seu pé. Eu xa vira ducias de espellismos polares durante as semanas anteriores, algúns deles case tan estraños e fantasticamente realistas como este, mais este tiña unha calidade de simbolismo ameazante completamente novo e escuro, e arreguiceime ante a visión do labirinto de fabulosos muros, torres e minaretes que se erguían entre os turbulentos vapores de xeo sobre as nosas cabezas.

O efecto era o dunha cidade ciclópea dunha arquitectura xamais concibida pola imaxinación humana, con vastos conxuntos de cantaría negra como a noite, que plasmaban monstruosas perversións das leis xeométricas. Había conos truncados, ás veces en terrazas ou estrías que remataban en altos mastros cilíndricos de prolongacións bulbosas e a miúdo coroadas por ringleiras de discos finos e ondulados. Había tamén estruturas estrañas, construcións semellantes a mesas que suxerían pías de lousas rectangulares, pranchas circulares ou estrelas de cinco puntas que se sobrepoñían unhas sobre as outras. Había conos compostos e pirámides, tanto exentas como coroando cilindros ou cubos ou outros conos e pirámides truncados máis chatos, e algunhas torres semellantes a agullas en curiosos grupos de cinco. Todas estas estruturas febrís semellaban estar conectadas entre si por pontes

tubulares que cruzaban dunha a outra a diferentes alturas vertixinosas e a escala de todo conxunto era terrorífica e opresiva polo seu tremendo xigantismo. En liñas xerais, o espellismo non era distinto dalgunhas das formas máis estrañas que se observaron e se debuxaron desde o baleeiro ártico Scoresby en 1820, mais neste momento e neste lugar, con aqueles curutos escuros e descoñecidos erguéndose formidabelmente máis adiante, con aquel descubrimento do mundo primitivo nas nosas mentes, e o pano dun desastre probábel envolvendo a maior parte da nosa expedición, semellaba que todos nós atopabamos nel unha mancha de malignidade latente e un presaxio infinitamente escuro.

Sentinme feliz cando o espellismo comezou a desaparecer, aínda que no proceso, aquelas torretas de pesadelo e conos comezaron a destorcerse, dando lugar a formas temporais de aínda maior espanto. Cando aquela ilusión se disolveu nunha axitada opalescencia, comezamos a mirar cara á terra outra vez e vimos que a fin da nosa viaxe non estaba lonxe. As montañas descoñecidas erguíanse ante nós como unha espantosa muralla de xigantes, coas súas curiosas regularidades, visíbeis con claridade incluso sen prismáticos. Voabamos xa sobre os contrafortes máis baixos e puidemos distinguir entre a neve, o xeo e os retallos baleiros da meseta principal, un par de puntos escuros que supuxemos eran o campamento e a zona de perforacións de Lake. Os contrafortes máis altos erguíanse entre oito e dez quilómetros máis alá, formando un cordal case completamente separado da liña de curutos que se erguían tras el, máis altos que o Himalaia. Á fin Ropes, o estudante que substituíra a McTighe nos mandos do aeroplano, comezou a baixar en dirección ao punto escuro da esquerda, que polo tamaño supuxemos que sería o campamento. Mentres o facía, McTighe enviou por radio a derradeira mensaxe non censurada da nosa expedición que recibiría o mundo exterior.

Abofé que todo o mundo leu os breves e insatisfactorios informes do resto da nosa estadía antártica. Algunhas horas despois de aterrar, enviamos un cauteloso informe da traxedia que atopamos, e reticentemente anunciamos que a expedición de Lake fora varrida completamente polo terríbel vento do día anterior, o da noite precedente. Once mortos recoñecidos, o mozo Gedney desaparecido. A xente perdoou a confusa falta de detalles, comprendendo o impacto que debeu ter en nós o triste suceso, e créronnos cando explicamos que a acción destrutiva do vento fixera que os once corpos non se puidesen transportar. De feito afágame o feito de que aínda no medio da nosa aflición, total desconcerto e horror descomunal, apenas nos desviamos da verdade en ningunha cuestión. O tremendamente significativo é o que non nos atrevemos a contar, e que non contaría agora se non fose pola necesidade de manter afastados a outros de terrores sen nome.

É certo que o vento causou unha tremenda destrución. Dubido moito que ninguén puidese sobrevivir a el, aínda se non ocorrese o outro. O temporal, coa súa furia de partículas de xeo proxectadas con loucura, debeu de ser algo moitísimo peor que calquera cousa que a expedición atopara antes. Un dos refuxios dos aeroplanos, que semellaba que deixaran un tanto feble, estaba case pulverizado e a torre de perforación estaba feita cachizas. As zonas de metal expostas dos aeroplanos de terra e da maquinaria da perforadora estaban puídas polos impactos e dúas das tendas pequenas estaban esmagadas a pesar do muro de neve. As superficies de madeira que quedaran expostas ao temporal estaban cheas de furados e coa pintura arrincada, e todas as pegadas e marcas na neve estaban completamente borradas. Tamén é certo que non atopamos ningún dos exemplares orgánicos arcaicos en condicións para transportalo fóra dunha peza. Collemos algunhas mostras de minerais dunha pía grande, entre os que había algúns fragmentos daquela esteatita verdosa cuxos estraños bordos de cinco puntas e os seus puntos agrupados en leves patróns, causaron tantas comparacións dubidosas. Tamén atopamos algúns ósos fósiles, entre os que se achaban algúns dos exemplares curiosamente danados.

Non sobreviviu ningún dos cans. O seu curro, construído á presa con neve preto do campamento estaba case destruído por completo. Debeu de ser cousa do vento, aínda que a maior das fendas do muro estaba do lado do campamento, que non era o de barlovento, polo que supuxemos que a fixeron as propias bestas frenéticas. Tamén desapareceran as tres zorras, cousa que intentamos explicar como que o vento as debera de arrastrar cara aos baldíos. A maquinaria da perforadora e do aparello de derreter o xeo estaban demasiado danadas como para intentar recuperalas, así que usámolas para tapar aquela perturbadora entrada ao pasado que dinamitara Lake. Tamén deixamos no campamento dous dos aeroplanos máis avariados, pois entre os que quedabamos da expedición só había catro verdadeiros pilotos: Sherman, Danforth, McTighe e Ropes, pois Danforth estaba nun estado de excitación nerviosa demasiado forte como para pilotar.

Recollemos todos os libros o equipamento científico e todo o que puidemos atopar, aínda que había moitas cousas que desapareceran sen explicación aparente. As tendas e peles ou ben estaban perdidas ou nun estado que as facía inservíbeis.

Por volta das catro da tarde, despois dun longo recoñecemento aéreo logo do que tivemos que dar a Gedney por perdido, enviamos unha mensaxe cautelosa ao *Arkham* para que a transmitise ao exterior. Penso que fixemos

ben en darlle un ton tranquilo e pouco comprometido. O máximo que dixemos sobre a axitación dos nosos cans foi o nerviosos que se sentían pola proximidade dos exemplares biolóxicos, tal e como esperabamos polo relato do pobre Lake. Penso que non mencionamos a inquedanza que sentiron ao cheirar as estrañas esteatitas verdes e algúns outros obxectos esparexidos aquí e aló como instrumentos científicos, os aeroplanos, a maquinaria, tanto do campo como da zona de perforación, cuxas partes estaban afrouxadas, movidas ou alteradas dalgún outro xeito polos ventos que deberon de ter unha boa curiosidade e desexos de investigar.

Sobre os catorce exemplares biolóxicos fomos bastante confusos, o que era perdoábel. Dixemos que os únicos que descubrimos estaban danados, mais quedara deles abondo para probar que a descrición de Lake era completa e moi precisa. Resultou duro manter afastadas desta cuestión as nosas emocións persoais, e nin mencionamos o número nin dixemos como atopamos exactamente os que atopamos. Nese momento xa acordaramos non comunicar nada que suxerise a loucura dunha parte dos homes de Lake, e a verdade é que semellaba froito da loucura atoparnos con seis das monstruosidades danadas coidadosamente soterradas en tumbas de neve de dous metros e medio, coroadas por uns túmulos de cinco puntas con grupos de puntos que formaban patróns exactamente iguais aos das esteatitas verdosas do mesozoico ou o terciario. Os oito exemplares en perfecto estado que mencionara Lake semellaba que se esvaeceran por completo.

Tamén tivemos coidado de non trastornar a opinión pública, polo que Danforth e mais eu dixemos ben pouco da nosa terrorífica viaxe sobre as montañas do día seguinte. Era certo que só un aeroplano radicalmente alixeirado podería cruzar un cordal daquela altura, así que afortunadamente só dous puidemos emprender a viaxe. Cando regresamos á unha da madrugada, Danforth estaba case ao bordo da histeria, mais mantívose admirabelmente tranquilo. Non tiven que convencelo para que mantivese a promesa de non amosar os nosos bosquexos e as outras cousas que trouxeramos nos petos, nin para que non dixera aos demais nada alén do que acordaramos que diriamos, nin para que agochase os carretes fotográficos para revelalos máis tarde en segredo. Logo, esta parte da historia que estou a relatar será igualmente nova para Pabodie, McTighe, Ropes, Sherman e os outros homes, como o é para o resto do mundo. De feito, Danforth é incluso máis discreto ca min, pois viu ou pensou ver algo que nin sequera me quixo contar.

Como todos saben, o noso informe incluía o relato dun duro ascenso, no que confirmamos a opinión de Lake de que os grandes montes eran de lousa precámbrica con outros estratos arcaicos que permaneceran sen mudanzas cando menos desde mediados da época comanichense. Tamén comentabamos a regularidade das formacións en forma de cubo e muralla. Chegamos á conclusión de que as entradas ás cavidades indicaban veas calcarias disoltas. Conxecturamos que algúns dos pasos permitirían cruzar o cordal enteiro a montañeiros experimentados e comentamos que o misterioso lado oposto das montañas agochaba unha inmensa supermeseta tan antiga e sen cambios como as propias montañas, con seis mil metros de altitude, grotescas formacións rochosas sobresaíndo a través dunha fina capa glacial e con outeiros de altitude gradual entre a superficie da meseta e os escarpados precipicios dos picos máis altos.

Todo este conxunto de datos é certo en todos os aspectos e satisfixo completamente os homes do campamento. Escusamos a nosa ausencia de dezaseis horas, que era máis do que anunciamos que iamos estar fóra entre o voo, a aterraxe, o recoñecemento do terreo e a recollida de rochas, a un vento adverso imaxinario, e contamos a verdade sobre a nosa aterraxe nos outeiros máis afastados. Afortunadamente o noso relato soou o realista e prosaico dabondo para que ningún dos outros se vise tentado a intentar emular o noso voo. Se alguén intentase facelo, empregaría cada recurso ao meu alcance para o convencer de non facelo, e non sei o que faría Danfort. Despois de marchar nós, Pabodie, Sherman, Ropes, McTighe e Williamson traballaron como castores nos dous avións de Lake que estaban en mellor estado, deixándoos outra vez listos para usarse a pesar do conxunto inexplicábel de roturas que había nos seus mecanismos.

Decidimos cargar todos os avións á mañá seguinte e iniciar o retorno á nosa antiga base o antes posíbel. Aínda que era un camiño indirecto, era o xeito máis seguro de volver cara ao estreito de McMurdo, xa que un voo directo a través das extensións totalmente descoñecidas daquel continente morto durante eras, podería significar danos adicionais. Era complicado continuar coa exploración en vista da tráxica perda dos nosos homes e dos estragos sobre a maquinaria de perforación. As dúbidas e horrores que nos rodeaban e que non revelamos fixeron que desexásemos só escapar deste mundo austral de desolación e loucura o máis pronto posíbel.

Como o público xa sabe, o noso retorno ao mundo civilizado non implicou ningún desastre a maiores. Todos os aeroplanos chegaron á nosa antiga base no serán do día seguinte (27 de xaneiro) despois dun voo rápido e sen paradas. O día 28 dirixímonos ao estreito de McMurdo, viaxe que fixemos en dúas etapas, cunha pausa intermedia moi breve, causada por un leme que fallou cando atravesabamos un forte refacho de vento sobre unha grande extensión de xeo alén da gran meseta. Cinco días máis tarde, o *Arkham* e o *Miskatonic*, con todos os tripulantes e o

equipo a bordo estaban rompendo a capa de xeo en expansión, dirixíndose ao mar de Ross coas burlonas montañas da Terra de Vitoria erguéndose no oeste, recortadas contra o perturbado ceo antártico, convertendo os refachos de vento nun son musical cuxos intervalos salvaxes me xearon a alma. En menos de quince días perdemos de vista até o último indicio da terra polar que quedaba ás nosas costas e eu dei grazas ao ceo de que nos vísemos libres daquel reino encantado e maldito onde a vida e a morte, o espazo e o tempo, fixeran negras e blasfemas alianzas en épocas descoñecidas nas que a materia se arrastrou e nadou por primeira vez sobre a superficie do planeta apenas arrefriada.

Desde que regresamos sempre fixemos por desalentar calquera exploración antártica e gardamos para nós certas dúbidas e inquedanzas cunha magnífica unidade e confianza. Incluso o mozo Danforth coa súa crise nerviosa nunca fraqueou nin murmurou nada aos seus médicos, aínda que, como xa dixen, hai unha cousa que pensa que viu el só da que nin sequera me quere falar a min, malia que eu penso que axudaría bastante ao seu estado mental que consentise en facelo. Pode explicar e mellorar moito a situación, aínda que é posíbel que iso que viu non sexa máis que unha ilusión provocada polo shock precedente. Esta é a impresión que me dá a min despois deses escasos e irresponsábeis momentos nos que balbuciu cousas inconexas, cousas que nega con vehemencia en canto volve entrar en si.

Será un traballo duro o de disuadir a outros de dirixírense ao gran e branco sur, e algúns dos nosos esforzos poden prexudicar directamente a nosa causa provocando máis desexo de saber. Desde un primeiro momento debemos pensar en que a curiosidade humana é inmortal e que os resultados que anunciamos serían abondo para impulsar a outros a emprender a mesma procura milenaria do descoñecido. Os informes de Lake daquelas monstruosidades biolóxicas subiron os ánimos dos naturalistas e paleontólogos até o grao máis elevado, a pesar de que tivemos o suficiente tino como para non amosar as partes soltas que trouxemos connosco dos exemplares soterrados, nin as fotografías dos exemplares tal e como se atoparon. Evitamos tamén amosar os ósos fracturados máis asombrosos e as esteatitas verdosas. Danforth e mais eu tamén gardamos con celo as fotografías e os debuxos que fixemos na supermeseta de alén do cordal e as cousas engurradas que alisamos, estudamos con terror e trouxemos nos nosos petos.

Mais agora que se está a organizar a expedición Starkweather-Moore e cunha minuciosidade moito maior que a que intentamos acadar na nosa. Se non os disuado, chegarán até o mesmo centro da Antártida e derreterán e perforarán até que saquen á luz aquilo que nós sabemos que pode acabar co mundo. Así que finalmente teño que deixar a un lado todas as miñas reticencias, mesmo aquela sobre a cousa última e innomeábel de alén das montañas da loucura.

IV

Só con enorme reticencia e repugnancia vou deixar que a miña memoria volva até o campamento de Lake e ao que atopamos aló en realidade, e a aquela outra cousa alén das montañas da loucura. Sempre estou tentado a evitar os detalles e a deixar que as insinuacións substitúan os feitos auténticos e as inevitábeis deducións. Espero que xa dixese dabondo para poder mencionar brevemente o resto. O resto, quero dicir, do horror do campamento. Xa falei do terreo arrasado polo vento, dos refuxios danados, a maquinaria desordenada, o variado nerviosismo dos nosos cans, a falta das zorras e outros obxectos, as mortes de homes e cans, a ausencia de Gedney e os seis exemplares biolóxicos enterrados con loucura, misteriosamente ben conservados en canto aos tecidos a pesar dos seus danos estruturais, procedentes dun mundo que levaba corenta millóns de anos morto. Non lembro se cando relatei o noso reconto dos cadáveres dos cans dixen que faltaba un. Non pensamos moito niso até despois e, de feito, só Danforth e máis eu pensamos no tema.

As principais cuestións que evitei contar teñen que ver cos corpos e con certos detalles sutís que quizais poidan ou non dar unha explicación racional espantosa e incríbel ao caos aparente. No seu momento intentei que os meus homes non pensasen niso, pois era máis sinxelo (e tamén máis normal) atribuírlle todo a un arrebato de loucura dunha parte da compañía de Lake. Á vista das cousas, aquel vento endiañado da montaña puidera ser dabondo como para levar á loucura a calquera home que se atopase no centro daquel misterio e desolación da terra.

A maior anomalía era de feito o estado dos corpos, tanto os dos homes como os dos cans. Tiveron algunha clase de loita terríbel e estaban esgazados e esnaquizados dun xeito inexplicábel e demoníaco. Polo que puidemos deducir, a morte produciuse por algunha clase de estrangulación ou laceración. Evidentemente os cans comezaran o problema, xa que o estado no que se achaba o seu precario curro evidenciaba que fora forzado desde o interior. Situárano a certa distancia do campamento debido ao odio que profesaban os animais por aqueles endiañados organismos primixenios, mais a precaución resultou en balde. Cando os deixaron sós baixo aquel vento monstruoso, tras uns muros febles de altura insuficiente, deberon de saír de socato, se ben foi debido ao vento en si ou polo sutil e crecente cheiro que emitían aqueles espécimes de pesadelo, non o podo asegurar.

Mais fose o que fose o que aconteceu, foi ben espantoso e horríbel. Quizais debera deixar a un lado os escrúpulos e contar o peor de todo, aínda que opine categoricamente que, en base ás observacións de primeira man e ás máis firmes deducións de Danforth e miñas, Gedney, que xa desaparecera naquel momento, non foi de ningún xeito o responsábel dos repugnantes horrores que atopamos. Xa dixen que os corpos estaban terribelmente esgazados. Agora debo engadir que algúns tiñan incisións e cortes realizados do xeito máis curioso, cruel e inhumano. Isto ocorría tanto en homes como en cans. Todos os corpos máis saudábeis e gordos, cuadrúpedes ou bípedes tiñan extraídas as partes de carne máis grandes, cortadas e sacadas como por un coidadoso carniceiro; e arredor deles había sal esparexida, procedente dos estragados compartimentos de provisións dos avións, o que en conxunto formaba as máis horríbeis asociacións.

A cousa ocorreu nun dos rudimentarios alpendres dos aeroplanos, de onde foi retirado o avión, e onde os ventos que seguiron ao feito cubriron todas pegadas que podían axudarnos a elaborar algunha teoría plausíbel. Os anacos de roupa esparexidos, arrincados violentamente dos homes que tiñan incisións non daban ningunha pista. É inútil mencionar a leve impresión de que había algunhas pegadas lixeiras sobre a neve na parte protexida do alpendre destruído, xa que aquela impresión non tiña nada que ver con pegadas humanas, senón coas marcas fósiles das que o pobre Lake estivera a falar nas semanas precedentes. Un ten que ser coidadoso coa súa imaxinación cando se atopa baixo a sombra das montañas da loucura.

Tal como xa dixen, Gedney e mais un can desapareceran. Cando descubrimos aquel terríbel alpendre botabamos en falta dous cans, dous homes. Porén, a tenda de disección, que estaba case intacta e na que entramos tras investigar as monstruosas tumbas, tiña algo que nos revelar. Non estaba como a deixara Lake, xa que as partes cubertas daquela monstruosidade primixenia foran retiradas da improvisada mesa. De feito, xa nos decataramos de que unha das seis cousas danadas e enterradas de xeito enlouquecedor, que tiña trazos dun cheiro peculiarmente odioso, debía ser o conxunto de anacos do ente que Lake intentara analizar. Sobre a mesa do laboratorio e guindadas arredor había outras cousas, e non nos levou moito tempo adiviñar que esas cousas eran partes coidadosamente aínda que estraña e inexpertamente diseccionadas dun home e un can. Vou evitar mencionar o nome do home en cuestión para non ferir os sentimentos dos familiares. Os instrumentos de disección de Lake desapareceran, mais había indicios de que os lavaran coidadosamente. A estufa de gasolina tamén desaparecera, aínda que arredor de onde estivera atopamos unha estraña morea de mistos. Enterramos os anacos humanos xunto os outros homes, e os anacos do can xunto os outros trinta e cinco cans. En canto ás raras manchas sobre a mesa do laboratorio e a morea de libros ilustrados torpemente manipulados que atopamos preto, estabamos demasiado afectados para facer conxecturas.

Esta era a peor parte daquel campamento dos horrores, mais había outras cousas que nos deixaron igualmente perplexos. A desaparición de Gedney, dun dos cans, dos oito exemplares intactos, as tres zorras e certos instrumentos, libros técnicos e científicos ilustrados, materiais de escritura, lanternas e baterías, comida e combustíbel, a estufa, unhas tendas, traxes de pel e cousas polo estilo estaba completamente alén de toda conxectura racional. Igual que as manchas de tinta esparexidas por algúns anacos de papel, as evidencias de que os avións e outros artellos mecánicos do campo e da perforación foran manipulados por mans torpes e estrañas. Os cans semellaban aborrecer esta maquinaria estrañamente desordenada. Tamén estaba o caso do desorde na despensa, a desaparición de certos alimentos básicos, o cómico apiado de latas de conserva abertas dos xeitos máis estraños e polos lugares máis estraños. A profusión de mistos esparexidos, intactos, rotos ou consumidos formaba outro enigma menor, igual que as dúas ou tres lonas das tendas e abrigos de pel que atopamos tiradas cunha serie de cortes desconcertantes, atribuíbeis aos esforzos zoupóns por adaptalas de xeito inimaxinábel. O maltrato dos corpos humanos e caninos e o demente enterramento dos espécimes precámbricos danados non eran máis que unha peza nesta aparente loucura destrutora. En previsión dunha eventualidade como a que se nos presenta agora, fotografamos coidadosamente as principais evidencias de demente desorde no campamento e habémolas empregar para apoiar as nosas peticións para que non parta a planeada expedición Starkweather-Moore.

O primeiro que fixemos tras atopar os corpos no alpendre foi fotografar e abrir a ringleira de demenciais tumbas cos túmulos de neve de cinco puntas. Non puidemos evitar fixarnos na semellanza destes monstruosos túmulos, cos seus grupos de puntos agrupados, coas descricións que fixera o pobre Lake das estrañas esteatitas verdosas, e cando atopamos algunhas desas pedras na gran pía de minerais, atopamos que a semellanza era ben grande. Debe quedar claro que o conxunto xeral da formación suxería dunha maneira abominábel as cabezas en forma de estrela de mar das criaturas precámbricas, e estivemos de acordo en que esta semellanza debeu suxestionar moito as mentes dos homes de Lake, sensibilizados polo cansazo.

A loucura, centrada en Gedney como único posíbel supervivente, foi a explicación que adoptamos todos espontaneamente, cando menos no que se refire ao que dixemos, aínda que non serei tan inxenuo como para negar que cada un de nós albergaba conxecturas demenciais que a cordura nos evitou formular. Sherman, Pabodie e McTighe fixeron un recoñecemento aéreo exhaustivo sobre todo o territorio que nos rodeaba pola tarde, albiscando o horizonte con prismáticos en busca de Gedney e todas as cousas que faltaban, mais non descubriron nada. O grupo informou de que aquel titánico cordal se estendía infinitamente a dereita e esquerda, sen diminuír o seu tamaño nin a súa estrutura básica. Nalgúns picos, porén, as formacións regulares de cubos e murallas eran máis acusadas e claras aínda, e tiñan fantásticas similitudes coas ruínas dos outeiros de Asia que pintara Roerich. A distribución de crípticas bocas de covas nos curutos negros e desprovistos de neve era unha constante ao longo de todo o cordal.

A pesar dos horrores que nos rodeaban, quedábannos aínda celo científico e afán aventureiro abondo para preguntarnos sobre o descoñecido reino que se estendería alén daquelas montañas misteriosas. Tal como dixemos nas nosas cautelosas mensaxes, descansamos á media noite despois dun día de terror e desconcerto, mais non sen un plan para intentar un ou máis voos a través do cordal sobre un avión alixeirado, dotado dunha cámara aérea e un equipo de xeólogo, que comezariamos á mañá seguinte. Decidimos que Danfort e mais eu faríamos o primeiro intento, así que nos erguemos ás sete da mañá para intentar emprender cedo o voo. Porén, os fortes ventos que mencionamos no noso breve informe atrasaron a partida até preto das nove da mañá.

Xa repetín o pouco comprometedor relato que lles contei aos homes do campamento e que se retransmitiu ao

resto do mundo despois do noso retorno dezaseis horas despois. Agora teño a terríbel obriga de ampliar este relato enchendo os baleiros piadosos que deixei cos apuntes do que realmente vin naquel mundo oculto tras as montañas, apuntamentos das revelacións que acabaron por levar a Danforth finalmente a un colapso nervioso. Desexaría que el engadise unhas palabras sinceras sobre a cousa que pensa que viu, aínda que probabelmente fose só unha ilusión provocada polos nervios, e que quizais foi a gota que colmou o vaso e o deixou como está agora, mais a súa decisión de non contalo é firme. O único que podo facer é repetir os seus murmurios inconexos sobre a cousa que fixo que comezara a berrar cando o aeroplano enfilaba no camiño de volta da montaña torturada polo vento, despois da experiencia estarrecedora auténtica e tanxíbel que compartín con el. Esta será a miña última palabra sobre os feitos. Se os claros indicios que apuntarei sobre a supervivencia de horrores primixenios non son abondo para evitar que outros se dirixan ao corazón do Antártico, ou cando menos para que eviten investigar demasiado fondo baixo a superficie dese deserto terminal de segredos prohibidos e inhumanos, maldito e desolado durante idades, a responsabilidade de males sen nome e quizais sen medida non será miña.

A partir das notas que fixera Pabodie durante o seu voo da tarde anterior e coa axuda do sextante, Danforth e mais eu calculamos que o paso máis baixo á nosa disposición no cordal estaba situado contra a nosa dereita, visíbel desde o campamento, e tiña arredor de sete mil metros de altitude sobre o nivel do mar. Logo emprendemos a viaxe cara a ese punto no aeroplano alixeirado, dispostos a realizar a nosa expedición de descubrimento. O campamento, situado sobre os contrafortes que estendían desde a gran meseta continental estaba a unha altitude aproximada de tres mil cincocentos metros, polo que o noso ascenso non era tan grande como semellaba a primeira vista. Aínda así decatámonos de que o aire se enrarecía e arrefriaba intensamente, xa que debido ás condicións de visibilidade, tivemos que deixar abertas as escotillas da cabina. Levabamos postos, por suposto, os nosos abrigos máis grosos.

A medida que nos achegabamos aos ameazadores curutos, que se erguían negros e sinistros sobre a liña de neve cortada polos desfiladeiros e os glaciares intersticiais, decatámonos máis e máis das formacións curiosamente regulares que se estendían polas abas e pensamos outra vez nas estrañas pinturas asiáticas de Nicholas Roerich. Os estratos de rocha antigos e castigados polo vento confirmaban completamente os informes de Lake e probaban que estes picos se ergueran exactamente do mesmo xeito desde idades sorprendentemente antigas da historia da Terra, quizais máis de cincuenta millóns de anos. Sobre a altura que puideron chegar a ter noutros tempos non se podía pensar, mais todo nesta estraña rexión apuntaba a misteriosas influencias atmosféricas desfavorábeis ao cambio e deseñadas para retardar os procesos climáticos habituais de desintegración da rocha.

Pero era a morea de cubos regulares, murallas e bocas de cavernas da aba o que máis nos fascinou e nos inquietou. Estudeinas cos prismáticos e tomei fotografías aéreas mentres Danforth pilotaba. Por momentos relevaba o meu compañeiro nos mandos para que el tamén puidese usar os prismáticos, aínda que o meu coñecemento da aviación era só o dun afeccionado. Puidemos deducir con facilidade que unha boa parte do material do que estaban feitas aquelas cousas era unha cuarcita precámbrica clara, diferente de calquera outra formación visíbel sobre as zonas despexadas da superficie normal; e a súa regularidade era terríbel e misteriosa até un punto que nin o pobre Lake puidera apuntar.

Tal e como dixera, os bordos estaban esnaquizados e arredondados por idades enteiras de erosión salvaxe, mais a súa solidez preternatural e a dureza do material salváraas da destrución. Moitas partes, especialmente aquelas que estaban máis preto dos contrafortes, semellaban idénticas en substancia á superficie de rocha circundante. Todo o conxunto semellaba as ruínas do Macchu Picchu nos Andes, ou os alicerces das murallas de Kish, escavados por unha expedición do Oxford Field Museum en 1929. De cando en cando, tanto Danforth coma min tivemos a impresión de que había bloques ciclópeos separados, o mesmo que Lake dixera que vira o seu compañeiro de voo Carroll. Explicar a presenza daquelas cousas naquel lugar estaba francamente alén da miña competencia, e sentinme estrañamente humillado como xeólogo. As formacións ígneas presentan a miúdo estrañas regularidades, como a famosa Calzada dos Xigantes en Irlanda, mais este formidábel cordal, a pesar da suposición orixinal de Lake sobre conos fumeantes, era por riba de todo de estrutura non volcánica.

As curiosas bocas das covas, preto das cales as formacións estrañas semellaban máis abundantes, presentaban outro enigma un pouco menor debido á regularidade do seu trazado. Tal e como Lake dixera no seu informe, eran polo normal aproximadamente cadradas ou semicirculares, como se os orificios naturais fosen modelados con maior simetría por obra dunha man máxica. O seu número e distribución, repartidas por toda a zona, eran notábeis, e suxerían que a rexión enteira estaba furada como un panal de abellas, con túneles labrados nos estratos de pedra calcaria. As nosas miradas non penetraron moito no interior das cavernas, mais puidemos ver que aparentemente non tiñan estalactitas nin estalagmitas. Na parte exterior, as abas dos montes adxacentes ás aberturas semellaban invariabelmente lisos e regulares, e Danforth pensou que as pequenas fendas e furados da

erosión tendían a ter patróns nada usuais. Influenciado como estaba polos horrores e as rarezas descubertas no campamento, insinuou que os furados lembraban vagamente a aqueles desconcertantes grupos de puntos repartidos sobre as esteatitas verdosas primixenias, tan espantosamente duplicadas sobre os demenciais túmulos levantados sobre as seis monstruosidades soterradas.

Xa nos foramos elevando gradualmente no noso voo sobre os contrafortes máis altos, en dirección ao paso relativamente baixo que escolleramos. Mentres avanzabamos mirabamos abaixo de cando en cando, cara á ruta terrestre de neve e xeo, preguntándonos se puideramos intentar esta viaxe co equipamento máis simple de expedicións pasadas. Para a nosa sorpresa, vimos que o terreo estaba lonxe de ser difícil dentro do que podía chegar a ser, e que a pesar das fendas glaciares e outros puntos complicados, non había obstáculos que puidesen deter as zorras dun Scott, un Shackleton ou un Amundsen. Algúns dos glaciares semellaban levar a pasos varridos polo vento cunha continuidade pouco usual, e cando chegamos ao noso paso vimos que non constituía unha excepción.

Os nosos sentimentos de tensa expectación cando nos preparamos para rodear a crista e penetrar nun mundo nunca pisado dificilmente se poden describir sobre o papel. Aínda así, non tiñamos motivo para pensar que as rexións alén do cordal fosen esencialmente distintas das que xa viramos e atravesaramos. O aire de maligno misterio naquela barreira montañosa e do incitante mar de ceo opalescente que se entrevía entre os curutos era cousa de tal leve sutileza que non se pode explicar con palabras. Era máis ben unha cuestión de vago simbolismo psicolóxico e asociación estética, unha mestura de poesía e pinturas exóticas con mitos arcaicos que estaban á espreita en libros rexeitados e prohibidos. Mesmo a forza do vento traía unha particular tensión de malignidade consciente e durante un segundo semellou que o seu zoar complexo incluía un estraño asubío ou chifre musical dun amplo intervalo cando os refachos de vento entraban e saían das omnipresentes e resoantes bocas das cavernas. Había unha escura nota neste zoar que provocaba un recordo de repulsión, tan complexo e indescritíbel como calquera outra das escuras impresións que tiñamos.

Estabamos agora, despois dun lento ascenso, a unha altura de sete mil cento oitenta e catro metros segundo o barómetro e xa deixaramos definitivamente baixo nós a zona nevada. Aquí arriba só había abas de rocha escura e viva e o comezo dos glaciares de duras arestas, mais sempre aqueles suxestivos cubos, murallas e resoantes bocas de covas que engadían un presaxio antinatural, fantástico e onírico. Mirando todo ao longo a liña de curutos pensei ver aquel que mencionara o pobre de Lake, cun bastión xusto sobre o cumio. Semellaba estar medio perdido no medio dunha misteriosa bruma antártica, e quizais fora esa bruma a responsábel de que Lake pensase no vulcanismo. O paso abríase xusto diante de nós, suave e varrido polo vento, entre dúas torres angulosas de maligna mirada. Máis aló había un ceo perturbado con remuíños de vapor e iluminado polo baixo sol polar: o ceo daquel reino misterioso e afastado que sentiamos que non vira ser humano ningún.

Uns poucos metros máis de elevación e xa contemplaríamos ese reino. Danforth e mais eu, incapaces de falar agás aos berros no medio daquel vento que zoaba e asubiaba correndo polo paso, sumado ao ruído dos motores, intercambiamos elocuentes miradas. E despois, tras gañar eses últimos metros miramos sobre a barreira divisoria e enxergamos os segredos nunca descubertos dunha terra primixenia e completamente allea ao noso mundo.

V

Penso que os dous berramos simultaneamente nunha mestura de arreguizo, abraio, terror e incredulidade nos nosos sentidos cando finalmente sorteamos o paso e ollamos o que había máis aló. Por suposto, naquel momento debemos ter presente algunha teoría natural nas nosas mentes para manter as nosas facultades mentais. Probabelmente pensamos en cousas como as rochas grotescamente erosionadas do Xardín dos Deuses en Colorado ou nas rochas fantasticamente simétricas modeladas polo vento do deserto de Arizona. Quizais pensamos a medias que estabamos a ver un espellismo semellante ao que viramos a mañá anterior na nosa primeira aproximación a aquelas montañas da loucura. Tivemos que recorrer a estas nocións normais cando os nosos ollos percorreron a ilimitada meseta ferida polo vento e ollamos o case infinito labirinto de masas de pedra colosais, regulares e xeometricamente eurítmicas que alzaban as súas esnaquizadas e furadas cristas sobre unha capa de xeo de non máis de doce ou quince metros de espesor na parte máis grosa e obviamente máis fina noutras zonas.

O efecto daquela vista monstruosa era indescritíbel, xa desde o principio semellaba que posuía unha certa violación diabólica das leis naturais coñecidas. Aquí, nunha planicie infernalmente antiga a seis mil metros de altitude e cun clima mortal para toda vida desde épocas prehumanas, hai non menos de cincocentos mil anos, estendíase até onde alcanzaba a vista, un conxunto de pedra ordenada que só a desesperación da autodefensa mental podería atribuír a outra cousa que non fose a obra consciente e artificial. Xa desbotaramos con anterioridade, por ser allea á razón, calquera teoría sobre unha orixe non natural dos cubos e as murallas das abas. Non podían ser doutro xeito, posto que o ser humano pouco se diferenciara aínda dos grandes simios na época en que esta rexión sucumbira ao actual reino perpetuo de morte glacial.

Mais agora o reino da razón semellaba irrefutabelmente sacudido, xa que este labirinto ciclópeo de bloques cadrados curvos e angulosos tiña características que a privaban de calquera refuxio. Tratábase, claramente, da blasfema cidade do espellismo convertida nunha realidade clara, obxectiva e ineludíbel. Aquel maldito portento tivera unha base material despois de todo. Seguramente había algún estrato horizontal de po de xeo nas capas altas do aire, e este horrendo supervivente de pedra proxectara a súa imaxe sobre as montañas de acordo coas simples leis da refración. Abofé que o no espellismo estaba estorcida e esaxerada, e contiña elementos que non contiña a fonte orixinal, mais agora, cando viamos a forma orixinal, pensamos que era aínda máis espantosa e ameazante que a súa distante imaxe.

Só a incríbel e inhumana enormidade daquelas vastas torres e murallas de pedra salvara o aterrecedor conxunto dunha total aniquilación ao longo dos centos de miles de anos (quizais millóns) que pasara aló baixo os embates da meseta inhóspita. «Corona Mundi», o Teito do Mundo. Dos nosos beizos saían toda clase de nomes fantásticos mentres mirabamos abaixo con vertixe cara ao incríbel espectáculo. Pensei outra vez nos mitos preternaturais que me perseguiran desde que vin por primeira vez este morto mundo antártico. Pensei na meseta de Leng, no Mi-Go ou Abominábel Home das Neves do Himalaia, nos *Manuscritos Pnakóticos* coas súas implicacións prehumanas, no culto de Cthulhu, no *Necronomicon* e nas lendas hiperbóreas do informe Tsathoggua e algo peor que informe enxendro estelar asociado a esta semientidade.

Durante quilómetros sen fin en todas as direccións, aquela cousa estendíase case sen perder densidade. Se feito, ao percorrela coa vista de dereita a esquerda, desde a base dos contrafortes baixos e graduais que a separaban da propia cadea montañosa, decatámonos de que non podiamos ver unha diminución da densidade, agás nunha interrupción á esquerda do paso polo que viñeramos. Simplemente atoparamos unha parte limitada ao azar de algo de incalculábel extensión. Os contrafortes estaban menos densamente sementados de grotescas estruturas de pedra, unindo a terríbel cidade cos xa familiares cubos e murallas que evidentemente formaban as súas avanzadas

nas montañas. Estas últimas, ao igual que as estrañas entradas ás covas, eran igual de abundantes na parte interior como na exterior do cordal.

Aquel labirinto de pedra sen nome consistía, na súa maior parte, en muros que ían dos tres aos corenta e cinco metros de altura, e dun grosor que variaba entre o metro e medio e os tres metros. Estaba composto na súa maior parte de prodixiosos bloques de escura lousa primordial, xisto e calcárea, e os bloques en moitos casos eran de un metro vinte por un oitenta por dous corenta, aínda que en algúns sitios semellaba que foran tallados directamente sobre o chan irregular e sólido da lousa precámbrica. As construcións distaban moito de ser de tamaño regular, pois había gran cantidade de estruturas en forma de panal de abella de enorme extensión e tamén estruturas máis pequenas separadas. A forma predominante destas tendía a ser cónica, piramidal ou con chanzos, aínda que había moitos cilindros perfectos, cubos perfectos, grupos de cubos e outras formas rectangulares, así como unhas peculiares agrupacións de edificios angulosos cuxa planta en forma de estrela de cinco puntas semellaba dun xeito basto á de fortificacións modernas. Os construtores fixeran un uso constante e experto do principio do arco e seguramente en mellores tempos a cidade tería cúpulas.

Todo o conxunto estaba mostruosamente erosionado e a superficie glacial da que saían as torres estaba estrada de bloques caídos e entullo de tempos inmemoriais. Onde a capa de xeo era transparente, puidemos ver a parte inferior das xigantescas torres e distinguimos pontes de pedra conservadas no xeo que conectaban as distintas torres a distintas distancias sobre o chan. Na parte exterior dos muros puidemos ver zonas con marcas que evidenciaban que antano houbera pontes máis altas do mesmo tipo. Unha ollada máis detida revelou infinidade de xanelas grandes, algunhas das cales estaban pechadas con contras dun material petrificado que antano fora madeira, aínda que a maioría bocexaban abertas dun xeito sinistro e ameazante. Moitas das ruínas, de feito, non tiñan tellado, senón unha parte superior arredondada polo vento, mentres que outras, as dos edificios máis afiados tipo cono ou pirámide, ou aqueles protexidos por construcións máis altas, preservaban intacto o seu contorno, a pesar da omnipresente ruína. Cos prismáticos puidemos ver con dificultade o que semellaban ser decoracións escultóricas en forma de bandas horizontais, decoracións que incluían aqueles estraños grupos de puntos cuxa presenza nas antigas esteatitas agora adquiría un significado moito máis relevante.

En moitos lugares os edificios estaban totalmente arruinados e a capa de xeo profundamente fendida por diversas causas xeolóxicas. Noutros lugares a pedra estaba desgastada até o nivel do xeo. Había unha ampla faixa que se estendía desde o interior da meseta cara a unha fenda nos contrafortes, a un quilómetro e medio á esquerda do lugar polo que pasaramos, que estaba completamente libre de edificios. Chegamos á conclusión de que probabelmente representase o curso dalgún gran río que durante a era terciaria (había millóns de anos) atravesara a cidade e desaparecera despois nalgún prodixioso abismo subterráneo da gran barreira montañosa. En verdade esta era unha zona de covas, abismos e secretos subterráneos alén do coñecemento humano.

Lembrando agora o que sentimos e pensando no noso atordamento ao ver aquel monstruoso supervivente de épocas pasadas que pensabamos prehumanas, só me podo marabillar de que preservásemos o equilibrio mental como o fixemos.

De feito, sabiamos que había algo que estaba tremendamente equivocado: a cronoloxía, a teoría científica ou a nosa propia consciencia, mais mantivemos a suficiente compostura como para pilotar o aeroplano, observar moitas cousas con atención e tomar coidadosamente unha serie de fotografías que nos servirían a nós os dous e mais ao mundo para un bo propósito. No meu caso, o meu arraigado hábito científico debeu de servirme, xa que por riba do meu desconcerto e sentimento de ameaza, ardía unha dominante curiosidade por coñecer máis deste segredo primordial, por saber que clase de criaturas construíran e viviran neste lugar incalculabelmente titánico, e que relación tivera co mundo corrente da súa época ou doutras épocas unha concentración de vida tan singular.

Pois este sitio non puido ser unha cidade normal. Debeu de constituír o núcleo principal e centro dalgún arcaico e incríbel capítulo na historia da Terra, cuxas ramificacións exteriores, lembradas só vagamente polos máis escuros e estorcidos mitos, se perderan totalmente no medio do caos das convulsións terrestres moito antes de que calquera raza humana que coñezamos se distinguise dos simios. Aquí xacía unha megalópole paleóxena, en comparación coa cal, as míticas Atlantis e Lemuria, Commoriom e Uzuldaroum, e Olathoc na terra de Lomar, eran cousas recentes de hoxe mesmo, nin sequera de onte. Unha megalópole do nivel de aquelas só murmuradas en blasfemias prehumanas como Valusia, R'lyeh, Ib, na terra de Mnar e a Cidade sen Nome do Deserto de Arabia. Cando voabamos sobre aquela morea de inhóspitas torres titánicas a miña imaxinación ás veces traspasaba todas as fronteiras e vagaba sen norte en reinos de asociacións fantásticas, tecendo mesmo vínculos entre este mundo perdido e algún dos meus soños máis demenciais relativos ao terror tolo do campamento.

O tanque de combustíbel do aeroplano só estaba medio cheo para permitirnos unha maior lixeireza, polo que agora tiñamos que ser ben precavidos nas nosas exploracións. Porén, aínda cubrimos unha enorme extensión de

terreo (ou máis ben de aire) antes de descender até un nivel en que o vento practicamente non sopraba. Semellaba que o cordal non tiña límites e tampouco a estarrecedora cidade de pedra que bordeaba os seus contrafortes interiores. Oitenta quilómetros de voo nas dúas direccións non nos amosaron ningunha mudanza significativa no labirinto de rocha e cantaría que se agarraba como un cadáver ao xeo eterno. Había, porén, algunhas modificacións sorprendentes, como o trazado no canón onde antano aquel amplo río atravesaba os contrafortes e se aproximaba ao lugar onde se fundía no gran cordal. As elevacións que bordeaban a entrada do río foran fondamente talladas en piares ciclópeos, e había algo no seu deseño basto e semellante a un bocoi que espertou en Danforth e en min algúns recordos a medias estrañamente vagos, odiosos e confusos.

Tamén sobrevoamos algúns espazos abertos en forma de estrela, evidentemente prazas públicas, e distinguimos varias ondulacións no terreo. Onde se erguía un outeiro alto, normalmente estaba escavado para convertelo nunha especie de edificio labiríntico de pedra, mais había cando menos dúas excepcións. Unha destas estaba demasiado erosionada como para distinguir que houbera no cumio, mais o outro aínda tiña enriba un fantástico monumento cónico tallado en rocha sólida e bastante semellante a algunhas cousas como a ben coñecida Tumba da Serpe no antigo val de Petra.

Voando terra dentro desde as montañas, descubrimos que a cidade non tiña unha largura infinita, aínda que semellaba que a súa lonxitude ao longo dos contrafortes non tiña fin. Despois de cincuenta quilómetros os grotescos edificios de pedra comezaron a rarear, e quince quilómetros máis aló chegamos a un deserto ininterrompido virtualmente sen signos de ningunha construción artificial. O curso do río alén da cidade semellaba marcado por unha liña larga e afundida, mentres que a terra comezaba a estar máis accidentada, elevándose un pouco cara ao oeste envolto en brumas.

Até ese momento non fixeramos ningunha aterraxe, mais abandonar aquela meseta sen intentar sequera entrar nalgún dos monstruosos edificios resultaba inconcibíbel. Logo, decidimos buscar un lugar chan nos contrafortes próximos ao paso que empregaramos e aterrar aló para explorar algo a pé. Malia que estes outeiros graduais estaban en parte cubertos de ruínas dispersas, un voo baixo pronto nos descubriu un bo número de posíbeis lugares de aterraxe. Despois de seleccionar o máis próximo ao paso, para poder emprender o voo de volta ao campamento a través da gran cadea montañosa, a iso das doce e media conseguimos efectuar unha aterraxe nun campo chan de neve dura, desprovisto de obstáculos e bo para realizar unha engalaxe rápida e favorábel máis tarde.

Non semellaba necesario protexer o aeroplano cunhas barreiras de neve, xa que iamos estar pouco tempo fóra e non había ventos fortes a esta altitude. Logo, simplemente nos aseguramos de que os patíns de aterraxe estivesen ben ancorados e que as partes vitais do mecanismo estivesen protexidas contra o frío. Para facer o percorrido a pé descartamos os nosos grosos abrigos de voar e levamos connosco un pequeno equipamento que consistía nun compás de peto, unha cámara, unhas poucas provisións, grandes cadernos e papel, martelo e cicel de xeólogo, bolsas de mostras, unha bobina de corda de escalada e unhas potentes lanternas eléctricas con pilas de reposto. Meteramos este equipo no aeroplano por se se presentaba a posibilidade de aterrar e tomar fotografías desde terra, facer debuxos e mapas topográficos e obter mostras de rocha dalgunha aba descuberta ou dunha cova. Afortunadamente tiñamos unha boa cantidade de papel extra para rompelo e metelo nunha bolsa de mostras e usalo co antigo principio da «lebre e os sabuxos» para marcar así o noso camiño polo interior dos labirintos nos que nos podiamos meter. Trouxéramolo por se se presentaba o caso de atoparmos algún sistema de cavernas co aire suficientemente quedo para permitirnos usar este rápido e sinxelo método en lugar do típico método de sinalar o percorrido facendo marcas nas rochas.

Mentres camiñabamos con cautela sobre a neve endurecida cara ao formidábel labirinto de pedra que se erguía contra o opalescente oeste, tivemos unha sensación case tan forte das marabillas que nos esperaban como a que sentiramos catro horas antes ao aproximarnos ao nunca visto paso das montañas. É certo que xa nos afixeramos a ver o incríbel segredo gardado pola barreira de cumios, mais aínda así, a idea de entrar naqueles muros primordiais erguidos por criaturas conscientes quizais millóns de anos atrás (antes de que puidese existir calquera raza humana coñecida) non era menos pavoroso e potencialmente terríbel nas súas implicacións de anormalidade cósmica. Malia que a finura do aire a esta prodixiosa altitude facía o esforzo algo máis difícil do normal, tanto Danforth coma min atopámonos con que o soportabamos moi ben e sentímonos capaces de levar ao cabo calquera tarefa que nos caese en sorte. Levounos só uns poucos pasos chegar a unha informe ruína erosionada até o nivel da neve, mentres que uns setenta e cinco metros máis aló se erguía unha enorme fortaleza sen teito que aínda conservaba na súa grandeza o contorno de cinco puntas e se erguía até unha altura irregular duns tres ou tres metros e medio. Dirixímonos cara a ela logo, e cando xa estabamos a distancia de tocar as súas erosionadas pedras ciclópeas, sentimos como se estabelecésemos un vínculo blasfemo e sen precedentes con

idades esquecidas normalmente fechadas para a nosa especie.

Esta fortaleza, con forma de estrela e aproximadamente duns noventa metros de punta a punta estaba contruída con bloques de arenito xurásico de tamaño irregular, cuns dous metros por dous e medio aproximadamente. Había unha ringleira de orificios con arcos ou xanelas dun metro e medio por metro e medio, a intervalos simétricos ao longo das puntas da estrela e os ángulos interiores, coa parte inferior a un metro vinte da superficie xeada. Mirando a través delas puidemos ver que os muros tiñan un metro e medio de espesor, que non quedaban restos de tabicado interior e que quedaban trazas de marcas en forma de bandas ou baixorrelevos nas paredes interiores, feitos que xa descubriramos antes, cando voamos baixo sobre este bastión e sobre outros semellantes. Aínda que en orixe deberan de existir niveis inferiores, todo signo dos mesmos estaba completamente borrado pola fonda capa de xeo e neve desta zona.

Reptamos a través dunha das xanelas e intentamos descifrar en balde os deseños murais case borrados, mais non intentamos forzar de ningún xeito o chan xeado. Os nosos voos de recoñecemento indicárannos que moitos edificios na propia cidade estaban menos tomados polo xeo e que quizais poderiamos atopar interiores completamente despexados que nos levasen abaixo, cara ao auténtico nivel do solo se entrabamos naquelas estruturas que aínda tiñan tellado. Antes de deixar a fortaleza fotografámola coidadosamente e estudamos a súa ciclópea cantaría sen morteiro con completo abraio. Desexamos que Pabodie estivese connosco, xa que os seus coñecementos de enxeñaría seguramente nos axudarían a descubrir como se puideran manexar aqueles bloques titánicos nunha era tan incribelmente remota cando a cidade e os seus arrabaldes se construíran.

Aquela camiñada de case un quilómetro costa abaixo cara á verdadeira cidade, co vento das capas altas zoando con forza salvaxe en balde entre os picos do fondo que se elevaban cara ao ceo, foi algo que ficará gravado na miña mente até o último detalle. Só en pesadelos fantásticos podería calquera ser humano, agás Danforth e mais eu, concibir tales efectos ópticos. Entre nós e os revoltos vapores do oeste xacía aquela monstruosa morea de torres de torres de pedra escura, as súas formas extravagantes e incríbeis impresionábannos novamente en cada novo ángulo de visión. Era un espellismo en pedra sólida e se non fose polas fotografías, aínda dubidariamos de que puidese existir cousa tal. Polo xeral, a cantaría era idéntica á do bastión que examinaramos, mais as formas extravagantes que esta adoptaba nas súas manifestacións urbanas superaban calquera descrición.

Mesmo as fotografías só ilustran unha ou dúas formas da súa infinita variedade, a súa inmensidade preternatural e o seu exotismo completamente alleo ao noso mundo. Había formas xeométricas para as que Euclides apenas podería atopar nome: conos con todos os graos posíbeis de irregularidade e truncamento, estruturas con banzos con toda clase, de desproporcións provocativas, ocos con estrañas prolongacións bulbosas, columnas tronzadas formando curiosas agrupacións e estruturas de cinco puntas ou cinco cristas dementemente grotescas. A medida que nos achegamos puidemos ver baixo algunhas partes transparentes da capa de xeo e albiscamos algunhas das pontes tubulares de pedra que conectaban as estruturas esparexidas a diferentes alturas. Semellaba que non existía orde ningunha nas rúas e a única faixa despexada estaba a un quilómetro e medio á esquerda, no lugar por onde sen dúbida fluíra o río a través da cidade en dirección ás montañas.

Os prismáticos amosáronnos que as bandas horizontais externas dos relevos case borrados e os grupos de puntos eran moi comúns e puidemos imaxinar a medias como debeu de ser a cidade en tempos, aínda que a maior parte dos terrados e as partes superiores das torres xa desapareceran. En conxunto, fora un complexo enredo de retortas calexas e ruelas, todas elas moi fondas e pouco máis que túneles debido á altura dos edificios e as pontes que cruzaban sobre elas. Agora, estendida aos nosos pés, semellaba un soño de fantasía recortado contra a bruma do oeste a través de cuxo extremo setentrional loitaba por brillar o vermello sol antártico da primeira hora da tarde. Cando, durante un momento, o sol atopou unha obstrución máis densa e deixou a escena envolta nunha sombra temporal, o efecto foi tremendamente ameazador nun sentido que espero non poder describir nunca. Mesmo o feble bruar e chiar do vento invisíbel entre os grandes desfiladeiros das montañas tras de nós engadiu unha nota máis salvaxe de determinada malignidade. A última fase do noso descenso á cidade foi tremendamente empinada e abrupta, e unha rocha que sobresaía no bordo do lugar onde cambiaba o nivel levounos a pensar que en tempos debeu existir aló unha escalinata artificial. Baixo a capa glaciar, pensamos, debería haber un tiro de escalas ou algo equivalente.

Cando finalmente entramos na cidade propiamente dita, gabeando sobre o entullo e achicados pola opresiva proximidade e a empequenecedora altura das omnipresentes murallas tronzadas e cheas de furados, as nosas sensacións volvéronse outra vez tales que me marabillei da cantidade de autocontrol que conservei. Danforth estaba moi nervioso e comezou a facer algunhas especulacións ofensivas e irrelevantes sobre o horror do campamento, que me molestaron especialmente porque non podía evitar compartir certas conclusións que nos obrigaban a aceptar moitas da características deste mórbido supervivente dunha antigüidade de pesadelo. As

especulacións funcionaban tamén na súa imaxinación, xa que nun lugar onde unha calexa chea de entullo cambiaba bruscamente de dirección insistiu en ver leves marcas de pegadas no chan das que non gustaba nada. Nalgúns outros sitios paraba escoitar un imperceptíbel e imaxinario son proveniente dalgún lugar indefinido, un asubío amortecido, dicía, semellante ao que facía o vento nas covas das montañas, aínda que inquietantemente distinto. As constantes formas de cinco puntas da arquitectura circundante e dos poucos relevos perceptíbeis tiñan unha suxestividade sutilmente sinistra da que non podiamos escapar, e déronnos unha imaxe de terríbel certeza subconsciente sobre as entidades primixenias que se criaran e viviran naquel lugar impío.

Porén, o noso espírito científico e aventureiro non estaba completamente morto, e mecanicamente levamos ao cabo o noso programa de recoller mostras de todos os tipos de rocha representados na cantaría. Queriamos unha colección ben completa para tirar as mellores conclusións relativas á idade daquel lugar. Nada das grandes murallas exteriores semellaba datar dunha época posterior aos períodos xurásico e o comanichense, como tampouco había ningunha pedra dentro do conxunto interior máis recente que o plioceno. A simple realidade era que estabamos camiñando a través dunha morte que reinara cando menos durante cincocentos mil anos, e probabelmente máis tempo.

A medida que avanzabamos a través de este labirinto de penumbra entre as pedras parabamos en todas as aberturas ao noso alcance para estudar o interior das construcións e investigar as posibilidades de entrar. Algunhas estaban alén do noso alcance, mentres que outras levaban só a ruínas derrubadas polo xeo, desertas e sen teito, igual que o bastión do outeiro. Unha, malia que espazosa e aparentemente doada, abríase a un abismo que semellaba non ter fondo no que non había xeito aparente de descender. Nalgúns momentos tiñamos a oportunidade de estudar a madeira petrificada dalgunha xanela, e quedamos impresionados pola fabulosa antigüidade das veas que aínda que distinguían. Esta madeira proviña de ximnospermas e coníferas do mesozoico (especialmente de cicadas do cretácico) e de miraguanos e anxiospermas primitivas claramente terciarias. Definitivamente, non se achaba nada posterior ao plioceno. A colocación destas xanelas, cuxos bordos amosaban a antiga presenza de estraños gonzos desaparecidos hai tempo, amosaba usos variados, xa que algunhas estaban na parte externa e outras na parte interna das fondas troneiras. Semellaba que quedaran encaixadas no sitio, polo que sobreviviran á oxidación dos antigos gonzos e feches metálicos.

Despois dun tempo pasamos por unha ringleira de xanelas situadas nos saíntes dun colosal cono de cinco arestas cuxo ápice estaba intacto. Levaban a unha estancia vasta e ben preservada co chan de pedra, mais estaban demasiado altas dentro da estancia como para poder baixar sen axuda dunha corda. Levabamos corda connosco, mais non desexabamos molestarnos con este descenso de seis metros a menos que nos vísemos obrigados, especialmente co aire enrarecido da meseta que obrigaba ao corazón a facer máis esforzos. Esta estancia enorme era probabelmente algunha clase de sala de reunión, e as nosas lanternas eléctricas amosáronnos unha serie de esculturas rechamantes, precisas e probabelmente impresionantes, ordenadas ao longo das paredes en amplas bandas horizontais separadas por tiras igualmente largas de arabescos convencionais. Tomamos boa nota da súa localización, coa intención de entrar no lugar a menos que atopásemos algún outro de máis fácil acceso.

Finalmente atopamos exactamente a entrada que queriamos, unha arcada de aproximadamente dous metros de largo e tres de alto, no extremo anterior dunha ponte que en tempos atravesara unha calexa e que agora estaba situada a un metro e medio sobre o nivel do xeo. Estas arcadas, abofé, funcionaran como entradas aos pisos superiores, e neste caso estes pisos aínda existían. O edificio ao que daba acceso estaba formado por unha serie de terrazas rectangulares que se abrían cara ao oeste á nosa esquerda. Ao outro lado da ruela onde se abría a outra arcada había un ruinoso cilindro sen xanelas e cun curioso avultamento a uns tres metros sobre a abertura. O seu interior estaba totalmente escuro e a arcada semellaba abrirse a un pozo de baleiro interminábel.

O entullo amoreado facía máis sinxela aínda a entrada ao basto edificio da esquerda, aínda que dubidamos por un momento en aproveitar esta oportunidade que levabamos tempo agardando. Pois aínda que penetraramos nun labirinto de arcaico misterio, o feito de entrarmos nun edificio completo e supervivente dun mundo fabulosamente primitivo cuxa natureza se estaba amosando máis e máis terríbel para nós requiría unha anovada resolución. Ao final, así e todo, demos o paso e gabeamos sobre o entullo até o arco. O chan que se abría ante nós estaba formado por grandes pezas de lousa e semellaba a saído dun corredor longo e alto de paredes esculpidas.

Ao ver a cantidade de entradas que se abrían no interior e ao decatarnos da complexidade que podía ter o conxunto de estancias, decidimos que debiamos comezar a marcar o noso camiño co sistema do can e a lebre. Até o momento os nosos compases, xunto coa frecuente visión da vasta cadea montañosa entre as torres que nos rodeaban fora suficiente para evitar extraviarnos, mais a partir de agora había ser necesario o novo sistema. En consecuencia partimos o noso papel sobrante en anacos de tamaño axeitado e puxémolos nunha bolsa que levaría Danforth, preparados para usalos coa maior economía e seguridade que puidésemos. Este método probabelmente

nos daría seguridade mentres permanecésemos dentro, xa que semellaba que non había correntes de aire fortes no interior do edificio primixenio. Se isto ocorrese, ou se o noso subministro de papel se esgotase, de seguro teriamos que volver ao sistema máis seguro pero máis canso e lento de cicelar as rochas.

A extensión do territorio que se acababa de abrir ante nós era imposíbel de adiviñar sen facer unha exploración. A estreita e frecuente conexión dos diferentes edificios facía que puidésemos cruzar dun ao outro polas pontes que había baixo o xeo, agás cando o camiño estaba cortado por derrubamentos locais ou fallas xeolóxicas, xa que semellaba que dentro das enormes construcións non entrara case xeo. Case todas as zonas de xeo transparente amosaran que as xanelas somerxidas estaban fortemente fechadas, como se a cidade estivese nese estado uniforme até que a capa glacial viñera cristalizar a parte baixa para o resto do tempo. De feito, tiñamos a curiosa impresión de que este lugar fora deliberadamente fechado e abandonado nalgunha idade escura e perdida, máis que sorprendido por algunha calamidade repentina ou unha decadencia gradual. Acaso a chegada do xeo fora prevista e unha poboación sen nome partira en masa na procura dun lugar menos condenado? As condicións fisiográficas concretas relativas á formación da capa de xeo nese momento eran algo que tiña que agardar para buscarlle solución. Era claro que non fora unha desbandada repentina. Quizais a presión das neves acumuladas fora a responsábel, ou quizais algunha enchente do río, ou a rotura da barreira dalgún glaciar do gran cordal, axudaran a crear o especial estado que se observaba agora. A imaxinación podía concibir case calquera cousa en relación a este lugar.

VI

Sería aborrecido dar conta detallada e minuciosa do noso vagar polo interior daquel labirinto cavernoso e morto durante eóns de cantaría primixenia, aquela monstruosa gorida de segredos primitivos na que agora resoaban por primeira vez despois de épocas incontábeis os pasos humanos. Isto é especialmente certo polo gran drama e revelación que supuxo o estudo dos omnipresentes relevos murais. As nosas fotografías tomadas á luz do flash daqueles relevos servirán ben para probar a veracidade do que estamos a revelar, e foi unha mágoa que non levásemos máis película connosco. Cando se nos acabou fixemos uns simples bosquexos nos nosos cadernos dalgunhas características sobranceiras.

O edificio no que entraramos era de gran tamaño e complexidade, e deunos unha impoñente noción da arquitectura daquel pasado xeolóxico sen nome. As paredes interiores eran máis pequenas que os muros exteriores, mais nos niveis inferiores estaban estupendamente conservadas. A súa complexidade labiríntica, que incluía unha curiosa irregularidade no nivel do chan, caracterizaba o conxunto completo. Ben nos puidemos perder nada máis comezar a explorar de non ser pola pista de papel rachado que deixamos ás nosas costas. Decidimos explorar en primeiro lugar os niveis superiores máis danados, polo que escalamos o labirinto durante uns trinta metros até o sitio onde as cámaras superiores se abrían ruinosas e cheas de neve ao ceo polar. Fixemos o noso ascenso sobre unhas ramplas de pedra empinadas cheas de traveseiros que en todas as partes servían de escaleiras. As estancias que atopamos tiñan todas as formas e proporcións imaxinábeis, desde salas en forma de estrela de cinco puntas até triángulos e cubos perfectos. Pode dicirse que polo xeral andaban polos dez por dez metros de planta por seis de altura, aínda que había outras máis grandes. Logo de examinarmos detidamente os andares superiores e o do nivel glacial, baixamos, nivel por nivel, até a parte mergullada, onde axiña nos decatamos de que nos achabamos nun continuo labirinto de estancias conectadas e pasadizos que probabelmente conducían a outras zonas ilimitadas fóra deste edificio concreto. O ciclópeo tamaño e o xigantismo de todo o que nos rodeaba volveuse curiosamente opresivo e había algo vaga pero profundamente inhumano en todos os contornos, dimensións, proporcións, elementos decorativos e na feitura daquela cantaría de arcaica blasfemia. Axiña comprendemos, polo que revelaban os baixorrelevos, que aquela monstruosa cidade tiña moitos millóns de anos.

Aínda non podemos explicar os principios de enxeñaría que se empregaran para conseguir o equilibrio e o axuste daquelas inmensas masas de pedra, aínda que resultaba claro que o arco cumpría unha función principal. As estancias nas que entramos estaban completamente baleiras de calquera obxecto que se puidese levar, o que confirmaba a nosa crenza do abandono deliberado da cidade. A principal característica da decoración era o sistema case universal de baixorrelevos murais que tendían a estenderse en faixas horizontais continuas dun largo aproximado dun metro e dispostas en paralelo desde o chan até o teito, alternando con listas de igual largura reservadas para uns arabescos xeométricos. Había algunha excepción a esta disposición, mais a súa preponderancia era abafadora. No entanto, a miúdo víanse series de círculos embutidos nas franxas de arabescos, que contiñan series de puntos agrupados en patróns estraños.

Axiña descubrimos que a técnica era madura, consumada e cun nivel de evolución estético correspondente ao máis alto grao de civilización, aínda que totalmente allea en todos os seus detalles a calquera tradición artística da humanidade. En canto á delicadeza de execución, nunca vira escultura que se lle aproximase. Os detalles máis pequenos de complexa vexetación ou vida animal estaban plasmados cun abraiante realismo a pesar da grande escala das tallas, e os debuxos decorativos eran verdadeiras marabillas de habilidosa complexidade. Os arabescos mostraban unha manifesta utilización de principios matemáticos e estaban formados por liñas curvas de misteriosa simetría e ángulos baseados no número cinco. As franxas de arte representativa atíñanse a unha tradición moi

formalista e revelaban un peculiar tratamento da perspectiva, aínda que posuían unha forza que nos afectou profundamente a pesar do abismo de longuísimos períodos xeolóxicos que nos separaba delas. O método de deseño baseábase nunha singular xustaposición da sección transversal coa silueta bidimensional, revelando unha psicoloxía analítica superior á de calquera raza coñecida da antigüidade. En balde trataría de comparar aquela arte con outra calquera representada nos nosos museos. Os que vexan as fotografías que obtivemos é probábel que atopen a analoxía máis próxima a eles en certos conceptos grotescos dos futuristas máis audaces.

O trazado de arabescos consistía totalmente en liñas afundidas, cuxa profundidade nos muros non erosionados era de entre tres e cinco centímetros. Cando aparecía algún medallón con grupos de puntos nel —evidentemente inscricións nalgún idioma e alfabetos primitivos e ignotos—, o rebaixamento da superficie lisa sería talvez de dous centímetros, e a dos puntos se cadra dun centímetro máis. As faixas de baixorrelevos eran de técnica de embutido e o fondo estaba rebaixado como cinco centímetros en relación coa superficie orixinal do muro. Nalgúns casos podíanse percibir lixeiros vestixios de cor, pero os incontábeis eóns que transcorreran desintegraran e fixeran desaparecer de forma case uniforme calquera pigmento que sobre eles se puidese aplicar. Canto máis estudabamos aquela marabillosa técnica, máis admirabamos a obra. Baixo o rigoroso convencionalismo percibíase a minuciosa e exacta observación e a habilidade pictórica dos artistas e, de feito, esas mesmas convencións servían para simbolizar e acentuar a verdadeira esencia, ou vital diferenciación de todos os obxectos representados. Presentimos tamén que alén desas evidentes excelencias existían outras ocultas que escapaban á nosa percepción. Algúns trazos aquí e alá insinuaban vagamente símbolos latentes e estímulos que unha capacidade mental e emotiva diferente, e un equipo sensorial máis completo que o noso podía dotar dun significado máis profundo e conmovedor.

Os temas dos baixorrelevos pertencían evidentemente á vida da desaparecida época en que se tallaran e contiñan unha gran parte da súa historia. Era este anómalo sentido histórico daquela raza primixenia —circunstancia casual que por unha coincidencia obraba milagrosamente ao noso favor— o que facía tan asombrosamente informativos os baixorrelevos e o que nos impulsou a antepor as fotografías e a transcrición a calquera outra consideración. Nalgunhas das cámaras alteraba a disposición habitual a presenza de mapas, cartas astronómicas e outros debuxos de natureza científica a grande escala, todo o cal veu constituír unha inxenua e terríbel corroboración do que deduciramos das faixas e frisos pictóricos. Ao insinuar o que todo aquilo revelaba, unicamente me cabe esperar que o meu relato non esperte unha curiosidade superior á sensata cautela en quen cheguen a crerme. Sería unha traxedia que alguén se sentise atraído por aqueles dominios da morte e o horror tentado precisamente polas miñas advertencias dirixidas a desalentar tal empresa.

Interrompían aqueles muros decorados xanelas elevadas e arcos de catro metros de alto; unhas e outras conservaban os taboleiros petrificados, profusamente tallados e puídos, de postigos e follas de porta. Todos os accesorios metálicos desapareceran moito tempo atrás, mais algunhas das portas mantíñanse fechadas e vímonos obrigados a abrilas á forza para pasar dunha cámara a outra. Aquí e alá conservábanse, aínda que non en número considerábel, algúns marcos de xanela con estraños entrepanos transparentes, elípticos a maior parte deles. Tamén había abondosas furnas de gran tamaño, xeralmente baleiras, aínda que de cando en vez algunha contiña un estraño obxecto tallado en esteatita verde que, ou ben estaba roto, ou ben o consideraran de valor insuficiente para xustificar o seu traslado. Había outras aberturas indubidabelmente relacionadas con desaparecidos utensilios mecánicos de calefacción, iluminación e cousas do tipo que suxerían moitos dos baixorrelevos. Os teitos tendían á sinxeleza, pero algunhas veces estaban decorados con incrustacións de esteatita verde ou con azulexos de varias clases, case todos eles desaparecidos. Os chans estaban, en ocasións, igualmente cubertos de azulexos, pero predominaban os chans lousados.

Como dixen anteriormente, non se vían mobles nin utensilios, mais os baixorrelevos daban clara idea dos estraños obxectos que viran aqueles apousentos semellantes a panteóns cheos de sonoros ecos. A niveis superiores ao da capa de xeo, os chans aparecían polo xeral cubertos de cascallos e sucidade, pero máis abaixo ambos os dous diminuían. Nalgúns dos corredores e apousentos máis baixos apenas había po areoso ou vellas incrustacións, mentres que noutras estancias advertíase unha misteriosa limpeza como de lugar acabado de varrer. Naturalmente, onde houbera derrubamento, os apousentos baixos estaban tan ateigados de entullo como os de arriba. Un patio central —como noutras edificacións que viramos desde o alto— libraba as estancias interiores da total escuridade, polo que case nunca tivemos que utilizar as lanternas eléctricas nas cámaras de arriba, agás para estudar os detalles esculpidos. Pero baixo a capa de xeo aumentaba a penumbra e en moitos lugares da labiríntica planta baixa, a escuridade chegaba a ser case absoluta.

Para formarse aínda que non sexa máis que unha idea rudimentaria do que foron os nosos pensamentos e sensacións a medida que penetrabamos naquel labirinto de silencio máis que milenario e de cantaría allea á

humanidade, cumpriría relacionar un caos desesperadamente de fuxidíos estados de ánimo, recordos e impresións. A mesma enorme antigüidade e a mortal desolación do lugar abondaban para atafegar case a calquera persoa sensíbel, mais alén destes elementos contaban o recente e inexplicado horror do campamento e as revelacións que pronto habiamos achar nas horríbeis imaxes esculpidas que nos rodeaban. No momento en que nos atopamos ante un fragmento de baixorrelevo en perfecto estado, con imaxes tan claras que non permitían interpretacións erróneas, non tivemos máis que estudalo brevemente para descubrir a horríbel verdade —unha verdade que sería inxenuo pretender que Danforth e eu, cada un pola súa conta, non sospeitaramos con antelación, aínda que nos abstivemos mesmo de insinuárnola mutuamente—. Xa non podía caber dúbida ningunha sobre a natureza dos seres que edificaran esta monstruosa cidade morta e que viviran nela había millóns de anos, cando os antepasados do ser humano eran mamíferos arcaicos e primitivos e cando os xigantescos dinosauros vagaban polas tropicais estepas de Europa e de Asia.

Até entón aferrámonos a unha desesperada alternativa e insistiramos —cada un para si— en que a omnipresenza do tema das cinco puntas só significaba algún tipo de exaltación cultural ou relixiosa dun obxecto natural arcaico que encarnaba claramente a devandita forma, igual que os motivos decorativos da Creta minoica exaltaban o touro sacro, os de Exipto o escaravello, os de Roma o lobo e a aguia, e as diversas tribos salvaxes un animal totémico. Mais este único refuxio foinos arrebatado agora obrigándonos a enfrontarnos definitivamente cunha realidade perigosa para a razón e que indubidabelmente o lector destas páxinas hai xa tempo que adiviñou. Apenas podo soportar a idea de escribilo nin sequera agora, pero talvez non sexa necesario.

O que se criou e habitou dentro daqueles formidábeis edificios na era dos dinosauros non foran, abofé, dinosauros, senón algo moito peor. Estes eran seres novos e case carentes de cerebro, mais os construtores da cidade eran sabios e vellos e deixaran certos sinais nas pedras que, mesmo daquela, levaban colocadas case mil millóns de anos, pedras colocadas antes de que a vida —tal e como hoxe a coñecemos— pasase de ser máis que un dúctil grupo de células, pedras colocadas antes que existise na Terra vida verdadeira. Eles foron sen dúbida os que crearon e escravizaron esa vida e os modelos nos que se baseaban os pérfidos mitos primixenios que se insinúan con temor nos *Manuscritos Pnakóticos* e no *Necronomicon*. Eran os Antigos que baixaran das estrelas cando a Terra era nova, os seres cuxa substancia modelara unha estraña evolución e cuxos poderes eran maiores dos que xamais existiran neste planeta. Pensar que soamente onte Danforth e eu contemplaramos anacos de substancia fosilizada había milleiros de anos e que o desgraciado Lake e os seus compañeiros viran a súa figura completa...!

Naturalmente, éme imposíbel relatar na debida orde as etapas nas que reunimos o que hoxe sabemos sobre aquel monstruoso capítulo da vida prehumana. Despois da primeira impresión producida pola certeza das revelacións tivemos que deternos algún tempo para repornos e eran máis das tres cando comezamos o noso verdadeiro percorrido de investigación sistemática. As esculturas do edificio en que entraramos eran dunha época relativamente menos remota —se cadra de hai dous millóns de anos— segundo os indicios xeolóxicos, biolóxicos e astronómicos, e tiñan un estilo que podería chamarse decadente ao comparalo co das mostras que atopamos noutros edificios logo de cruzarmos pontes baixo a capa de xeo. Un dos edificios, tallado todo el na rocha viva, parecía remontarse a unha antigüidade de corenta ou se cadra cincuenta millóns de anos —ao eoceno inferior ou o cretáceo superior— e contiña baixorrelevos dunha arte superior a todo o que até o momento atoparamos, cunha tremenda excepción. Aquela foi, segundo convimos posteriormente, a vivenda máis antiga que atravesamos.

De non ser polo testemuño das fotografías sacadas coa axuda de flash e que se publicarán en breve, absteríame de dicir o que atopei e deducín, para que non me encerrasen por tolo. Naturalmente, as partes infinitamente primitivas deste relato composto de moitos fragmentos, as que atinxen á vida preterrestre dos seres de cabeza estrelada noutros planetas, noutras galaxias e noutros universos, poden interpretarse facilmente como a fantástica mitoloxía deses mesmos seres, pero esas partes aproximábanse en ocasións de maneira tan prodixiosa aos máis modernos descubrimentos da ciencia matemática e da astrofísica que xa non sei que pensar. Que xulguen outros cando vexan as fotografías que hei de publicar.

Naturalmente, ningún dos baixorrelevos que atopamos contaba máis que unha fracción dun relato continuo, nin nós descubrimos as diversas etapas da narración na súa debida orde. Algunhas das vastas estancias constituían unidades independentes en canto ás esculturas que contiñan, mentres que noutros casos una mesma crónica continuábase a través dunha serie de corredores e cuartos. Os mapas e diagramas mellores estaban nos muros dun terríbel abismo que quedaba por baixo do antigo nivel do chan, unha caverna de douscentos metros cadrados aproximadamente e unha altura duns dezaoito metros, e que foi case con seguridade un centro de ensino dunha ou outra clase. Había moitas estimulantes repeticións do mesmo material en diferentes cámaras e edificios, pois certos capítulos e certos resumos ou fases da súa historia racial foran, evidentemente, os preferidos dos distintos decoradores e habitantes daqueles edificios. En ocasións, así e todo, as diversas variantes dun mesmo tema

fóronnos de grande utilidade para aclarar algúns puntos discutíbeis e para encher algunhas lagoas.

Aínda me asombra que puidésemos deducir tanto no pouco tempo de que dispuxemos. Naturalmente, aínda hoxe soamente temos un bosquexo da historia e gran parte del conseguímolo máis tarde mediante o estudo das fotografías e dos debuxos que fixemos. Pode que sexa o efecto dese estudo posterior, do revivir dos recordos e das impresións difusas conservadas, actuando en conxunción coa súa sensibilidade xeral e con aquel suposto horror supremo que creu ver e cuxa esencia nin a min me quere revelar, o que causou o derrubamento mental de Danforth. Pero era inevitábel, pois non podiamos facer unha advertencia documentada sen dar a información máis completa posíbel, e a súa publicación era unha necesidade primordial. Certos influxos que aínda persisten naquel descoñecido mundo antártico de tempo desordenado e leis naturais descoñecidas, fan absolutamente necesario que se desalente toda futura exploración.

VII

O relato completo, na medida en que puidésemos descifralo, publicarase nun boletín oficial da Universidade de Miskatonic. Aquí só vou bosquexar os puntos principais de maneira informe e desordenada. Míticos ou non, os baixorrelevos relataban a chegada á terra nacente e sen vida deses seres con cabeza en forma de estrela que chegaran a través do espazo cósmico. Contaban a súa chegada e a de moitos outros entes estraños á Terra que en ocasións emprenden exploracións espaciais. Parece que podían atravesar o éter interestelar coas súas grandes ás membranosas —o que confirma de estraña maneira algunhas lendas populares montañesas que me contou hai moito tempo un colega especializado en saberes antigos. Viviran baixo as augas do mar longo tempo, edificando no seu fondo cidades fantásticas e sostendo terríbeis combates con adversarios sen nome que empregaban estraños aparellos activados por principios enerxéticos descoñecidos. É evidente que os seus coñecementos científicos e mecánicos superaban con moito os do ser humano actual, aínda que utilizaban as súas formas máis amplas e complicadas só en caso de obrigada necesidade. Algúns dos baixorrelevos daban a idea de que pasaran noutros planetas por unha fase de vida mecanizada, pero ao atopar os seus efectos emotivamente nada satisfactorios, rexeitárana. A súa dureza orgánica pouco natural e a sinxeleza das súas necesidades fixéraos especialmente capaces de se adaptaren a unha vida superior sen necesidade dos máis especializados froitos da manufactura artificial, e aínda sen roupas, agás para se protexer algunhas veces contra os elementos.

Foi baixo as augas do mar onde nun principio, para alimentarse e máis tarde por outros motivos, crearon primeiramente a vida terrestre, empregando as sustancias que tiñan ao seu alcance segundo métodos coñecidos desde moito tempo atrás. Os experimentos máis complicados viñeron despois da aniquilación de varios inimigos cósmicos. Fixeran o mesmo noutros planetas logo de fabricar non só os alimentos necesarios, senón tamén certas masas protoplásmicas multicelulares capaces de formar cos seus tecidos toda clase de órganos temporais baixo influencia hipnótica, sendo así os escravos ideais para executar o traballo pesado da comunidade. Estas masas viscosas eran sen dúbida aquelas ás que Abdul Alhazred se referira entre murmurios dándolles o nome de «shoggoths» no seu estarrecedor *Necronomicon*, aínda que nin sequera aquel árabe demente insinuara que existisen algúns na Terra, agás nos soños de quen mastigase certas herbas alcaloides. Cando os Antigos deste planeta sintetizaron os seus sinxelos alimentos e crearon un número suficiente de shoggoths, permitiron que se desenvolvesen outros grupos de células para que formasen outras clases de vida animal e vexetal con diversas fins, eliminando aquelas cuxa presenza chegaba a molestarlles.

Coa axuda dos shoggoths, cuxas prolongacións podían levantar pesos prodixiosos, as pequenas cidades submarinas medraron até se transformaren en impoñentes labirintos de pedra non moi diferentes dos que despois se alzarían en terra. De feito, os Antigos, adaptábeis en extremo, viviran durante longo tempo na superficie noutras partes do universo e probabelmente conservaban moitas das tradicións da edificación terrestre. Mentres estudabamos a arquitectura destas cidades paleontolóxicas esculpidas en relevos, mesmo aquela cuxos pasadizos mortos en remotísimas eras percorriamos agora, impresionounos unha curiosa coincidencia que aínda non tratamos de explicarnos nin a nós mesmos. Os remates dos edificios, que na cidade real que nos rodeaba sufriran en afastadas eras as inclemencias do tempo até ficaren convertidos en ruínas informes, aparecían claramente representados nos baixorrelevos formando acios de agudos chapiteis, de delicados pináculos que acababan en forma cónica ou piramidal, e ringleiras de finos discos en forma de festóns horizontais que coroaban respiradoiros verticais. Isto era exactamente o que viramos naquel espellismo descomunal e portentoso, proxectado por unha cidade extinta carente de tales siluetas desde había milleiros e decenas de milleiros de anos e que sorprendeu os

nosos ollos ignorantes ao xurdir nas alturas contra o fondo inescrutábel das montañas cando nos achegabamos por primeira vez ao campamento devastado do desgraciado Lake.

Moitos tomos se poderían escribir sobre a vida dos Antigos no fondo do mar e da que despois levarían os que emigraron á terra. Aqueles que habitaron en augas profundas conservaran por completo o sentido da vista que tiñan localizada nos extremos dos seus cinco tentáculos cefálicos, e practicaran a arte da escultura e a escritura na forma habitual, empregando para escribir un estilete en superficies enceradas impermeábeis. Os que habitaban a maiores profundidades mariñas, aínda que utilizaban un curioso organismo fosforescente para se alumar, suplían a vista con misteriosos sentidos especiais que requirían o uso dos cilios prismáticos da cabeza —sentidos que permitían aos Antigos prescindir parcialmente da luz en caso de apuro. As súas formas de escultura e escritura cambiaron curiosamente cando descenderon ás profundidades e adoptaron certos métodos de revestimento ao parecer químicos —probabelmente para conseguir fosforescencia— que os baixorrelevos non explicaban con claridade. Estas criaturas movíanse dentro do mar en parte nadando, utilizando os brazos crinoideos laterais, e en parte arrastrándose impulsados pola ringleira inferior de tentáculos que albergaban os pseudopés. Algunhas veces voaban distancias considerábeis utilizando para axudarse as súas dúas ou catro ás pregábeis en forma de abano. En terra empregaban habitualmente os pseudopés, mais algunhas veces realizaban voos a grande altura e percorrían longas distancias coas ás. Os abondosos e finos tentáculos en que se dividían os brazos crinoideos eran de coordinación muscular e nerviosa infinitamente delicada, flexíbeis e fortes, o que lles proporcionaba unha enorme habilidade para executar toda clase de labores artísticas e manuais doutra índole.

A resistencia e dureza daquelas criaturas era sorprendente. Nin sequera as tremendas presións das maiores profundidades mariñas parecían capaces de afectalas. Diríase que eran poucas as que morrían, agás como resultado da violencia, e os seus lugares de enterramento eran escasos. O feito de que enterrasen os seus mortos verticalmente cubríndoos con túmulos en forma de cinco puntas, suxeriunos a Danforth e a min pensamentos que fixeron necesaria unha nova pausa para recuperarnos cando os baixorrelevos o revelasen. Aqueles seres multiplicábanse por medio de esporas —como plantas pteridófitas, que era o que supuxera Lake—, mais como consecuencia da súa extraordinaria resistencia e lonxevidade, non necesitaban reproducirse en exceso de forma que non fomentaban o desenvolvemento a grande escala de novos gametos agás cando ían colonizar novas rexións. Os mozos maduraban con rapidez e recibían un ensino evidentemente moi superior ao que podemos imaxinar. A súa vida intelectual e estética estaba moi desenvolvida e daba vida a un conxunto extremadamente arraigado de costumes e institucións que describirei con máis detalle na monografía que teño en preparación. Estas variaban lixeiramente segundo o lugar de residencia fose mariño ou terrestre, mais os fundamentos eran iguais no esencial.

Aínda que por ser vexetais podían nutrirse de substancias inorgánicas, preferían os alimentos orgánicos, e especialmente os de orixe animal. Comían crus os alimentos de orixe mariña, pero cociñaban as viandas da terra. Cazaban e criaban gando de carne, ao que sacrificaban empregando instrumentos moi afiados cuxos sinais en certos ósos fósiles observaran os membros da nosa expedición. Aguantaban todas as temperaturas ambientais marabillosamente, e no seu estado natural podían vivir en augas a temperaturas próximas aos cero graos centígrados. No entanto, cando aumentaron os fríos do plioceno hai case un millón de anos, os que habitaban en terra tiveron que recorrer a medidas especiais, entre elas a calefacción artificial, até que o frío mortal os obrigou, parece ser, a volver ao mar. Para realizar os seus voos prehistóricos a través do espazo cósmico, segundo a lenda, absorbían certos produtos químicos que case os independizaban da alimentación, a respiración, o frío e a calor, pero cando chegou a grande época glacial xa se perdera o método. En calquera caso, non podían prolongar indefinidamente ese estado artificial sen causarse dano.

Ao non emparellarse e ao ter unha estrutura medio vexetal, os Antigos carecían de base biolóxica para a fase familiar da vida dos mamíferos, pero parece que moitos deles compartían vivendas baseándose no principio de aproveitamento do espazo e, segundo puidemos deducir das ocupacións e entretementos dos compañeiros de vivenda representados nos baixorrelevos, na pracenteira asociación mental. Ao amoblar as vivendas, conservaban todo no Centro da inmensa estancia e deixaban os espazos murais para a decoración. A iluminación, no caso dos que habitaban en terra, conseguíana mediante un procedemento probabelmente electroquímico. Tanto en terra como baixo a auga, utilizaban curiosas mesas, cadeiras e diváns como bastidores cilíndricos, pois repousaban e durmían erguidos cos tentáculos encartados, e andeis para os conxuntos de superficies punteadas que constituían os seus libros.

O goberno era, evidentemente, complexo e probabelmente de tipo socialista, aínda que nada podía deducirse con total seguridade sobre isto a partir dos baixorrelevos que vimos. Era grande o movemento comercial, tanto o local como entre distintas cidades, e empregaban como diñeiro pequenas fichas gravadas de cinco puntas.

Probabelmente os anacos de esteatita verdosa máis pequenos que a nosa expedición achara correspondesen a esa clase de moedas. Aínda que a cultura era primordialmente urbana, existía algo de agricultura e grande actividade gandeira. Tamén se dedicaban á minaría e existían algunhas actividades fabrís. Viaxaban moito, pero a emigración permanente non parecía ser moi frecuente, se se exceptúan os grandes movementos colonizadores mediante os cales se estendía a raza. Non empregaban axuda externa ningunha para a locomoción persoal, pois os Antigos, tanto na terra como no ar e na auga, parecían posuír posibilidades de moverse a enorme velocidade. As cargas, con todo, arrastrábanas bestas de tiro: os shoggoths baixo a auga e unha curiosa variedade de vertebrados primitivos nos anos posteriores de existencia terrestre.

Estes vertebrados, así como outras infinitas formas de vida —animal e vexetal, mariña, terrestre e aérea—, eran produto dunha evolución non dirixida de células vivas creadas polos Antigos, pero cuxo desenvolvemento quedaba fóra do raio da súa atención. Permitíraselles desenvolverse libremente porque non provocaran conflitos aos seres dominantes. As formas evolucionadas que resultaban inconvenientes exterminábanse mecanicamente. Chamounos a atención ver nalgunhas das últimas esculturas máis decadentes un mamífero primitivo de torpe andar utilizado unhas veces como alimento e outras como xocoso bufón por parte dos habitantes terrestres, mamífero cuxo carácter de predecesor de simios e seres humanos era inconfundíbel. Para edificar as cidades terrestres, as inmensas pedras das altas torres subíanas xeralmente pterodáctilos de grandes ás, dunha especie descoñecida até agora pola paleontoloxía.

A supervivencia dos Antigos a través dos diversos cambios e convulsións xeolóxicas da codia terrestre foi case milagrosa. Aínda que poucas das súas cidades primeiras (talvez ningunha) sobreviviron á era Arcaica, non existiu interrupción ningunha da súa civilización ou na transmisión dos seus anais. O lugar orixinal da súa chegada ao planeta fora o Océano Antártico e é probábel que chegasen non moito tempo despois de que a materia da que se formou a Lúa se desprendese do próximo Pacífico Sur. Segundo un dos mapas esculpidos, todo o globo estaba daquela mergullado baixo a auga e as cidades de pedra foron esparexéndose máis e máis, afastándose do Antártico segundo pasaban os eóns. Outro mapa amosaba unha gran masa de terra firme arredor do Polo sur, onde é evidente que algúns destes seres trataron de estabelecer colonias experimentais, aínda que os centros principais se trasladaran ao fondo do mar máis próximo. Mapas posteriores amosaban a gran masa de terra a se rachar e á deriva, con algunhas das partes separadas que se desligaban para o Norte, o que sustenta de maneira notábel as teorías dos desprazamentos tectónicos expostas recentemente por Taylor, Wegener e Joly.

Co xurdimento de novas terras no Pacífico Sur, iniciáronse tremendos acontecementos. Algunhas das cidades submarinas ficaron esnaquizadas e non foi esta a maior desgraza. Outra raza, unha raza terrestre con forma de polbo e que probabelmente se correspondía cos fabulosos seres prehumanos procreados por Cthulhu, comezou a chegar procedente do infinito cosmos e iniciou unha salvaxe guerra que obrigou de novo os Antigos a se refuxiaren temporalmente nas profundidades do mar —golpe tremendo para eles en vista das súas crecentes colonias construídas na superficie—. Máis tarde concertouse a paz e as novas terras cedéronse aos descendentes de Cthulhu, mentres que o mar e as terras máis antigas ficaban baixo o dominio dos Antigos. Fundáronse novas cidades terrestres, as maiores delas na Antártida, pois esta rexión da primeira chegada era sacra. En diante, como acontecera anteriormente, a Antártida continuou a ser o centro da civilización dos Antigos, de xeito que os descendentes de Cthulhu desapareceron das súas vidas. Mais despois, as terras do Pacífico afundíronse novamente, levando con elas a espantosa cidade de pedra de R'lyeh e todos os polbos cósmicos, polo que os Antigos volveron ser donos do planeta se se exceptúa un vago temor do que non lles gustaba falar. En eras bastante posteriores as súas cidades esparexéronse por todas as rexións terrestres e mariñas do globo, de aí a recomendación que farei na miña próxima monografía de que algún arqueólogo realice perforacións sistemáticas co aparello de Pabodie, ou outro semellante, en certas rexións moi separadas entre si.

A tendencia constante ao longo dos tempos foi a de pasar do mar á terra, movemento estimulado polo xurdir de novas terras, aínda que non por iso deixaron deserto o mar en ningún momento. Outra causa da emigración á terra foron as moitas dificultades que xurdiron para a cría e goberno dos shoggoths, dos cales dependía a prosperidade da vida no mar. Co decorrer do tempo, e segundo confesaban tristemente os baixorrelevos, a arte de crear nova vida a base de materia inorgánica foise esquecendo, polo que os Antigos víronse obrigados a depender da posibilidade de moldear seres xa existentes. En terra, os grandes réptiles resultaban moi moldeábeis, mais os shoggoths mariños, que se reproducían por división celular partenoxenética e estaban a adquirir un grao perigoso de intelixencia, representaron durante algún tempo un formidábel problema.

Sempre se lles gobernara mediante as suxestións hipnóticas dos Antigos, que modelaban a súa dura plasticidade para formar membros útiles e órganos temporais, pero agora exercían ás veces a súa capacidade automodeladora de maneira independente e imitando formas inculcadas con anterioridade. Desenvolveran, polo

visto, un «cerebro» semiestábel, cuxa capacidade de volición independente e tenaz se facía eco da vontade dos Antigos, pero non sempre a obedecían. As imaxes talladas destes shoggoths enchéronnos a Danforth e a min de horror e repulsión. Eran, polo xeral, entes informes compostos dunha xelatina viscosa que lles daba o aspecto dun gran conxunto de burbullas aglutinadas, con por volta cinco metros de diámetro cando asumían forma esférica. Pero a súa forma e volume cambiaba constantemente e xurdían deles excrecencias temporais ou formaban órganos visuais, auditivos ou orais imitando os seus amos, espontaneamente ou por suxestión.

Parece que se tornaron especialmente rebeldes contra mediados da era pérmica, hai se cadra cento cincuenta millóns de anos, cando houbo unha verdadeira guerra entre eles e os Antigos do mar. As escenas talladas desta guerra e o estado cuberto de viscosidade en que os shoggoths afacían deixar ás súas vítimas despois de decapitalas posuían unha terríbel forza amedrentadora a pesar do abismo temporal que delas nos separaba. Os Antigos empregaron curiosas armas de perturbación molecular e atómica contra os entes rebeldes e finalmente alcanzaron unha completa vitoria. As esculturas mostraban que houbo despois un período no que os shoggoths foron domados e sometidos polos Antigos armados, do mesmo xeito que domaron os vaqueiros os cabalos salvaxes do oeste norteamericano. Aínda que durante a rebelión os shoggoths demostraran ser capaces de vivir fóra da auga, non se alentou esta transición, pois a súa utilidade en terra non resultara proporcionada ás dificultades que ocasionaba o seu control.

Na era xurásica, os Antigos padeceron novas adversidades, esta vez como resultado doutra invasión chegada do espazo exterior, unha invasión de criaturas metade fungosas e metade crustáceas, indubidabelmente as mesmas que aparecen en certas lendas que se contan a media voz nas montañas do norte e que se lembran no Himalaia co nome do Mi-Go, ou abominábel Home das Neves. Para loitar contra estes seres, os Antigos tentaron, por primeira vez desde a súa chegada á Terra, regresar ao éter planetario, mais a pesar de realizar todos os preparativos tradicionais, viron que xa non lles era posíbel saír da atmosfera terrestre. Calquera que fose o segredo das viaxes interestelares, a súa raza perdérao para sempre. Finalmente, os Mi-Go expulsaron os Antigos de todas as terras do Norte, aínda que non puideron atacar os do mar. Aos poucos comezou a lenta retirada desta antiquísima raza aos seus habitáculos orixinais da Antártida.

Resulta curioso observar nas batallas representadas nos baixorrelevos, que tanto os descendentes de Cthulhu como os Mi-Go parecían estar formados por unha substancia notoriamente distinta da que sabemos que caracterizaba os Antigos. Podían transformarse adoptando formas que eran imposíbeis para os seus adversarios, o que fai supor que chegaron de rexións do espazo cósmico aínda máis remotas. Os Antigos, agás pola súa anómala dureza e as súas peculiares características vitais, eran rigorosamente materiais e deberon de ter a súa orixe absoluta dentro do coñecido continuo espazo-tempo, mentres que a orixe dos outros seres só pode ser obxecto de conxecturas expresadas en voz baixa. Todo isto, naturalmente, supondo que as conexións ultraterrestres e as anomalías achacadas ás forzas invasoras non fosen pura mitoloxía. É posíbel que os Antigos inventasen un fondo cósmico para xustificar as súas ocasionais derrotas, dado que o interese pola historia e o orgullo eran as súas principais características psicolóxicas. É significativo que os seus anais non mencionasen moitas razas avanzadas e poderosas de seres cuxa egrexia cultura e grandes cidades figuran insistentemente en certas as lendas escuras.

O cambiante estado do mundo ao longo das extensas eras xeolóxicas aparecía descrito con sorprendente realismo en moitos dos mapas e escenas dos baixorrelevos. Nalgúns casos haberá que revisar a ciencia actual, mentres que noutros as súas audaces deducións fican magnificamente confirmadas. Como dixen, a hipótese de Taylor, Wegener e Joly, segundo a cal todos os continentes son fragmentos de masa de terra antártica orixinal, que se rachou baixo o efecto da forza centrífuga e cuxos anacos se separaron deslizándose sobre unha superficie inferior tecnicamente viscosa —hipótese que suxiren, por exemplo, os perfís complementarios de África e Sudamérica e a forma en que os grandes cordais aparecen como rodados e empuxados para arriba—, atopa notábel apoio nesta misteriosa fonte.

Algúns mapas relativos indubidabelmente ao mundo no período carbonífero de hai cen millóns de anos, ou aínda máis antigos, mostraban significativas fallas e abismos que despois separarían a África das terras de Europa —a Valusia da antiga lenda—, Asia, as Américas e o continente antártico. Outros mapas, sobre todo un relacionado coa fundación, hai cincuenta millóns de anos, da vasta cidade morta que nos rodeaba, mostraban os actuais continentes ben diferenciados. E no máis recente que puidemos descubrir, talvez do plioceno, víase moi claramente o mundo case tal e como é na actualidade, a pesar da unión de Alaska con Siberia, de América do Norte con Europa a través de Grenlandia, e de América do Sur co continente antártico por medio da terra de Graham. No mapa do período carbonífero, todo o globo, tanto o fondo do océano como as masas de terra separadas, mostraba símbolos das vastas cidades de pedra dos Antigos, pero en mapas posteriores apreciábase claramente a paulatina retirada cara á Antártida. O último mapa, o do plioceno, non amosaba ningunha cidade

terrestre, agás no continente antártico e no extremo de América do Sur, e tampouco cidade mariña ningunha máis ao norte do paralelo 50 de latitude sur. É evidente que o coñecemento do mundo nórdico, e o interese por el, exceptuando un estudo do litoral realizado probabelmente durante longos voos de exploración feitos con axuda daquelas ás membranosas en forma de abano, decaeran, evidentemente, até ficar reducido a cero entre os Antigos.

A destrución de cidades polo levantamento das montañas, a fragmentación dos continentes polo efecto da forza centrífuga, as convulsións sísmicas do fondo do mar e da terra e outras causas naturais era alí un puro relato histórico. Resultaba curioso observar como se deixaba de substituílas segundo pasaban as eras. A vasta megalópole morta que amosaba as súas fauces en mil ocos ao noso redor parecía ser o derradeiro centro xeral da raza, edificado a principios da era cretácea despois de que a titánica elevación da Terra arrasase unha cidade anterior de maiores dimensións e non moi distante. Parecía que esta rexión era o lugar máis sacro de todos, o sitio en que os primeiros Antigos crearan a súa colonia no fondo do mar. Na nova cidade —moitas de cuxas características puidemos recoñecer representadas nos baixorrelevos, pero que se estendía durante máis de cento cincuenta quilómetros ao longo do cordal en ambas as dúas direccións, até máis aló dos límites da nosa exploración aérea— supúñase que se conservaban certas pedras sacras pertencentes á primeira cidade do fondo do mar, a cal xurdira de entre as augas e se asomara á superficie e á luz logo de longuísimas épocas no curso do xeneral afundimento dos estratos.

VIII

Como é lóxico, Danforth e mais eu estudamos con especial interese, e coa estraña sensación de estarmos persoalmente ameazados, todo o correspondente á zona en que nos atopabamos. As mostras locais abundaban, como é natural, e na intricada parte baixa da cidade tivemos a sorte de atopar unha casa dos últimos tempos cuxas paredes, aínda que algo danadas por un corremento próximo, tiñan baixorrelevos de execución decadente que narraban a historia até un período moi posterior ao do mapa do plioceno e que nos proporcionou un último indicio daquel mundo anterior ao humano. Foi aquel o último lugar que inspeccionamos minuciosamente, porque o que alí atopamos ofreceunos un novo obxectivo inmediato.

Estabamos indubidabelmente nun dos recunchos máis estraños e fantásticos do globo terrestre. De todas as terras existentes aquela era infinitamente a máis antiga. Foi apoderándose de nós o convencemento de que aquela horríbel meseta tiña que ser a fabulosa Leng do pesadelo, sobre a cal nin sequera o demente autor do *Necronomicon* quixera falar. O gran cordal era inmensamente longo, pois comezaba como cadea montañosa de pouca altura na Terra de Luitpold, na costa do mar de Weddell, e atravesaba case todo o continente. A parte verdadeiramente elevada formaba un grande arco desde 820 de latitude leste e 600 de lonxitude, até 700 de latitude este e 1150 de lonxitude, coa súa parte cóncava volta cara ao noso campamento e o seu extremo mariño na rexión da longa costa pechada polo xeo cuxos cumios albiscaron Wilkes e Mawson no círculo antártico.

Así e todo, outras monstruosas esaxeracións da natureza parecían estar alarmantemente próximas. Dixen que estes cumios tiñan maior altura que os do Himalaia, mais os frisos esculpidos impídenme afirmar que son as máis altas da Terra. Esa sombría honra estalle reservada sen dúbida a algo que a metade das tallas dubidaban en amosar, mentres que outras facíano con moi claro noxo e temor. Había, polo visto, unha sección daquelas antigas terras —as que primeiramente xurdiran das augas despois de que a Terra se separase da Lúa e de que os Antigos se filtrasen a través do espazo desde as estrelas— que se chegou a evitar polo seu carácter maldito. As cidades edificadas nela derruíranse pronto, véndose abandonadas de súpeto. Veu logo o primeiro gran tremor da terra que fixo trepidar convulsivamente aquela rexión na era comanichense e unha tremenda ringleira de cumios xurdira repentinamente no medio do máis espantoso estrondo e caos, e foi entón cando a Terra viu nacer as montañas máis terríbeis e elevadas.

Se a escala dos baixorrelevos era exacta, aqueles odiados cumios tiveron que alzarse até unha altura superior aos doce mil metros. Eran inmensamente máis altos que as montañas da loucura que cruzaramos. Ao parecer estendíanse aproximadamente desde os 77º de latitude leste e 70º de lonxitude, até os 70º de latitude leste e 1000 de lonxitude a menos de cincocentos quilómetros da cidade morta, polo que poderiamos ver os os seus tremendos cumios no horizonte occidental de non ser por aquela vaga brétema opalescente. O seu extremo norte resultaba igualmente visíbel desde o gran círculo que traza a costa antártica na Terra da Raíña Mary.

Algúns dos Antigos, nos tempos da decadencia, dedicaran estrañas pregarias a aquelas montañas, pero ningún se achegara a elas nin ousara imaxinar que habería alén. Ningún mortal as contemplara xamais, e cando estudei as emocións representadas nas tallas roguei que ninguén chegase a velas. Existen montañas que as protexen ao longo da costa que queda máis aló —a Terra de da Raíña Mary e a do Kaiser Wilhelm— e dou grazas ao ceo de que ninguén puidese desembarcar nelas ou escalalas. Non teño o mesmo escepticismo de antes sobre antigas lendas e temores primitivos e hoxe non río da idea do escultor prehumano segundo a cal os raios se detiñan significativamente de cando en vez en cada un dos picos sombrizos e un fulgor inexplicábel se esparexía desde un dos tremendos cumios a través da longa noite polar. É posíbel que teñan un significado moi verdadeiro e monstruoso as lendas pnakóticas murmuradas en voz baixa sobre Kadath e o Páramo Xeado.

Mais o terreo dos arredores non causaba menos abraio, aínda que ao carecer de nome fose menos maldito. Pouco despois da fundación da cidade alzáronse no gran cordal os principais templos e moitos baixorrelevos mostraban os grotescos e fantásticos pináculos que fendían o ceo onde agora soamente viamos os estraños cubos e bastións apegados á rocha. Co tempo apareceron as covas que se adaptaron como anexos dos templos. Co transcorrer de épocas aínda posteriores, todas as veas de pedra calcaria foron furadas por correntes subterráneas, polo que montañas, cerros e chairas inferiores ficaron transformados nunha verdadeira rede de covas e galerías comunicadas entre si. Moitas das tallas narraban as numerosas exploracións daquelas profundidades e o descubrimento final do tenebroso mar estixio que se escondía nas entrañas da Terra.

Este vasto abismo sen luz cavárao indubidabelmente o gran río que baixaba desde as horríbeis montañas sen nome que se alzaban ao Oeste e que antes cambiaba de curso ao pé do cordal dos Antigos para descorrer paralelamente á serra e desembocar finalmente no océano Índico entre a Terra de Budd e a de Totten, na costa de Wilkes. Aos poucos fora desgastando a base de pedra calcaria da montaña ao cambiar o seu curso, até que a súa corrente roedora chegara até as cavernas das augas inferiores e se unira a elas para furar un abismo aínda máis profundo. Finalmente vertera o seu gran caudal no oco das montañas deixando seca a antiga canle que o levara até o mar. Gran parte da cidade, tal como nós a atopamos, edificárase sobre aquela primitiva canle. Os Antigos comprenderon o que acontecera e, dando renda solta ao seu sentido artístico, sempre agudo, converteran os naturais pilóns da entrada do río en grandes columnas de ornada talla ao pé das alturas onde o caudaloso río comezaba o seu descenso cara á escuridade eterna.

Este río, nun tempo cruzado por ducias de nobres pontes de pedra, era evidentemente aquel cuxa seca canle viramos no curso da nosa exploración aérea. A súa situación nos diferentes baixorrelevos axudounos a orientarnos para imaxinar a cidade tal e como existira nas diversas etapas da historia daquela rexión milenaria morta durante moitos eóns, polo que puidemos trazar un apresurado pero minucioso plano dos seus puntos máis destacados —prazas, edificios principais e puntos semellantes— que nos servise para guiamos en futuras exploracións. Axiña puidemos reconstruír imaxinariamente a totalidade do asombroso conxunto tal como existiu hai un millón, ou dez millóns, ou cincuenta millóns de anos, pois as tallas dicíannos que aspecto presentaran exactamente os edificios, as montañas e as prazas, os suburbios e as paisaxes, así como a fértil vexetación da era terciaria. Aquelas paraxes deberon ser de mística e enmeigadora beleza, e mentres pensaba niso case cheguei a esquecer a sensación de sinistro temor co que a antigüidade e o volume, a ausencia de vida e a distancia do lugar, unidos ao constante crepúsculo glacial, afogaran e conturbaran o meu espírito. Mais a xulgar por certas tallas, os mesmos habitantes daquela cidade experimentaran un terror insoportábel, pois os baixorrelevos amosaban un tipo de escenas repetidas e sombrizas nas que se vía os Antigos no momento de apartarse temorosamente dalgún obxecto —que nunca aparecía na estampa esculpida— atopado no gran río e que chegara arrastrado polas augas a través de ondulados bosques poboados de plantas rubideiras, desde as horrendas montañas que se alzaban ao Oeste.

Só na casa de construción menos antiga e que contiña as tallas máis decadentes conseguimos percibir vagamente a calamidade que levou ao abandono da cidade. Sen dúbida, debera de haber moitas tallas da mesma época nalgún outro lugar, aínda tendo en conta a diminución de enerxías e aspiracións propias dun período de tensión e incerteza. De feito, pouco despois tivemos probas seguras da súa existencia. Mais aquel foi o primeiro e único conxunto que atopamos directamente. Pensabamos seguir coa nosa procura máis tarde pero, como xa dixen, as condicións inmediatas ditaron que, polo momento, pensásemos noutro obxectivo. En calquera caso, debían de ter un límite, pois cando se extinguiu entre os Antigos toda esperanza de habitar a cidade durante longo tempo, cesaron por completo os labores de decoración mural. O golpe final foi, naturalmente, a chegada do extremado frío que nun tempo se apropiou da maior parte da Terra e que nunca abandonou os desventurados polos, o gran frío que no outro extremo do mundo acabou coas fabulosas terras de Lomar e dos hiperbóreos.

Sería difícil precisar cando comezou devandita tendencia na Antártida. Hoxe consideramos que o comezo das eras glaciais tivo lugar hai uns cincocentos mil anos, pero o terríbel azoute debeu iniciarse moito antes. Todos os cálculos son, en boa parte, simples conxecturas, pero é moi probábel que as tallas decadentes se esculpiran hai bastante menos dun millón de anos e que o total abandono da cidade ocorrese moito antes da data aceptada como comezo do plistoceno, segundo un cálculo global para toda a superficie terrestre, é dicir, hai uns cincocentos mil anos.

Nas tallas decadentes advertíanse indicios dunha vexetación menos abondosa e dunha menor vida campestre por parte dos Antigos. Víanse utensilios de calefacción nas casas e amosábase aos viaxeiros desprazándose en inverno envolvidos en roupas de abrigo. Nesas tallas tardías, a faixa continua de adornos estaba frecuentemente interrompida. Vimos unha serie de medallóns que representaba unha emigración en constante aumento cara a

refuxios próximos máis cálidos, fuxindo uns a cidades submarinas edificadas nas proximidades de afastadas costas e outros descendendo a través dun labirinto de cavernas entre os estratos de pedra calcaria das montañas até o veciño abismo negro de augas subterráneas. Finalmente, parece que foi este abismo o que ficou máis colonizado. Isto debeuse, sen dúbida, ao tradicional carácter sacro daquela rexión, pero talvez o que influíu máis decisivamente foi a posibilidade que ofrecía de seguir utilizando os grandes templos das montañas furadas por innumerábeis pasadizos e cavidades e de conservar a enorme cidade terrestre como lugar de residencia estival e base de comunicación con diversas minas. A ligazón entre os antigos e os novos lugares de residencia mellorouse modificando a inclinación das pendentes, ancheando camiños nas rutas de unión e tamén mediante a apertura de gran cantidade de túneles que conducían desde as antigas metrópoles ao escuro abismo, túneles que descendían en picado e cuxas bocas debuxamos detalladamente con gran coidado no plano que iamos trazando. Era evidente que cando menos dous destes túneles estaban a razoábel distancia do lugar en que nos achabamos, pois os dous se abrían no bordo da cidade máis próxima ás montañas, un a menos de medio quilómetro da antiga canle do río e o outro talvez ao dobre desa distancia na dirección contraria.

Parece que o abismo tiña marxes con bancadas de terra que quedaban por enriba do nivel da auga en certos lugares, pero os Antigos edificaron a súa nova cidade debaixo da auga, indubidabelmente por ser un lugar máis resgardado e que ofrecía unha regularidade térmica superior. A profundidade do mar oculto debía de ser moi grande, polo que a calor interior da Terra aseguraría a súa habitabilidade durante un período indefinido de tempo. Aqueles seres non parecían ter moita dificultade para se adaptaren á vida submarina, pois nunca permitiran que se atrofiaran as súas branquias. Moitos baixorrelevos amosaban que sempre visitaran con frecuencia os seus parentes submarinos doutros lugares, e como se bañaban habitualmente nas profundidades do leito do gran río. A escuridade do interior da Terra tampouco podía ser inconveniente para unha raza afeita á longa noite antártica.

Aínda que o seu estilo era de total decadencia, estas últimas tallas alcanzaban un nivel verdadeiramente épico cando narraban a edificación da nova cidade naquel mar recóndito. Os Antigos emprenderan a tarefa cientificamente, abrindo canteiras de pedra insolúbel no corazón das montañas, furadas por incontábeis túneles e traendo obreiros experimentados da cidade submarina máis próxima para que realizasen as obras de construción segundo os mellores métodos. Estes obreiros trouxeron con eles todo o necesario para que prosperase a nova empresa: tecido de shoggoth para crear os seres que se destinarían a levantar as pesadas pedras e que servirían posteriormente de bestas de carga na cidade e outras sustancias protoplásmicas coas que moldear organismos fosforescentes destinados á iluminación.

Finalmente, no fondo daquel mar estixio alzouse unha gran metrópole de arquitectura moi semellante á da cidade exterior e dunha feitura que demostraba relativamente pouca decadencia, debido aos principios matemáticos inherentes ás operacións de construción. Os novos shoggoths chegaron a ter un enorme tamaño e a desenvolver singular intelixencia. Os baixorrelevos amosábanos executando ordes con marabillosa prontitude. Parecían quen de conversar cos Antigos imitando as voces destes —unha especie de asubíos musicais que abranguían unha ampla escala de tons, se é que o infortunado Lake non se equivocara ao facer a súa disección— e atender máis ben ás ordes orais que ás suxestións hipnóticas, menos empregadas que nos primeiros tempos. Mantíñanos, así e todo, admirabelmente controlados. Os organismos fosforescentes daban luz con magnífico rendemento e compensaban, sen dúbida, a perda das habituais auroras austrais da noite do mundo exterior.

Practicaron a arte e a decoración, aínda que naturalmente con certa decadencia. Os mesmos Antigos deberon de decatarse desta dexeneración da súa arte e en moitos casos adiantáronse á política de Constantino o Grande trasladando tallas, especialmente delicadas, da cidade terrestre, do mesmo xeito que o Emperador, nunha época de decadencia semellante, desposuíu Grecia e Asia das súas mellores obras de arte para dar á súa nova capital bizantina maiores esplendores dos que o seu pobo era capaz de crear. Se o traslado de bloques de pedra esculpidos non foi máis abundante, a causa foi, sen dúbida, que a cidade terrestre non se abandonara totalmente nun principio. Para cando esta foi abandonada, cousa que ocorreu seguramente antes de que o plistoceno alcanzase de cheo os polos, é posíbel que os Antigos xa atopasen do seu gusto aquela arte decadente ou que deixasen de recoñecer a supremacía das tallas máis antigas. En calquera caso, era evidente que as ruínas que nos rodeaban, inmersas nun silencio máis que milenario, non sufriran unha expoliación escultórica a grande escala, aínda que as mellores tallas, do mesmo xeito que outros obxectos, si se trasladaran.

Os medallóns e o friso de estilo decadente que relataban o que ocorrera, foron, como dixen, os máis recentes que atopamos na nosa breve exploración. Amosaban os Antigos trasladándose á cidade terrestre no verán e á cidade mariña no inverno e, en ocasións, comerciando coas cidades do fondo do mar próximas á costa antártica. Para entón xa debían de admitir que a cidade terrestre estaba condenada, pois as tallas mostraban multitude de indicios do avance maligno do frío. Ía desaparecendo a vexetación e as terríbeis neves do inverno xa non se

fundían totalmente nin sequera na plenitude do verán. Morrera case todo o gando sauro e os mamíferos non aguantaban moi ben o frío. Para facer o traballo do mundo superior resultara necesario adaptar á vida na terra algúns dos amorfos shoggoths, de curiosa resistencia ao frío, cousa que os Antigos se negaran a facer antes. O gran río carecía xa de vida animal e o mar superior perdera case toda a súa fauna fóra das focas e as baleas. Todas as aves voaran a outros lugares, agás os grotescos pingüíns de gran tamaño.

O que ocorrera despois só podiamos adiviñalo. Canto tempo sobrevivira a nova cidade do abismo? Seguiría alí abaixo convertida nun cadáver de pedra arrodeado pola eterna escuridade? Acabaran por xearse as augas subterráneas? Que destino atoparan as cidades submarinas do mundo exterior? Trasladáranse algúns dos Antigos cara ao Norte fuxindo ante o avance do casquete polar? A xeoloxía actual non amosa sinal ningún da súa presenza. Era o temíbel Mi-Go aínda unha ameaza no mundo terreo setentrional? Quen sabía con seguridade que podía sobrevivir, ou que pode sobrevivir mesmo hoxe, nos escuros e insondábeis abismos das augas máis profundas da Terra? Aqueles seres parecían capaces de soportar as maiores presións e a xente do mar sacou algunhas veces nas súas redes obxectos moi estraños. Chegou a explicar a teoría da balea carniceira as feroces e misteriosas cicatrices das focas antárticas descubertas hai unha xeración por Borchgrevingk?

Non tiven en conta os exemplares atopados polo desgraciado Lake para facer estas conxecturas, pois o seu ambiente xeolóxico demostraba que viviron na que tivo que ser unha época moi remota da historia da cidade terrestre. Polo lugar en que se achaban, debían de contar cando menos trinta millóns de anos e cremos que naqueles días a cidade da caverna mariña e nin sequera a caverna mesma existían. Eles pertencían a unha paisaxe anterior de frondosa vexetación da era terciaria, a unha cidade terrestre máis nova, de artes florecentes e un caudaloso río que trazaba unha gran curva cara ao norte lambendo as abas de altas montañas e afastándose cara a un distante océano tropical.

E así e todo, non podiamos evitar pensar naqueles exemplares, en particular naqueles oito exemplares perfectos que faltaban do campamento de Lake, terribelmente devastado. Algo anómalo había en todo aquilo, nos estraños sucesos que porfiamos en atribuír á tolemia dalgunha persoa, naquelas estarrecedoras tumbas, na cantidade e variedade do equipo desaparecido, no de Gedney, na dureza tan pouco natural daquelas monstruosidades arcaicas e nas extraordinarias características vitais que os baixorrelevos nos dicían agora que posuía aquela especie. Danforth e mais eu viramos moito nas últimas horas e estabamos dispostos a crer en arrepiantes e incríbeis segredos da natureza primitiva, e a manternos calados sobre eles.

IX

Dixen que o estudo dos relevos máis decadentes nos induciu a cambiar de obxectivo inmediato. Refírome, naturalmente, aos camiños, abertos na rocha viva a golpes de cicel, que conducían ao escuro mundo interior, cuxa existencia descoñeciamos antes e que agora desexabamos con forza descubrir e explorar. Da escala das esculturas talladas deducimos que baixando unha pendente por volta de dous quilómetros por calquera dos dous túneles contiguos chegariamos ao bordo dos sombrizos e vertixinosos cantís que rodeaban o grande abismo, cantís percorridos por carreiros mellorados polos Antigos e que conducían á beira rochosa do oculto e tenebroso océano. Contemplar aquela inmensa caverna e percibir a súa realidade era unha tentación que parecía imposíbel resistir unha vez coñecida a súa existencia, aínda que comprendiamos que debiamos emprender a exploración sen tardanza se queriamos levala a cabo naquela viaxe.

Eran as oito da noite e non tiñamos bastantes pilas de reposto para poder ter acendidas as lanternas todo o tempo. Foron tan minuciosos os estudos e debuxos que fixemos por baixo do nivel glacial, que as tivemos acesas durante case cinco horas seguidas, e a pesar da fórmula especial das pilas secas, non durarían moito máis de catro horas, aínda que se mantiñamos apagada unha das lanternas, agás cando atopásemos algo de singular interese ou chegásemos a un paso especialmente difícil, talvez conseguísemos unha marxe de seguridade superior a ese límite. Seria insensato ficar sen luz naquelas ciclópeas catacumbas, polo que, se queriamos chegar até o abismo, debiamos renunciar a descifrar máis baixorrelevos murais. Está claro que tiñamos a intención de volver ao lugar e permanecer nel durante días ou se cadra semanas entregados a estudalo intensamente e a fotografalo, pois xa había moito que a curiosidade substituíra ao horror que nun principio experimentaramos, pero, polo momento, tiñamos que darnos présa.

A nosa provisión de papeis para sinalar o noso camiño estaba lonxe de ser inesgotábel, e resistiámonos a sacrificar cadernos de notas ou de debuxo para aumentala, mais si renunciamos a un deles. Se a situación se agravaba, sempre poderiamos recorrer se non había máis remedio ao sistema de deixar marcas de cicel nas rochas. E sempre sería posíbel, en caso de nos extraviar de verdade, buscar unha saída, por un ou outro pasadizo, guiándonos pola luz do sol se contabamos con tempo abondo para probar uns e outros. E sen máis demora encamiñámonos finalmente ao túnel máis próximo.

Segundo as tallas coas que confeccionaramos o mapa, a boca do túnel que buscabamos non podía estar a moito máis de medio quilómetro do lugar en que nos atopabamos. O espazo intermedio amosaba edificios de sólido aspecto que permitirían probabelmente a entrada a un nivel inferior ao xeado. A abertura en si debía acharse na parte baixa —no ángulo máis próximo ás abas— dunha vasta construción de cinco puntas, de evidente carácter público e talvez de uso cerimonial, que tratamos de situar baseándonos na nosa inspección aérea das ruínas.

Non lembrabamos ver ningún edificio desa natureza durante o voo, polo que deducimos que, ou as súas partes superiores estaban danadas, ou ficara totalmente destruído por mor dunha gran fenda que observaramos no xeo. De ser así, o túnel estaría seguramente obstruído, polo que teriamos que probar sorte co seguinte máis próximo, o que quedaba a menos dunha milla cara ao norte. A canle do río cortábanos o paso impedíndonos entrar nesta viaxe por calquera dos túneles situados máis ao sur. Realmente, se os dous máis próximos estaban obstruídos, era dubidoso que as pilas nos permitisen chegar ao seguinte túnel do norte, que quedaba como a un quilómetro máis aló do elixido como segunda posibilidade.

Mentres nos abriamos paso na escuridade a través do labirinto coa axuda de mapa e compás atravesando salas e corredores en diferentes estados de ruína e conservación, subindo ramplas, cruzando plantas superiores e pontes,

volvendo baixar, topando con portas obstruídas e con moreas de cascallos, apresurándonos despois por tramos magnificamente conservados e misteriosamente inmaculados, equivocando o camiño e volvendo atrás para remediar o erro —eliminando nestes casos a falsa ruta que marcaramos con papeis— e, algunha que outra vez, chegando ao fondo dun respiradoiro polo que se derramaba ou se filtraba tenuemente a luz do día, tivemos que pasar de longo baixorrelevos que nos tentaban coas súas imaxes. Moitos deles narrarían seguramente relatos de enorme importancia histórica, e só a perspectiva de posteriores visitas nos fixo aceptar a imposibilidade de estudalos polo miúdo. Así e todo, algunhas veces acurtabamos o paso e acendiamos a segunda lanterna. De ter máis película, é seguro que nos deteriamos brevemente para sacar fotografías dalgúns dos baixorrelevos, pero a idea de copialos quedaba fóra do posíbel.

Chego agora novamente a un punto no que a tentación de dubidar ou de insinuar máis que relatar, é moi forte. Mais é necesario revelar todo o demais coa fin de desalentar outras exploracións. Tras cruzar unha ponte á altura do segundo andar até o que parecía ser claramente o extremo dun muro en punta, e tras baixar a un pasadizo singularmente rico en tallas de estilo tardío, de gran elaboración decadente e ao parecer ritual, chegaramos moi preto do lugar onde calculabamos que se acharía a boca do túnel, cando, pouco antes das oito e media da noite, o olfacto de Danforth proporcionounos o primeiro indicio de algo insólito. Se levásemos un can, supoño que repararíamos niso antes. Ao principio non puidemos dicir exactamente que foi o que viciou o ar, até entón de cristalina pureza, pero pasados uns segundos a nosa memoria falounos con absoluta claridade. Tratarei de dicilo sen dubidar. Percibíase un cheiro, un cheiro vago, sutil e inequivocamente semellante ao que tanta repugnancia nos causara ao abrir a demente tumba daquel horror que o desgraciado Lake diseccionara.

Naturalmente, a revelación non foi tan clara entón como soa agora. Había varias explicacións concibíbeis, e murmuramos un longo intre sen decidir nada. Mais o importante é que non retrocedemos sen investigar máis. Chegaramos moi lonxe e resistiámonos a desanimarnos, agás que nos atopásemos cun desastre certo. En calquera caso, o que sospeitabamos era demasiado fantástico para crelo de verdade. Tales cousas non ocorren nun mundo normal. Foi probabelmente un instinto irracional o que nos fixo apagar parcialmente a lanterna (as esculturas decadentes e sinistras que acenaban ameazadoras desde as opresivas paredes deixaran de tentarnos) e avanzar na punta dos pés cautelosamente pasando a gatiñas sobre os cascallos amoreados sobre o chan, e que ían aumentando en cantidade a cada paso.

Os ollos de Danforth, e non só o seu olfacto, resultaran ser mellores que os meus, pois foi el tamén quen primeiro percibiu a estraña disposición dos cascallos após pasarmos baixo gran número de arcos medio obstruídos que conducían a cámaras e corredores ao nivel do chan. Non presentaban o aspecto que era de esperar tras miles de anos de abandono, e cando fixemos brillar a lanterna con maior potencia vimos que se varrera unha especie de faixa a través dos cascallos non había moito tempo. A irregular natureza dos mesmos impedía que ficasen marcas definidas, pero nos lugares máis despexados algo daba a impresión de que se arrastraran por alí obxectos de peso considerábel. Houbo un momento en que cremos ver pegadas de algo paralelo, como os patíns dunha zorra. E iso foi o que nos fixo deternos outra volta.

Foi durante esa pausa cando percibimos, esta vez os dous ao mesmo tempo, o outro cheiro que chegaba desde un lugar algo máis afastado. Paradoxalmente tratábase dun cheiro menos aterrecedor e á vez máis alarmante. En verdade menos aterrecedor en si, pero infinitamente máis alarmante tratándose daquel lugar e daquelas circunstancias, a non ser, naturalmente, que Gedney...

O cheiro era de gasolina común e corrente. Gasolina de uso cotián.

O que nos motivou a seguir despois disto foi algo que deixarei que decidan os psicólogos. Agora sabiamos que unha terríbel prolongación dos horrores do campamento se arrastrara até este tenebroso cemiterio de eóns e, por tanto, xa non podiamos dubidar da existencia de cousas sen nome, actuais ou polo menos recentes, a pouca distancia de alí. No entanto, acabamos por deixar que a ardente curiosidade, ou a angustia, ou a autosuxestión, ou os vagos pensamentos sobre o noso deber con Gedney, ou o que for, nos impulsasen a seguir adiante. Danforth volveu murmurar algo sobre a pegada que crera ver nun lado do corredor das ruínas superiores e os febles asubíos musicais, posibelmente de tremendo significado á luz do que Lake dixo sobre as súas disección, a pesar do seu gran parecido co eco das bocas das covas nos picos batidos polos ventos que crera ouvir pouco despois procedentes de descoñecidas profundidades. Arrimouse a min e murmurou algo sobre o estado en que quedara o campamento, as cousas que desapareceran e como a tolemia dun único sobrevivente puidera concibir o inconcibíbel: unha excursión demencial a través das colosais montañas e un descenso aos descoñecidos edificios de milenaria construción.

Pero non conseguimos convencernos mutuamente e nin sequera a nós mesmos, de nada definido. Apagaramos a lanterna por completo e, mentres permanecemos alí inmóbiles, decatámonos vagamente de que

unha tenue luz diúrna filtrada desde as alturas facía que a escuridade non fose total. Botamos a andar automaticamente e guiámonos pola luz da lanterna que acendiamos de cando en vez durante moi breves intres. Os cascallos varridos ou apartados causárannos unha impresión que non lograbamos borrar e o cheiro a gasolina ía aumentando. Os nosos ollos tropezaban con máis e máis cascallos que nos dificultaban o paso, até que pronto vimos que o camiño ante nós estaba a piques de acabar. Atinaramos de cheo na nosa pesimista suposición sobre a fenda que viramos desde o ar. A busca do túnel leváranos a un pasadizo sen saída e nin sequera iamos poder chegar á parte inferior na que se abría o paso cara ao abismo.

A lanterna eléctrica, que alumaba as paredes cheas de tallas grotescas do pasadizo bloqueado en que nos atopabamos, revelou diversas portas máis ou menos obstruídas. A través dunha delas chegaba con especial forza o cheiro a gasolina, que dominaba calquera outro indicio de olor. Ao ollarmos con maior atención vimos, sen ningún tipo de dúbida, que os cascallos foran varridos recentemente diante daquela porta. Calquera que fose o horror que alí nos axexaba, o camiño que levaba directamente até el era patente. Non creo que ninguén se abraie ao saber que agardamos un bo intre antes de levar a cabo ningún outro movemento.

E, así e todo, cando á fin nos aventuramos a entrar por aquel negro arco, a nosa primeira impresión foi de profunda decepción. Pois no medio do espazo cheo de cascallos e da desorde daquela cripta tallada na rocha, un perfecto cubo con lados duns seis metros de lonxitude, non había ningún obxecto de factura recente nin tamaño distinguíbel, polo que buscamos instintivamente, aínda que en balde, algunha outra porta. Pero a aguda vista de Danforth, pasado un intre, localizou o lugar do que se retiraran recentemente os cascallos que cubrían o chan, e contra alí diriximos toda a luz das dúas lanternas. Aínda que o que vimos a esa luz foi realmente sinxelo e común, vacilo en dicir o que era polo que significaba. Tratábase dunha sinxela violación da morea de cascallos, enriba da cal había espallados ao azar varios obxectos de pequeno tamaño, e nunha de cuxas esquinas se vertera unha cantidade considerábel de gasolina, pois aquel forte cheiro impregnaba todo o ambiente, a pesar da grande altura da supermeseta. Dito doutro xeito, aquilo non podía ser senón unha especie de campamento, un campamento disposto por seres que, coma nós, buscaban algo e que, coma nós, se viran detidos pola inesperada obstrución do camiño que levaba ao abismo.

Falarei claro. Os obxectos esparexidos procedían basicamente do campamento de Lake e consistían en latas de conserva abertas de maneira estraña, como as que viramos naquel devastado lugar, gran cantidade de mistos usados, tres libros ilustrados manchados de curiosa forma desigual, un frasco de tinta baleiro co seu envase de cartón, unha pluma estilográfica rota, algúns anacos de pel e de lona de tenda cortados de maneira singularmente rara, unha pila eléctrica usada xunto coa súa envoltura de propaganda e as instrucións para o seu emprego, un folleto que acompañaba as estufas que utilizabamos para quentar as tendas e bastantes anacos de papel engurrados. Todo iso era non pouco inquietante, pero cando alisamos os papeis e vimos o que neles había presentimos que chegaramos ao peor. Atoparamos no campamento algúns papeis inexplicabelmente esborranchados que puideran prepararnos para iso, e así e todo atopalos alí abaixo, nas cavernas prehumanas dunha cidade de pesadelo, resultaba case insoportábel.

Un Gedney enlouquecido podía debuxar aqueles grupos de puntos imitando os que atoparan nos anacos de esteatita verdosa, iguais aos que viramos nos túmulos de cinco puntas. Era concibíbel que sacase uns apresurados debuxos de variábel exactitude, ou mesmo carentes dela, que representasen en bosquexo os arredores da cidade e marcasen o camiño desde un lugar sinalado cun círculo e que non pertencía ao noso anterior traxecto, un lugar que identificamos coa gran torre cilíndrica dos baixorrelevos e que enxergaramos desde o aeroplano, até a actual cámara de cinco puntas e a boca do túnel que nela se abría.

Puido Gedney, repito, facer eses debuxos, pois os que tiñamos ante os nosos ollos fixéranse, evidentemente, copiando os baixorrelevos, do mesmo xeito que nós fixeramos os nosos, e reproducindo as tallas tardías do labirinto glacial, aínda que copiando outras diferentes ás nosas. Pero o que xamais podería conseguir Gedney, chafalleiro e negado como era para a arte, era facer aqueles debuxos empregando unha estraña técnica e unha seguridade de trazo talvez superior, a pesar do seu apresuramento e descoido, ao debuxo das decadentes tallas que serviran de modelo, a característica e inequívoca técnica dos propios Antigos dos tempos de esplendor da cidade morta.

Non faltará quen digan que Danforth e mais eu demostramos estar completamente tolos ao non liscar a fume de carozo despois daquilo, posto que as nosas conclusións eran xa, a pesar da súa demencia, completamente firmes e dunha clase que nin sequera necesito mencionar a quen seguise a miña narración até este punto. É posíbel que estivésemos tolos, pois non dixen que aqueles horríbeis cumios eran as montañas da loucura? Pero creo que podo advertir algo que indica o mesmo espírito, aínda que de natureza menos extrema, nos homes que asexan as feras carniceiras das selvas africanas para fotografalas ou estudar os seus costumes. Medio paralizados polo pavor como

estabamos, ardía en nós, así e todo, unha chama alimentada polo abraio e a curiosidade, e que acabou por triunfar.

Está claro que non tiñamos intención de enfrontarnos co que, ou cos que, sabiamos que estiveran alí, pois pensabamos que xa marcharan. Naquel momento seguramente xa atoparan a entrada veciña que conducía ao abismo e entraran por ela en dirección a Deus sabe que tenebrosos flocos do pasado, que agardaban por eles naquela última sima, a última sima que xamais viran. E se esa entrada tamén estivese obstruída, afastaríanse cara ao norte na procura dalgunha outra. Lembramos que non dependían senón parcialmente da luz.

Cando penso naquel momento, apenas podo lembrar cales foron nosas emocións, que cambio de obxectivo inmediato foi o que afiou tan agudamente a nosa expectación. Non tiñamos intención, iso era indubidábel, de nos enfrontar co que temiamos, e con todo non negarei que posibelmente albergásemos un oculto desexo inconsciente de espreitar certas cousas desde algún observatorio estratéxico. É probábel que non renunciásemos aínda ao desexo daquel abismo, aínda que agora se interpuxera un novo obxectivo: o espazoso lugar rodeado por un círculo que se amosaba nos engurrados debuxos que atoparamos. Recoñeceramos decontado a inmensa torre cilíndrica que aparecía nos baixorrelevos máis antigos, pero que vista desde o alto non parecía senón unha prodixiosa abertura redonda. Algo relacionado co seu impresionante aspecto, mesmo naqueles apresurados bosquexos, fíxonos pensar que nos seus niveis subglaciares aínda podía haber algo de especial importancia. Talvez encerrase marabillas arquitectónicas non atopadas aínda nas nosas exploracións. A torre era indubidabelmente de enorme antigüidade pois, segundo as escenas esculpidas nas que aparecía, fora unha das primeiras construcións da cidade. Os seus baixorrelevos, se se conservaban, poderían ter un valor moi singular. Ademais, talvez supuxese unha conveniente ligazón co mundo superior, un camiño máis curto que o que con tanto coidado iamos marcando, e probabelmente o que seguiran os que baixaran con anterioridade.

En calquera caso, o que fixemos foi estudar os temíbeis bosquexos, que confirmaron os nosos con grande exactitude, e retroceder polo camiño indicado cara ao lugar circular, é dicir, o camiño que os nosos predecesores de identidade descoñecida tiveran que percorrer dúas veces antes ca nós. A outra entrada que nos conduciría ao tan buscado abismo estaría máis aló. Non é necesario que fale do itinerario que seguimos e durante o cal continuamos deixando un rastro de papeis aforrando todos os que puidemos, pois foi de natureza idéntica ao que nos levou até aquela galería sen saída, aínda cando o novo camiño tendía a se manter máis próximo ao nivel do chan e mesmo a descender cara ás galerías inferiores. De cando en vez viamos algúns sinais inquietantes nos cascallos e lixos esparexidos polo chan. En canto deixamos de percibir o cheiro a gasolina, volvemos notar dun xeito súbito e leve aquel fedor máis terríbel e persistente. Despois de que o camiño se bifurcase do que seguiramos anteriormente, iluminamos varias veces as paredes da galería cos raios dunha soa lanterna, e vimos nelas case sempre as omnipresentes tallas que parecían ser o principal desafogo estético dos Antigos.

Contra as nove e media, cando atravesabamos un longo corredor abovedado, cuxo piso cada vez máis xeado parecía estar algo por baixo do nivel xeral do chan e cuxo teito perdía altura segundo avanzabamos, comezamos a percibir ante nós unha forte luz diúrna, e puidemos apagar a lanterna. Ao parecer, aproximabámonos ao amplo espazo circular e non podiamos estar moi lonxe do exterior. A galería remataba nun arco sorprendentemente baixo para as dimensións das ruínas megalíticas, mais foi moito o que puidemos ver a través del, mesmo antes de o atravesar. Alén do arco abríase un prodixioso espazo redondo, de sesenta metros de diámetro, cuxo chan estaba cuberto de cascallos e no que se vían multitude de arcos cegados que correspondían ao que estabamos a piques de cruzar. Onde había lugar para iso, os muros estaban profusamente esculpidos formando un friso en espiral de prodixioso tamaño que amosaba, a pesar dos danos causados polos elementos naquel lugar aberto, un esplendor artístico moi superior a canto viramos até o momento. O chan, ateigado de cascallos, estaba cuberto por unha grosa capa de xeo e imaxinamos que o verdadeiro piso estaba a un nivel bastante inferior.

Pero a característica máis notábel do lugar era a titánica rampla de pedra que, esquivando os arcos por medio dun brusco desvío cara ao exterior, se enroscaba subindo polas espléndidas paredes do cilindro como contrafiguras internas das que ascenderon noutros tempos polas inmensas torres piramidais ou zigurats da antiga Babilonia. Só a rapidez do voo e a perspectiva que nos levara a confundir a baixada co muro interior da torre nos impedira ver esta rampla desde o aeroplano, inducíndonos a buscar outro camiño ao nivel subglacial. Pabodie talvez puidese dicirnos que clase de construción explicaba a súa firmeza, pero Danforth e mais eu só puidemos marabillarnos contemplándoa. Había poderosas ménsulas e columnas de pedra aquí e alá, mais o que vimos pareceunos insuficiente para a función que realizaban. Todo iso atopábase en excelente estado de conservación até o que agora era a parte superior da torre, o que é admirábel se se ten en conta o moi exposto que estaba ás inclemencias do tempo, e o seu acubillo axudara en gran medida a protexer as estrañas e inquietantes esculturas cósmicas das paredes.

Así que saímos á pavorosa penumbra en que a media luz baixaba ao fondo do monstruoso cilindro de

cincuenta millóns de anos de antigüidade e, sen dúbida, a máis primitiva de cantas construcións verían os nosos ollos. Vimos que os muros escalados pola rampla ascendían vertixinosamente até unha altura de vinte metros. Isto, segundo lembramos pola nosa inspección aérea, significaba unha capa exterior de xeo de arredor de catorce metros, pois o precipicio que viramos desde o aeroplano achábase no alto dun montículo de cascallos de seis metros, algo abrigado nas tres cuartas partes do seu perímetro circular polas macizas murallas dunha ringleira de ruínas que quedaban algo máis arriba. Segundo narraban as tallas, a torre alzárase nun principio no centro dunha inmensa praza redonda até unha altura duns cento cincuenta ou douscentos metros, con mesas horizontais preto da parte superior en forma de disco e unha fila de agudas torres semellantes a espadanas ao longo do bordo superior. A maior parte do construído derrubárase principalmente de cara a fóra, circunstancia afortunada, pois pola contra é posíbel que a rampla ficase destruída e todo o interior bloqueado. Aínda así, a rampla sufrira tremendos danos e a acumulación de cascallos era tal que parecía que o paso por todos os arcos inferiores se abrira só había pouco.

Non tardamos máis que un intre en chegar á conclusión de que ese fora sen dúbida o camiño polo que aqueloutros baixaran, e que este sería o camiño natural que seguiriamos para o noso ascenso, a pesar do longo rastro de papeis que foramos deixando noutros lugares. A boca da torre non estaba máis lonxe dos contrafortes e do aeroplano que nos agardaba que o vasto edificio de banzos polo que entraramos, e calquera exploración subglaciar que puidésemos facer nesta viaxe teriamos que levala a cabo naquela zona. É curioso que aínda pensásemos en facer viaxes posteriores, mesmo despois de canto viramos e adiviñaramos. Foi entón, mentres avanzabamos cautelosamente por riba dos cascallos do espazoso piso cando vimos algo que nos fixo esquecernos momentaneamente de todo o demais.

Tratábase de tres zorras coidadosamente colocadas na esquina máis afastada da parte inferior e máis saínte da rampla, a que estivera oculta aos nosos ollos até entón. Alí estaban as tres zorras desaparecidas no campamento de Lake, en moi mal estado polo mal trato que significara probabelmente o arrastralas violentamente por enriba de pedras e o entullo que non ficaba cuberto de neve, alén de pasalas por lugares absolutamente intransitábeis. Estaban embaladas con moito coidado e suxeitas con correas, e contiñan cousas que nos eran dabondo coñecidas: a estufa de gasolina, bidóns de combustíbel, estoxos de instrumentos, latas de conserva, vultos envolvidos en lona que encerraban evidentemente libros e outros paquetes de contido menos claro; todo iso procedente do equipo de Lake.

Despois do que atoparamos naqueloutra sala, estabamos preparados para este achado. A sorpresa autenticamente perturbadora foi a que recibimos cando, logo de pasarmos por riba dun vulto que nos inquietou excesivamente e de desenvolvelo da lona que o cubría, atopamos algo realmente inquietante. Ao parecer, outros, ademais de Lake, se interesaran por coleccionar espécimes curiosos, pois alí había dous, xeados, ríxidos, en perfecto estado de conservación, curadas con esparadrapo unhas feridas que amosaban no pescozo, e envolvidos coidadosamente para que non sufrisen máis dano. Eran os corpos sen vida de Gedney e do can desaparecido.

X

Moitos serán os que nos acusen probabelmente de inhumanos, ademais de tolos, por pensar no túnel do norte e no abismo pasado tan pouco tempo do noso macabro achado, e non me acho capaz de dicir que non lembrásemos decontado tales cousas de non ser por unha circunstancia concreta que nos sorprendeu, iniciando unha nova serie de conxecturas. Volveramos cubrir o cadáver do pobre Gedney coa lona e atopabámonos sumidos nunha especie de mudo abraio, cando uns sons acabaron por abrirse paso até nós. Eran os primeiros que escoitabamos desde que baixaramos do espazo aberto onde o vento das alturas nos deixara ouvir os seus febles laios desde cumios alleos a este mundo. Aínda que ben coñecidos e terrestres, a súa existencia naquel remoto reinado da morte resultaba máis inesperada e aterrecedora que a de calquera outro son fabuloso ou grotesco, pois volveron facer fraquear todas as nosas concepcións sobre a harmonía cósmica.

Se tivesen algunha vaga semellanza cos fantásticos asubíos pertencentes a unha extensa escala musical que o informe de Lake sobre as súas diseccións nos inducira a esperar e que a nosa exacerbada imaxinación recoñecera en todos os refachos de vento que escoitaramos despois de descubrir os horrores do campamento, polo menos terían unha especie de infernal congruencia con respecto á rexión que nos rodeaba, morta durante moitos eóns. O lugar apropiado para unha voz chegada doutras épocas é un cemiterio doutras épocas. Mais o feito foi que devandito son botou por terra as nosas convicción máis fortes, toda nosa tácita aceptación da Antártida interior como deserto xeado, total e irrevogabelmente carente de calquera vestixio de vida normal. O que ouvimos non foi o fabuloso son da expresión blasfema dunha antiga terra en cuxas duras entrañas ultraterreas un sol polar, rexeitado durante incontábeis séculos, provocase unha monstruosa resposta. Lonxe diso, foi algo tan normal, tan inequivocamente habitual durante os nosos días de navegación polas augas próximas á terra de Vitoria e de campamento xunto á baía de McMurdo, que nos arreguizamos ao pensar que puidese darse alí, onde non debían ouvirse tales cousas. En resumo, foi sinxelamente o rouco berro dun pingüín.

O apagado son chegou desde recunchos subglaciares que claramente viñan do outro lado da galería pola que chegaramos, desde unha zona situada evidentemente na dirección do outro túnel que conducía ao inmenso abismo. A presenza dunha ave acuática viva naquelas paraxes, nun mundo en cuxa superficie a ausencia de vida era característica secular e uniforme, só podía levarnos a unha conclusión. Por iso o noso primeiro pensamento foi comprobar a realidade obxectiva do son. Efectivamente, repetiuse varias veces, e en ocasións parecía proceder de máis dunha gorxa. Buscando a súa procedencia, pasamos baixo un arco de onde limparan boa parte do entullo. Volvemos penetrar en galerías descoñecidas e, cando deixamos atrás a luz do día, marcamos o noso rastro cunha cantidade suplementaria de papel que tomamos con estraña repulsión dun dos fardos tapados con lona que achamos nas zorras.

A medida que o piso xeado foi sendo substituído por entullo, percibimos con nitidez unhas curiosas pegadas deixadas por algo que transportaran a rastro até alí. Danforth atopou unha pegada moi clara cuxa descrición resultaría superflua. O camiño que marcaban os berros do pingüín era o que o mapa e o compás sinalaban como o que conducía á boca do túnel situado máis ao norte, e alegrámonos de atopar un acceso sen pontes no piso baixo que parecía estar aberto. O túnel, segundo o mapa, debía partir da base dunha gran construción piramidal que lembramos vagamente ver desde o alto e que se atopaba en sorprendente estado de conservación. Ao longo do camiño, a única lanterna acesa mostrounos a afeita profusión de relevos, pero non nos detivemos para examinar ningún deles.

De súpeto, unha forma branca e voluminosa apareceu ante nós e acendemos a segunda lanterna. É estraño como esta nova procura borrara totalmente da nosa memoria os anteriores temores ao que puidese axexarnos na

escuridade. Era de supor que os «outros», tras deixar as súas cousas no grande espazo circular, proxectasen volver despois da súa exploración do camiño do abismo, ou mesmo do abismo en si. Mais nós refugaramos toda precaución, tan completamente como se «eles» xamais existisen. Aquela cousa branca de andar zoupón de parrulo medía máis de metro oitenta e, así e todo, comprendemos ao momento que non se trataba dun dos «outros», pois estes eran de maior tamaño e escuros e, segundo a descrición dos baixorrelevos, os seus movementos en terra, malia a rareza dos seus membros tentaculares nados do mar, eran veloces. Pero dicir que aquela forma branca non nos atemorizou profundamente sería mentir. A verdade é que durante un intre traboun os un medo primitivo, case tan doloroso como os nosos razoados temores relacionados cos «outros». A nosa excitación decaeu de socato cando aquel vulto branco pasou co seu andar zoupón baixo un arco lateral que quedaba á nosa esquerda para reunirse cos dous conxéneres que o chamaron coas súas voces roucas. Pois non era senón un pingüín, aínda que xigante, dunha especie descoñecida maior que a dos pingüíns coñecidos e monstruoso pola combinación do seu albinismo coa case total carencia de ollos.

Cando pasamos detrás da ave por baixo do arco acendemos as dúas lanternas e deixamos caer a súa luz sobre o grupo dos tres indiferentes e distraídos pingüíns. Vimos que todos eles eran albinos e carecían de ollos, e que os outros dous eran da mesma especie descoñecida e xigantesca do primeiro. Polo seu tamaño lembráronnos algúns dos pingüíns arcaicos das tallas dos Antigos, e non tardamos en deducir que descendían de antepasados comúns e que estes sobreviviran por se refuxiaren nalgunhas rexións máis tépedas, cuxa perpetua escuridade destruíra a súa pigmentación e atrofiara os ollos até os transformar en inútiles fendas. Non había dúbida ningunha de que habitaban agora no profundo abismo que estabamos a buscar, e esta proba da perdurábel temperanza e habitabilidade do mar interior encheunos a cabeza de fantasías en extremo curiosas e perturbadoras.

Tamén nos preguntamos que puidera impulsar a estas aves a se aventurar lonxe dos seus dominios. O estado e o silencio da gran cidade morta demostraba que non fora nunca criadeiro natural de aves, mentres que a clara indiferenza do trío respecto da nosa presenza facía que resultase raro que o paso dun grupo distinto os alarmase. Era posíbel que aqueloutros se mostrasen agresivos ou tratasen de aumentar as súas provisións de carne? Dubidabamos de que aquel penetrante cheiro que tanto aborrecían os cans puidese resultar igualmente antipático para os pingüíns, pois os seus antepasados mantiveran cos Antigos unhas relacións amigábeis que tiñan que perdurar a beiras do abismo en tanto que sobrevivisen algúns dos Antigos.

Levados por un novo espertar do espírito científico, lamentamos non poder fotografar aquelas anómalas criaturas e seguimos o camiño cara ao mar subterráneo, un camiño que agora sabiamos sen ningún xénero de dúbidas que se atopaba aberto e libre de obstáculos, e cuxa dirección exacta nos manifestaban claramente as pegadas dos pingüíns que atopabamos ao noso paso.

Pouco despois, unha forte baixada por unha longa galería estrañamente desprovista de tallas induciunos a crer que nos achegabamos por fin á entrada do túnel. Acababamos de pasar xunto a dous pingüíns e ouviamos a outros diante, moi preto de nós. A galería remataba nun prodixioso espazo aberto que nos deixou sen alento. Tratábase dun perfecto hemisferio invertido, evidentemente situado a enorme profundidade. Media trinta metros de diámetro e quince de altura, con baixas entradas en arco en todos os puntos da circunferencia menos nun, onde se abría un burato negro e en forma de arco que crebaba a simetría da bóveda até unha altura de case cinco metros. Era a entrada ao grande abismo.

Neste gran hemisferio, cuxo teito cóncavo estaba impresionantemente tallado, aínda que en estilo decadente, representando unha primixenia bóveda celeste, arrandeaban uns poucos pingüíns albinos, estraños naquel lugar, pero indiferentes e cegos. O negro túnel amosaba as súas fauces e afastábase indefinidamente en pendente costa abaixo, coa boca adornada por xambas e limiar grotescamente tallados a cicel. Desde aquela críptica embocadura imaxinamos que sopraba unha aura lixeiramente máis tépeda e talvez emanaba un sospeitoso vapor, e preguntámonos que seres vivos, alén dos pingüíns, podían ocultar o insondábel abismo de alá abaixo e os infinitos ocos do panal da superficie e das titánicas montañas. Preguntámonos tamén se os indicios de fume que o desgraciado Lake crera ver nunha montaña, e tamén a estraña brétema que nós mesmos viramos en arredor do pico coroado por un bastión, puidesen ter por causa a ascensión por tortuosas canles de vapores procedentes das rexións insondábeis do centro da terra.

Ao entrarmos no túnel vimos que o seu trazado xeral, cando menos ao longo dos primeiros cinco metros en ambas as direccións, era de paredes, chan e teito abovedado formado pola habitual arquitectura megalítica. As paredes estaban levemente adornadas con medallóns de debuxos sinxelos e de estilo tardío decadente, e toda a fábrica e as tallas estaban en marabilloso estado de conservación. O chan achábase limpo, agás por algúns detritos deixados polos pingüíns ao saír e as pegadas impresas por outros ao entrar. Canto máis avanzabamos máis tépedo se facía o ambiente, polo que non tardamos en desabrochar as pezas de máis abrigo. Pensamos se realmente se

darían alá abaixo fenómenos ígneos e se as augas daquel mar sen sol estarían quentes. Ao cabo dunha curta distancia, os bloques de pedra foron substituídos pola rocha viva, aínda que o túnel conservou as mesmas proporcións e seguiu presentando a mesma regularidade. En ocasións, a pendente era tan forte que se tallaran fendas no piso. Vimos algunhas bocas de galerías laterais que non aparecían no noso plano, pero ningunha de natureza tal que puidese dificultar o noso regreso, e todas elas ofrecían refuxio no caso de que na nosa volta atopásemos seres desagradábeis. O fedor de tales seres era moi perceptíbel. Sen dúbida era unha aventura suicida e necia penetrar naquel túnel nas condicións descritas, mais a tentación do descoñecido é en certas persoas máis forte do que se cre, e a fin de contas esa tentación fora o que nos levara, en primeiro lugar, a este inclemente deserto polar.

Segundo avanzabamos vimos varios pingüíns e preguntámonos que distancia nos quedaría por percorrer. Os baixorrelevos facíannos esperar un descenso como dun quilómetro e medio até o abismo, pero nosas primeiras exploracións fixérannos comprender que on podiamos fiarnos plenamente das escalas.

Pasados uns catrocentos metros aproximadamente aquel cheiro sen nome intensificouse e tomamos boa conta das diversas galerías laterais polas que pasamos. Non se percibía vapor ningún como o da entrada, mais isto debíase indubidabelmente á falta de ar fresco que servise de contraste. A temperatura subía rapidamente e non nos abraiou chegar ante unha informe morea de cousas arrepiantemente familiares para nós. Tratábase dunha chea de peles e lonas de tendas procedentes do campamento de Lake, e non nos detivemos para estudar as caprichosas formas nas que foran cortadas. Algo máis alá advertimos que aumentaban moito o tamaño e o número das galerías que desembocaban na nosa e deducimos que debiamos estar chegando á zona densamente poboada de celas e situada debaixo os contrafortes máis altos. Aquel curioso fedor sen nome chegábanos agora mesturado con outro cheiro case igualmente desagradábel, cuxa natureza non nos puidemos adiviñar aínda que pensamos en organismos en estado de putrefacción avanzada e se cadra en descoñecidos fungos subterráneos. Despois abriuse ante nós un inesperado ensanche do túnel para o cal non nos prepararon os baixorrelevos. Tratábase dun ensanche e unha elevación do teito, polo que o túnel converteuse en caverna elíptica de aspecto natural, de piso chan, duns vinte e cinco metros de lonxitude por uns vinte de largura e con numerosos corredores que nela confluían e dela se afastaban para se perderen na misteriosa escuridade.

Aínda que a caverna parecía natural, unha inspección realizada con axuda das dúas lanternas, descubriunos que se formara mediante a destrución artificial de varios muros que separaban as estancias contiguas escavadas na rocha. As paredes eran rugosas, e o elevado teito abovedado amosaba un gran número de estalactitas, pero o chan de rocha viva fora achandado e estaba libre de entullo, detritos e mesmo po, o que parecía moi estraño. Agás pola ampla galería pola que baixaramos, os grandes corredores que saían dela achábanse en igual estado, cuxa singularidade era tal que nos tiña abraiados. O curioso e novo fedor que se viñera sumar ao cheiro sen nome era alí moi penetrante, até o punto de anular o outro sen deixar rastros del. Había algo naquel lugar, co seu chan puído e case relucente, que nos sorprendeu de maneira máis espantosa que calquera das cousas monstruosas coas que bateramos con anterioridade.

A regularidade da galería que se abría ante nós, e tamén a maior abundancia de excrementos de pingüín que había naquel lugar, evitaba trabucar o camiño naquel acio de bocas de caverna igualmente grandes. No entanto, decidimos volver deixar un rastro de anacos de papel por se se presentaban complicacións, pois xa non podiamos esperar guiarnos polas pegadas que deixaramos no po. Ao anovar a marcha iluminamos en varios puntos as paredes do túnel e ficamos atónitos ao percibir o cambio tan radical que se apreciaba nos baixorrelevos desta parte do corredor. Apreciabamos, por suposto, a notábel decadencia das esculturas dos Antigos no período en que abriran o túnel e xa observaramos a mediocre artesanía dos arabescos nos tramos que deixaramos atrás. Pero agora, naquela profunda sección de máis alá da caverna, reparamos nunha sutil diferenza que resultaba inexplicábel, unha diferenza na súa natureza básica distinta da diminución de calidade que supuña tan profunda e calamitosa degradación da habilidade dos artesáns e que resultaba inesperada en vista do que observaramos anteriormente.

Estas novas e dexeneradas tallas eran bastas, bastas e totalmente carentes de delicadeza nos detalles. A talla tiña unha profundidade esaxerada e formaba faixas que seguían a tónica xeral dos poucos medallóns das seccións anteriores, pero a altura dos relevos non chegaba até o nivel da superficie xeral. A Danforth ocorréuselle que se trataba dunha talla superposta, unha especie de palimpsesto engadido despois de borrar o deseño primitivo. Era de natureza decorativa e convencional e o deseño consistía en bastas espirais e ángulos que se axustaban rudamente á tradición matemática do número cinco conservada polos Antigos, semellando máis unha parodia que a perpetuación dunha tradición. Non podiamos tirar da cabeza que algún elemento sutil, pero profundamente estraño, se engadira aos principios estéticos nos que se apoiaba a técnica —un elemento estraño, supuxo Danforth, culpábel da elaborada substitución. Era unha arte parecida á que chegaramos a recoñecer como o dos

Antigos, pero tamén estrañamente distinta, e lembrábame intensamente a cousas híbridas, como as torpes esculturas de Palmira modeladas á maneira romana. Que outros estudaran a franxa de tallas insinuábao o feito de que vísemos no chan, diante dun dos medallóns máis característicos, unha pila gastada de lanterna.

Como non podiamos perder moito tempo estudando aquilo, iniciamos a marcha despois dunha ollada, pero iluminando frecuentemente as paredes para ver se podía apreciarse algún outro cambio na decoración. Non vimos nada semellante, aínda que os baixorrelevos escaseaban nalgunhas partes como resultado das moitas bocas de túneles que se abrían para dar paso a galerías laterais de chan puído. O número de pingüíns diminuíu, aínda que nos pareceu percibir vagamente un coro infinitamente afastado de berros que chegaban desde as profundidades da Terra. O novo e inexplicábel fedor fíxose penetrante até o abominábel e apenas podiamos notar nada do outro cheiro sen nome. Algúns rizos de vapor, visíbeis ante nós, indicaban os crecentes contrastes de temperaturas e a relativa proximidade dos cantís sen sol do grande abismo. E entón, de súpeto, vimos certos obstáculos no chan de diante de nós, obstáculos que con toda seguridade non eran pingüíns, e acendemos a segunda lanterna para asegurarnos de que aqueles obxectos permanecían inmóbiles.

XI

Chego outra vez a un punto en que me resulta moi difícil continuar. Xa debera estar endurecido a estas alturas, pero certas experiencias e suposicións feren demasiado fondamente para cicatrizar e deixan a memoria tan sensibilizada que os recordos nos fan volver vivir o horror pasado. Vimos, como dixen, certos obstáculos no noso camiño sobre o chan e podo dicir que, case ao mesmo tempo, o noso olfacto viuse invadido por un estraño aumento daquel fedor novo, agora claramente mesturado coa fetidez indicíbel dos que nos precederan. A luz da segunda lanterna non nos deixou dúbidas sobre que obxectos obstruían o camiño e unicamente nos atrevemos a achegarnos a eles porque nos decatamos, mesmo na distancia, de que xa estaban tan lonxe de poder facer mal ningún como os seis exemplares da súa mesma especie que desenterramos dos abominábeis túmulos coroados por estrelas do campamento de Lake.

Estaban, abofé, tan incompletos como a maior parte dos que desenterramos, aínda que polo charco mesto e de cor verde escura que se estaba formando arredor deles era evidente que a súa mutilación fora infinitamente máis recente. Parecía que non había máis que catro deles, mentres que os boletíns de Lake indicaran que o grupo que nos precedera estaba formado por non menos de oito. Foi completamente inesperado atopalos naquel estado e preguntámonos que clase de sinistro combate se desenvolvera no medio da escuridade.

Os pingüíns, cando se lles ataca en grupo, deféndense ferozmente co pico, e o ouvido dicíanos agora que había un criadeiro non lonxe de alí. Acaso os que nos precederan armaran balbordo provocando unha persecución asasina? Os obstáculos que tiñamos ante o noso camiño non o facían pensar así, pois os picos dos pingüíns dificilmente poderían causar nos duros tecidos que Lake diseccionara tan terríbeis desfeitas como as que agora podiamos ver ao nos aproximar. Ademais, as enormes aves cegas que viramos parecían singularmente tranquilas.

Producírase, daquela, unha loita entre aqueles «outros», e había que achacar o dano aos catro que faltaban? Nese caso, onde estaban? Estaban preto de alí e representaban unha ameaza inmediata para nós? Fomos mirando con certo temor algunhas das bocas de túnel polas que pasabamos ao avanzar con paso lento e receoso. Calquera que fose o conflito, isto fora o que escorrentara os pingüíns incitándoos a correr por lugares pouco habituais. Seguramente a cousa tivera lugar preto do espazo que habitaban, xunto ao insondábel abismo de máis alá desde onde chegaran até nós os afastados berros das aves, pois non se percibían sinais de que vivisen por alí. Talvez houbera unha terríbel loita na que o grupo máis feble fora aniquilado polo máis forte cando trataba de chegar ás zorras escondidas. Cabía imaxinar o diabólico combate entre seres indicibelmente monstruosos que xurdían do negro abismo, rodeados de bandadas de pingüíns frenéticos berrando e fuxindo a lume de biqueira.

Aproximámonos amodo e con cautela aos obxectos mutilados que xacían no medio do noso camiño. Oxalá nunca nos aproximásemos a eles e saísemos a fume de carozo daquel túnel execrábel de chan esvaradío e de paredes inzadas de decoracións decadentes que copiaban os seres que substituíran! Oxalá retrocedésemos antes de ver o que vimos e antes de que quedase gravado a lume na nosa mente algo que nunca nos permitirá volver respirar tranquilamente!

A luz das dúas lanternas caeu sobre os obxectos caídos de tal maneira que axiña nos decatamos de cal era o factor predominante da súa mutilación. Machucados, esmagados, retortos e rotos como estaban, o que caracterizaba a todos eles era que estaban decapitados. Todas as cabezas de equinodermo provistas de tentáculos estaban cortadas e segundo nos achegamos, vimos que, ao parecer, foran descabezados máis por diabólico racho ou succión que mediante calquera forma habitual de corte. O fedorento líquido de cor verde escura que deles fluía formaba un charco grande que ía en aumento, pero a súa fetidez ficaba medio anulada por un novo e máis estraño

fedor, máis penetrante alí que en ningún outro lugar do noso camiño. Só cando chegamos moi preto dos obstáculos espallados no chan puidemos comprender de onde procedía aquel segundo e inexplicábel cheirume, e axiña o fixemos, Danforth, lembrando certas tallas moi elocuentes da historia dos Antigos na era pérmica, quere dicir, hai cento cincuenta millóns de anos, non puido conter un berro de angustia que espertou os ecos daquel pasadizo abovedado e arcaico dos relevos de palimpsesto.

Eu mesmo estiven a piques de berrar tamén, pois vira igualmente os frisos primixenios e admirara arreguizado a forma en que o anónimo artista dera a entender a horríbel capa de viscosidade que cubría uns Antigos mutilados e caídos en terra, aqueles aos que os terríbeis shoggoths deran morte e succionaran até deixalos sen cabeza na guerra en que volveran subxugalos. Eran baixorrelevos infames, produto de pesadelos, aínda que narrasen episodios de remotísima antigüidade, pois ningún ser humano debería ver os shoggoths e as súas obras, nin criatura algunha debería representalos con imaxes. O demente autor do *Necronomicon* tratara de afirmar baixo xuramento que ningún se creara neste planeta, e que soamente soñadores toxicómanos os imaxinaran. Protoplasma informe capaz de adoptar e reproducir todas as formas, órganos e procesos, aglutinacións viscosas de células gurgullantes, esferoides elásticos de cinco metros, infinitamente plásticos e dúctiles, escravos da suxestión, construtores de cidades, cada vez máis sombrizos, cada vez máis intelixentes, cada vez máis anfibios e máis miméticos! Meu Deus! Que clase de demencia induciría aqueles Antigos blasfemos a utilizar e plasmar semellantes seres?

Foi entón cando Danforth e mais eu vimos aquela negra viscosidade de recentísimo brillo e de iridescentes reflexos que se apegaba mesta aos corpos descabezados tornando o ambiente horribelmente fedorento con aquel novo e descoñecido fedor cuxa orixe só unha mente enferma podía imaxinar, aquela viscosidade que se apegaba aos corpos e brillaba menos espesa nun anaco da parede esculpida de novo cunha serie de puntos agrupados, foi entón cando comprendemos o que era o terror cósmico en toda a súa insondábel profundidade. Non foi o medo a aqueles catro seres que faltaban, pois demasiado sospeitabamos que non volverían facer dano. Pobres diaños! A fin de contas non eran seres malignos na súa especie. Eran os humanos doutra era e doutra orde de cousas. A natureza gastáralles unha broma infernal —como lla gastará a calquera outro cuxa tolemia, dureza de sentimentos ou crueldade leve en diante a escavar naquel horrendo deserto polar, morto ou durmido—. Aquel foi o seu tráxico destino. Nin sequera foran salvaxes, pois que fixeran? Aquel abraiante espertar no frío dunha época descoñecida, talvez a acometida dunha manda de cuadrúpedes peludos ladrando furiosamente e unha atordada defensa contra eles e os igualmente frenéticos simios brancos con estrañas envolturas e ferramentas... Pobre Lake, pobre Gedney... E pobres Antigos! Científicos até o final. Que fixeron eles que non fariamos nós no seu lugar? Santo Deus, que intelixencia e que tenacidade! Que maneira de se enfrontaren co incríbel, igual que aqueles parentes e antepasados seus que se enfrontaran tamén con cousas case igualmente estrañas! Animais radiados, plantas, monstros, sementes de estrelas, non sei que foran antes, pero agora eran humanos.

Atravesaran os xeados cumios en cuxas tépedas abas se entregaran tempo atrás ao culto, as mesmas abas que percorreran outrora entre fentos arbóreos. Descubriran a súa cidade morta inmóbil baixo o peso da maldición e interpretaran o relato esculpido dos seus tempos derradeiros, como fixeramos nós. Trataron de chegar até conxéneres vivos en profundidades míticas dunha negrura xamais albiscada, e que atoparan? Todo isto pensabamos Danforth e mais eu mentres contemplabamos aquelas formas descabezadas e cubertas de viscosidade para ollar despois as tallas palimpsestas e os malignos grupos de puntos frescos na parede, e ao ollar comprendemos o que debeu de triunfar e sobrevivir nas profundidades da ciclópea cidade acuática daquel abismo sumido nunha noite eterna e rodeado de pingüíns, do que comezaba a subir unha sinistra e rizada brétema branca como respondendo ao berro nervioso de Danforth.

A sorpresa que supuxera recoñecer a monstruosa viscosidade e a decapitación daqueles seres deixáranos aos dous convertidos en estatuas inmóbiles e mudas, e só no curso de posteriores conversas descubrimos a idéntica natureza dos nosos pensamentos naqueles intres. Pareceunos que permaneceramos alí durante milenios, pero en realidade non foron máis duns quince segundos. Aquela brétema pálida e odiosa ascendía rizándose como impulsada por algún vulto máis afastado que tamén avanzaba, e logo chegou o son que desbaratou gran parte do que acababamos de decidir e, ao facelo, librounos do sortilexio e permitiunos percorrer aloucadamente, entre desconcertados pingüíns que non deixaban de berrar, o camiño de volta á cidade a través de pasadizos megalíticos inmersos no xeo, até chegarmos ao grande espazo circular aberto e despois subir pola arcaica rampla en espiral para tratar freneticamente de saír ao ar puro de fóra e á luz do exterior.

O novo son ao que me referín desbaratou, como dixen, boa parte do que decidiramos: porque foi o que a disección do desgraciado Lake nos inducira a atribuír aos que dabamos por mortos. Era, díxome Danforth despois, exactamente o mesmo que el ouvira de forma infinitamente apagada cando se achaba naquel lugar do canellón

situado por encima do nivel glacial e, abofé, lembraba estarrecido os asubíos do vento que os dous ouviramos arredor das altas covas das montañas. A risco de parecer pueril, engadirei algo máis, aínda que non sexa máis que pola sorprendente forma en que as impresións de Danforth encaixaron coas miñas. Naturalmente, a lectura dos mesmos libros foi o que nos preparou para chegar a tales interpretacións, aínda que Danforth apuntou algunhas raras nocións sobre fontes insospeitadas e prohibidas que Poe puido consultar cando escribiu o seu *Arthur Gordon Pym* hai xa un século. Lembrarase que nesa fantástica narración hai unha palabra de significado descoñecido, pero terríbel e prodixioso, unha palabra relacionada coa Antártida e que gritan eternamente as xigantescas aves de fantasmal brancura no centro desa malévola rexión. «Tekeli-li! Tekeli-li!»

Iso foi exactamente, recoñézoo, o que nos pareceu que articulaba aquel repentino ruído tras a branca brétema que avanzaba, aquel repetitivo asubío musical que se deixaba ouvir abranguendo unha escala singularmente ampla.

Antes de que se ouvisen tres notas, ou tres sílabas, xa corriamos desenfreados, aínda que sabiamos que a rapidez dos Antigos permitiría a calquera sobrevivente da matanza que, alertado polo berro, puidese perseguirnos, darnos alcance nun instante se desexaba facelo. Tiñamos unha vaga esperanza, así e todo, de que un comportamento pacífico pola nosa banda e o feito de mostrarmos unha razón parecida á súa, podía inducir a un ser desa natureza a facernos graza da vida en caso de captura, aínda que non fose máis que por curiosidade científica. Despois de todo, se non vía nada que temer, non tería motivo para facernos dano. Como ocultarnos resultaría inútil naquela conxuntura, enfocamos para atrás o raio da lanterna mentres corriamos, polo que vimos que a brétema se ía facendo máis sutil. Veriamos á fin un exemplar completo e vivo daqueles «outros»? Unha vez máis chegou aos nosos ouvidos aquel asubío obsesivo e musical: «Tekeli-li! Tekeli-li!»

Como observamos entón que lle íamos gañando terreo ao noso perseguidor, ocorréusenos que se cadra estivese ferido. Pero non podiamos arriscarnos, pois estaba claro que viña tras de nós en resposta ao berro de Danforth e non porque fuxise de ningunha outra criatura. O tempo aburaba demasiado para vacilar. Onde puidese atoparse aqueloutro ser de pesadelo, menos concibíbel e menos mencionábel, aquela masa fedorenta nunca albiscada que vomitaba viscoso protoplasma, cuxa raza conquistara o abismo e expulsara os colonizadores da Terra forzándoos a cavar de novo e a arrastrarse polos tobos das montañas, non podiamos imaxinalo sequera. Iso causounos un verdadeiro remorso por deixar aquel Antigo, probabelmente malferido e se cadra único sobrevivente, a mercé dunha nova captura e unha sorte sen nome.

Grazas a Deus non abandonamos a nosa carreira. A rizada brétema volvera espesar e avanzaba a maior velocidade, en tanto que os pingüíns descarreirados berraban ás nosas costas dando mostras dun pánico sorprendente se tiñamos en conta a escasa confusión que mostraran cando os adiantamos. Unha vez máis percorreu aquel sinistro asubiar a extensa escala da súa música: «Tekeli-li, Tekeli-li.» Estabamos trabucados. Aquel ser non estaba ferido, senón que se detivera ao atopar os corpos dos seus conxéneres caídos e a diabólica inscrición viscosa enriba deles. Nunca saberiamos que mensaxe endiañado sería aquel, pero os enterramentos no campamento de Lake indicárannos a moita importancia que daban aos seus mortos. A lanterna, tan descoidadamente utilizada, mostrábanos á fronte a gran caverna en que converxían varias galerías, e celebramos perder de vista aquelas morbosas tallas palimpsestas que case sentiamos mesmo cando apenas as viamos.

Outro pensamento que nos inspirou a aparición da caverna foi a posibilidade de despistar o noso perseguidor en tan confusa infinidade de galerías. Había no espazo aberto varios pingüíns cegos, e resultaba evidente que o seu temor ao ente que se achegaba era extremo até o punto de non ser explicábel. Se diminuïamos a luminosidade da lanterna até deixar só a luz indispensábel para camiñar e mantiñámola fixa diante de nós, os movementos e os atemorizados berros desacompasados daquelas enormes aves sumidas na brétema talvez apagasen o ruído dos nosos pasos, ocultando o noso verdadeiro traxecto e creando dalgún xeito unha pista falsa. No medio das inquietas volutas de bruma e das súas rizadas espirais, o piso cuberto de entullo do túnel principal a partir daquel punto, en contraste coas outras galerías morbosamente puídas, non podía distinguirse con facilidade nin sequera, polo que nos era dado conxecturar, para os especiais sentidos que facían que os Antigos puidesen prescindir da luz, aínda que só parcialmente, en casos de emerxencia. De feito, tiñamos certo temor a extraviarnos coas présas, pois decidiramos, naturalmente, seguir dereitos cara á cidade morta, xa que as consecuencias de perdernos naquelas descoñecidas celas das montañas serían impensábeis.

O feito de que sobrevivísemos e saísemos ao exterior é proba suficiente de que aquel ser se equivocara de túnel en tanto que nós demos providencialmente co acertado. Os pingüíns por si sós non podían salvarnos, pero en conxunción coa brétema parece que o conseguiron. A nosa boa estrela mantivo as volutas de brétema o bastante mestas no momento crítico, pois estaban sempre axitadas e ameazando con esvaecerse por completo. E, efectivamente, así o fixeron durante un segundo antes de que saísemos do repugnante túnel palimpsesto e

chegásemos á cova, de tal maneira que unicamente percibimos durante un instante, e só a medias, o ser que nos perseguía, ao lanzar unha última e angustiada mirada para atrás antes de apagar a lanterna e mesturarnos cos pingüíns coa esperanza de escapar á súa persecución. Se a estrela que nos ocultou foi benigna, a que nos permitiu ver a medias aquela criatura foi infinitamente cruel, pois a esa media visión brillante débese a metade do horror que desde entón nos acosa.

O que nos fixo volver a vista atrás foi o instinto inmemorial que impulsa o perseguido a investigar a natureza e rumbo do perseguidor ou, talvez, un intento automático de responder a unha pregunta subconsciente exposta por un dos nosos sentidos. No medio da nosa fuxida, con todas as nosas facultades centradas no problema de como escapar, non nos atopabamos en condicións de observar e analizar os detalles pero, aínda así, as células latentes do cerebro deberon asombrarse ante a mensaxe que lles transmitía o noso olfacto. Máis tarde comprendemos en que consistía esa mensaxe: que a nosa fuxida da capa de viscosidade fedorenta que cubría aqueles obstáculos acéfalos, e a simultánea aproximación do ser que nos perseguía, non supuxera unha substitución de fedores como por lóxica cabía esperar. Xunto aos que xacían en terra predominara aquela fetidez nova e inexplicábel, mais agora esta debía dar paso ao fedor innominado asociado cos outros seres. Tal substitución non tivera lugar; pola contra, a nova fetidez era agora menos soportábel por estar practicamente sen diluír, e con cada segundo que pasaba facíase máis velenosamente insistente.

Daquela, volvemos a vista atrás ao parecer simultaneamente, aínda que sen dúbida o incipiente movemento dun provocou o do outro, e ao facelo enfocamos coa luz das lanternas a brétema, entón máis sutil, guiados pola ansia primitiva de ver todo o posíbel, ou polo desexo, aínda que menos primitivo igualmente inconsciente, de cegar o ser que nos perseguía antes de apagar as lanternas e fuxir entre os pingüíns do labirinto que se abría ante nós. Que desgraciada acción!

Nin o mesmo Orfeo, nin a esposa de Lot pagaron moito máis cara unha mirada atrás. E de novo ouvimos aquelas estarrecedoras notas que percorrían unha extensa escala:

«Tekelili, Tekelili...»

Máis vale que fale abertamente, aínda que me sinto incapaz de facelo con claridade, ao dicir que é o que vimos, aínda que naquel momento pensamos que nunca o admitiriamos, nin sequera o un ao outro. As palabras que chegarán ao lector non poderán nin sequera dar unha idea da aterrecedora natureza do que albiscamos. Invalidou tanto a nosa capacidade de discernimento que me marabilla que conservásemos xuízo suficiente para apagar as lanternas, como decidiramos facer, e correr polo túnel que conducía á cidade morta. Debeu ser o instinto o que nos sacou do problema talvez mellor do que puidese facer o raciocinio, aínda que se foi iso o que nos salvou, pagamos un alto prezo por iso. Desde logo, xuízo non nos quedaba moito.

Danforth estaba totalmente exasperado e o primeiro que recordo do resto do noso percorrido é o murmurio maquinal do meu compañeiro, a súa ladaíña incoherente na cal, soamente eu entre todos os seres humanos, podía atopar algo que non fose inoportuna demencia. Resoaba con ecos nasais entre os berros dos pingüíns, reverberando nas bóvedas máis afastadas e nas desertas galerías que, por fortuna, deixaramos atrás. Non comezou a cantarolar decontado, ou pola contra non estariamos vivos e correndo como tolos. Tremo ao pensar na diferenza que nos suporía unha reacción lixeiramente distinta pola súa banda.

—South Station..., Washington..., Park Street..., Kendall... Central... Harvard... O pobre home recitaba os nomes das estacións do suburbano de Boston a Cambridge que atravesaba as apracíbeis terras da patria, a milleiros de leguas de distancia, en Nova Inglaterra e, con todo, para min, tal ladaíña nin resultaba incoherente nin me traía recordos do fogar, pois recoñecía nela con absoluta certeza a monstruosa, a nefanda analoxía que a suxerira. Esperaramos ver ao volver a cabeza, se a brétema se diluíra o suficiente, un ser horríbel e incríbel en movemento. Formarámonos unha idea clara sobre aquel ente. Pero o que puidemos ver, aínda por riba de males, cando a brétema efectivamente aclarou, foi algo completamente diferente e con diferenza moito máis horrendo e detestábel. Aquilo era a encarnación real de «o que non debe ser» do autor de novelas fantásticas, e a analoxía que máis se aproxima á súa realidade é un enorme tren subterráneo tal como se ve á súa chegada desde a plataforma dunha estación: a negra e voluminosa parte dianteira xurdindo colosalmente da infinita distancia subterránea, constelada de luciñas de cores e enchendo o prodixioso oco como enche un émbolo un cilindro.

Pero non nos achabamos nunha estación do metro. Estabamos no medio da vía mentres aquela maleábel columna de negra e fétida iridescencia de pesadelo, zumegando apertadamente contra as paredes do túnel, avanzaba pola curva de cinco metros de largura, cobrando infernal velocidade e empurrando ante ela un vórtice de esvaídos aires emanados do abismo. Era un algo terríbel, indescritíbel, maior que calquera tren subterráneo, un conxunto informe de protoplasma, tenuemente luminoso e con milleiros de efémeros ollos que se formaban e

desvanecían constantemente como pústulas de luz verdosa cubrindo completamente a fronte que enchía o túnel e que estaba a piques de abalanzarse sobre nós esmagando no seu camiño os pobres pingüíns e escorregando sobre o relucente chan que, xunto cos seus conxéneres, limpara de toda clase de lixo. Aínda volveu ouvirse aquel berro ultraterreno e burlón: «Tekeli-li, Tekeli-li.» E foi entón cando lembramos á fin que os infernais shoggoths, dotados polos Antigos de vida, capacidade mental e diversas configuracións de órganos maleábeis, pero carentes de linguaxe falada, agás aquel que expresaban os grupos de puntos, carecían tamén de voz, agás pola capacidade de emitir os sons que imitaban dos seus desaparecidos amos.

XII

Danforth e mais eu lembramos saír ao grande salón adornado con esculturas e percorrer o camiño de volta a través de ciclópeas estancias e corredores da cidade morta, mais son estes simples fragmentos de soños que non supoñen recordos de vontade, nin de detalles, nin de esforzo físico. Era como se estivésemos a aboiar nun mundo nebuloso, ou en dimensións carentes de tempo, causalidade ou orientación. O lusquefusque gris do grande espazo circular tranquilizounos un pouco, pero non nos achegamos ás zorras escondidas, nin volvemos mirar o desgraciado Gedney nin o can. Os dous teñen un estraño e titánico mausoleo e espero que cando lle chegue a fin a este planeta nada perturbe a súa paz.

Foi mentres subiamos traballosamente pola colosal espiral cando sentimos por primeira vez ao respirar o fino aire da meseta a terríbel fatiga e o afogo que nos causou aquela carreira, pero nin sequera o medo a un colapso puido facer que nos detivésemos antes de chegar aos normais dominios exteriores do sol e do ceo. Houbo algo vagamente apropiado no noso abandono daquelas soterradas épocas, pois segundo subiamos arquexando pola rampla do cilindro de vinte metros e arquitectura máis que megalítica, vimos ao pasar unha continua procesión de magníficas fallas plasmadas coa técnica depurada anterior á decadencia da raza desaparecida, un adeus dos Antigos esculpido había cincuenta millóns de anos.

Ao saír finalmente pola parte superior, atopámonos sobre unha gran morea de pedras esborralladas, cos muros curvos doutras estruturas máis altas que se elevaban ao oeste, e os silandeiros cumios das grandes montañas asomando de lonxe, sobre os edificios máis derruídos que se vían no leste. O baixo sol antártico de media noite asomaba avermellado ao sur por enriba do horizonte mirándonos a través de ruínas gretadas, e a tremenda antigüidade e falta de vida daquela cidade de pesadelo parecía máis crúa en contraste con cousas relativamente coñecidas e habituais, como os detalles da paisaxe polar. Arriba, o ceo era unha masa convulsa e opalescente de tenues vapores xeados, e o frío agarrábasenos ás entrañas. Soltamos cansos as bolsas do equipo, ás que nos aferramos de maneira instintiva durante a nosa desesperada fuxida, e abotoamos as roupas de abrigo con vistas á baixada da morea de pedras e a través do antiquísimo labirinto pétreo até as abas onde nos agardaba o aeroplano. Do que nos fixo fuxir daquela secreta e arcaica escuridade da Terra, nada dixemos.

En menos dun cuarto de hora atopamos a pendente —probabelmente unha antiga escalinata— que conducía aos contrafortes polos que baixaramos, e puidemos ver o vulto escuro do aeroplano entre as ruínas esparexidas pola pendente que tiñamos diante. Como a medio camiño, detivémonos uns instantes para recuperar o alento e volvemos a cabeza para contemplar máis unha vez o fantástico e desordenado conxunto de siluetas pétreas que se vían aos nosos pés, recortadas misteriosamente unha vez máis contra un occidente descoñecido. Ao facelo, vimos que o ceo do fondo perdera a brétema matutina. Os volátiles vapores do xeo ascenderan até o cénit, onde as súas burlonas siluetas parecían estar a piques de formar algún estraño debuxo que temesen definir de maneira plena ou concluínte.

Revelábase agora no afastado horizonte branco de máis alá da grotesca cidade unha tenue e difusa liña de picos cor violeta cuxos aguzados cumios se elevaban como nun soño contra a cativadora cor rosa do ceo occidental. Cara á altura deste bordo trémulo, ascendía gradualmente o inmemorial altiplano, e a afundida canle do río desaparecido cruzábao serpeando como unha irregular fita de sombra. Durante un segundo admiramos, contendo o alento, a cósmica beleza sobrenatural do espectáculo, e daquela un vago terror comezou a apoderarse de nós: aquel afastado contorno violáceo non podía ser senón as terríbeis montañas da terra prohibida e os máis altos cumios da Terra e o centro de todo o mal terrestre; a morada de horrores sen nome e de segredos arcaicos, evitados e respectados por quen temían desentrañar o seu significado; lugares nunca pisados por ningún ser vivo

terreal, pero visitados por sinistros resplandores e transmisores de estraños feixes de luz a través das planicies na noite polar. Sen ningunha dúbida, o descoñecido arquetipo da temida Kadath no Deserto Frío de máis alá da aborrecida Leng á que aluden evasivamente os simples mitos.

Se os mapas e os baixorrelevos daquela cidade prehumana non mentían, aquelas misteriosas montañas cor violeta non podían atoparse a unha distancia moi inferior aos douscentos quilómetros e, así e todo, a súa apagada e enfeitizada silueta recortábase con total pureza por riba do remoto e nevado bordo, como o fío serrado dun monstruoso e estraño planeta a piques de ascender cara a desacostumados ceos. A súa altura tiña que ser, daquela, tremenda e incomparábel, levándoas até tenues estratos atmosféricos soamente poboados por espectros incorpóreos, dos cales algúns ousados aviadores puideron falar apenas entre murmurios logo de conservar milagrosamente a vida tras caídas inexplicábeis. Mentres as contemplaba, pensei con inquietude en certas insinuacións esculpidas sobre o que o gran río desaparecido arrastrara até a cidade desde as súas malditas abas, e preguntéime en que proporción estarían representadas a razón e a insensatez no medo dos Antigos que tan receosos se amosaban de esculpilas. Lembrei que o seu extremo setentrional tiña que estar próximo á terra da Raíña Mary, onde naqueles momentos a expedición de sir Douglas Mawson estaría a traballar seguramente a unha distancia de menos de mil quiñentos quilómetros de onde me achaba, e desexei que ningún malfadado accidente permitise a sir Douglas e aos seus homes enxergar o que puidese haber alén do cordal protector da costa. Estes pensamentos dan unha idea do estado de nerviosa inquietude en que me achaba e Danforth parecía estar aínda peor.

No entanto, moito antes de deixar atrás as ruínas en forma de estrela e de chegar canda o aeroplano, os nosos temores pasaron a centrarse na cadea inferior, pero suficientemente elevada, que teriamos que cruzar. Desde aquelas abas, as que se alzaban negras e cubertas de ruínas, espidas e horríbeis, contra o leste, volvían lembrarnos as estrañas pinturas asiáticas de Nicholas Roerich, e cando pensamos nos estarrecedores entes amorfos que podían ascender reptando e esparexendo o seu fedor até o máis alto dos perforados pináculos, non puidemos evitar arreguizarnos ante a perspectiva de sobrevoar de novo aquelas bocas de cova abertas ao ceo nas que o vendaval xemía con malignos asubíos musicais que cubrían unha escala de desafeito alcance. E para empeorar as cousas, percibimos claros sinais de néboa arredor de varios dos cumios, como debeu de velos o desgraciado Lake cando se equivocou ao tomalos por volcáns, e pensamos estremecidos naqueloutra brétema da que acababamos de escapar, naquela brétema e tamén no blasfemo abismo, xerador de horrores, do que procedían todos aqueles vapores.

Todo estaba en orde no aeroplano. Vestimos torpemente as grosas peles de voo. Danforth puxo en marcha o motor sen dificultade, engalamos suavemente e voamos por riba daquela cidade maldita. Por baixo de nós, os ciclópeos edificios arcaicos aparecían estrados como os viramos a primeira vez. Comezamos a gañar altura e a virar para probar o vento antes de enfilar a garganta. A grandes alturas debía de haber unha gran perturbación atmosférica, pois as nubes de po de xeo do cénit retorcíanse formando toda clase de estrañas figuras, pero a vinte e catro mil pés, a altura que necesitabamos alcanzar para pasar polo desfiladeiro, atopamos condicións de voo favorábeis. Ao nos aproximar aos cumios, volvemos ouvir os estraños asubíos do vento e vin que as mans de Danforth tremían sobre as pancas de mando. Aínda que non era máis que un afeccionado, pensei que naquel momento talvez fose eu mellor ca el para gobernar o avión ao cruzar o cordal voando na veciñanza daqueles picos, e cando lle fixen acenos para que cambiásemos de asento non protestou. Tratei de pór en práctica toda a miña escasa pericia e o control de min mesmo e dirixín a mirada cara ao anaco de ceo avermellado que se asomaba por entre as paredes do desfiladeiro, negándome porfiadamente a prestar atención aos guechos de néboa dos cumios, e desexando ter taponados os ouvidos, como os mariñeiros de Ulises ao pasar preto da costa das sereas, para non ouvir os inquietantes asubíos do vento.

Pero Danforth, relevado da súa tarefa como piloto e excitado de maneira perigosa, non podía estar quieto. Sentín como se volvía unha e outra vez para mirar atrás, á terríbel cidade que se ía afastando: para adiante en dirección aos cumios perforados polas covas e aos cubos que se adherían a elas como moluscos. A un lado, para contemplar o adusto mar de abas salpicadas de bastións. E arriba, para mirar o ceo en que fervían nubes de grotesca configuración. Foi entón, no momento en que eu trataba de atravesar sen perigo a garganta, cando os seus dementes berros estiveron a piques de provocar un desastre ao facerme perder o control dos mandos e manexalos torpemente durante uns intres. Un segundo máis tarde, venceu a miña decisión e cruzamos o paso sen novidade, mais temo que Danforth xa nunca volva ser o de antes. Dixen que Danforth se negou a dicirme que derradeiro horror o fixera berrar con tanta insensatez, horror que, estou certo, é o principal responsábel da súa actual crise nerviosa. Conversamos a voces por intres, dominando os asubíos do vento e o ruído do motor, unha vez que logramos chegar alén do cordal e fomos descendendo lentamente camiño do campamento, pero tales retrincos de conversa trataron principalmente sobre as promesas que fixeramos de gardar o segredo ao abandonar aquela

cidade morta de pesadelo. Conviñeramos en que había certas cousas que o público non debía saber nin comentar, e non falaría agora delas se non fose pola necesidade de facer abortar a expedición de Starkweather-Moore e outras expedicións, a calquera custo. É absolutamente necesario para a paz e a seguridade da humanidade que algúns recunchos escuros e mortos, algunhas profundidades insondábeis da Terra, non sexan perturbadas, non sexa que certas adormentadas anomalías recobren vida activa e certas obscenas supervivencias saian reptando das súas escuras goridas para se lanzar a novas e maiores conquistas.

Todo canto Danforth insinuou foi que aquel horror final non fora máis que un espellismo. Di que nada tivo que ver cos cubos e cavernas daquelas montañas perforadas por innumerábeis furados feitos como por vermes, daquelas montañas da loucura, inzadas de ecos e vapores, que cruzaramos, senón que foi un indicio diabólico e único do que había alén aqueloutras montañas do oeste, de cor violeta e coroadas por nubes axitadas, montañas que os Antigos evitaran e temeran. É moi probábel que todo iso fose unha pura ilusión nacida da tensión que padeceramos e do espellismo producido o día anterior preto do campamento de Lake, cando vimos, sen poder recoñecela, a cidade morta do outro lado do cordal, pero para Danforth foi tan real que aínda padece a súa influencia.

En raros momentos murmura frases incoherentes e carentes de sentido relativas a «a sima negra», «o bordo tallado», «os proto-shoggoths», «os corpos sólidos sen xanelas e de cinco dimensións», «o cilindro sen nome», «o Faro anterior», «Yog-sothoth», «a primixenia xelatina branca», «a cor chegada do espazo», «as ás», «os ollos da escuridade», «a escala lunar», «o orixinal, o eterno, o inmortal», e outras estrañas concepcións, pero cando recobra por completo o dominio de si mesmo, négao todo achacándoo ás súas estrañas e macabras lecturas de anos anteriores. Danforth é, efectivamente, un dos poucos que se atreveron a ler, da primeira á última, as páxinas roídas do exemplar do *Necronomicon* que se garda baixo chave na biblioteca da Universidade.

A grande altura, cando cruzamos o cordal, o ceo amosábase indubidabelmente corrompido por estraños vapores e enormemente perturbado e, aínda que non vin ben o cénit, podo imaxinar que os remuíños de po de xeo puideron chegar a adoptar estrañas formas. A imaxinación, sabedora do vivamente que as escenas distantes poden reflectirse, refractarse e ampliarse ás veces en tales capas de alborotadoras nubes, ben puido facer o resto e, naturalmente, Danforth non insinuou ningún destes horrores concretos até despois de que a súa memoria puido inspirarse en pasadas lecturas. Non é posíbel que lle fose dado ver tantas cousas con tan só unha ollada fugal.

Naquela altura todos os seus desvaríos non pasaban de repetir unha palabra única e insensata, de orixe máis que evidente:

«Tekeli-li, Tekeli-li.»



Título orixinal:
At the Mountains of Madness.

Licenza do texto orixinal:
Dominio Público
Licenza da tradución:
CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:
Tomás González Ahola
Revisión:
Raquel López Veleiro
Deseño de cuberta:
Denís Fernández Cabrera
Maquetación:
Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2010
1ª edición en ebook: 2020

Edita:
Urco Editora
R/do Avío 11, baixo
15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA *BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT*:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico
2. O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade
3. Nas montañas da loucura
4. A sombra sobre Innsmouth e O que asexa na escuridade
5. A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo
6. Fungos de Yuggoth. Poemas impíos
7. Contos do Ciclo do Soño
8. A procura soñada de Kadath a Descoñecida
9. O terror sobrenatural na literatura
10. Alén do muro do soño e outros contos macabros
11. Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes
12. As ratas nas paredes e outras historias de medo
13. A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais
14. O caso de Charles Dexter Ward
15. De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica

